



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 5

**Sesión plenaria**  
23 de abril de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-56HNSqz8w-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1.** Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da XI lexislatura o 26 de decembro de 2023.

### **Punto 2. Proposicións non de lei**

#### **2.1 425 (12/PNP-000008)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

#### **2.2 468 (12/PNP-000021)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Candia López, María Elena e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

#### **2.3 560 (12/PNP-000039)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha auditoría externa en relación coas contratacións de emerxencia do sector público autonómico derivadas da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

#### **2.4 804 (12/PNP-000071)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe impulsar en relación co desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

#### **2.5 874 (12/PNP-000079)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024



**2.6 1135 (12/PNP-000108)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e quince deputados/as máis**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa información que debe trasladar ao Parlamento de Galicia relativa aos concertos co Hospital Ribera Povisa, de Vigo, así como respecto das actuacións necesarias para cubrir por medio da rede pública a atención realizada por este centro

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 9, do 11.04.2024

**Punto 3. Interpelacións****3.1 566 (12/INT-000001)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**3.2 814 (12/INT-000023)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o modelo das políticas en materia de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**3.3 908 (12/INT-000029)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****4.1 1838 (12/POPX-000001)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial de Galicia na presente lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

**4.2 1841 (12/POPX-000002)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre medidas que vai adoptar o Goberno para a rexeneración democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024



## Punto 5. Preguntas ao Goberno

### 5.1 798 (12/POP-000089)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre o nivel de seguridade e de protección que ofrecen as sedes xudiciais galegas ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

### 5.2 857 (12/POP-000103)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do pacto de investidura entre o PSOE e o PNV para transferir ao País Vasco a xestión do seu litoral ao tempo que o Goberno central ten paralizada a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

### 5.3 776 (12/POP-000083)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a necesidade da construción dun pavillón cuberto no CEIP Ponte Sampaio para a práctica da actividade física do alumnado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

### 5.4 1827 (12/PUP-000007)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

### 5.5 742 (12/POP-000072)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego co obxectivo de que Galicia sexa incluída no Programa Viena, da Sareb, que prevé a construción de 3.500 vivendas para alugueiro accesible en dez comunidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

### 5.6 1622 (12/POP-000246)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago e Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024



**5.7 1170 (12/POP-000166)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.8 944 (12/POP-000127)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis**

Sobre a situación dos expedientes de solicitude das axudas dos ecorrécimes correspondentes á nova fase da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

**5.9 1837 (12/PUP-000009)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

### **Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun deputado.** (Punto preliminar da orde do día.)

*O señor presidente comunica que se incluíu na orde do día un punto preliminar referido á prestación de promesa ou xuramento dun novo deputado.* (Páx. 11.)

*Logo de prestar a promesa, don Argimiro Marnotes Fernández acada a condición plena de deputado do Parlamento de Galicia.* (Páx. 11.)

### **Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da XI lexislatura, o 26 de decembro de 2023.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica que no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 14, do 19 de abril de 2024, se publicou a resolución da Presidencia que dá conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da XI lexislatura, o 26 de decembro de 2023, así como do prazo do que dispoñen as deputadas, deputados e grupos parlamentarios para presentaren obxeccións contra a súa vixencia.* (Páx. 11.)

*O señor presidente informa as señoras e os señores deputados dos tempos de intervención dos grupos parlamentarios nas sesións do pleno e das comisións, así como do mecanismo das votacións. Informa así mesmo de que non está permitido tirar fotos no hemiciclo.* (Páx. 12.)

### **Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 12.)

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 14.)

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 16.) e Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 18.)

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 21.)

*A señora Arias Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 23.)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiros Guinarte (P).* (Páx. 25.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 29.) e *Sra. Fernández González (BNG).* (Páx. 32.)

*O señor Balseiros Guinarte (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 33.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e cinco deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dunha auditoría externa en relación coas contratacións de emerxencia do sector público autonómico derivadas da pandemia da covid-19.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 36.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 42.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 44.)

*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 47.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe impulsar en relación co desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática.** (Punto segundo da orde do día.)

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 49.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 54.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 54.)

*A señora Castro Rey (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 57.)



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 62.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Castro García (BNG). (Páx. 63.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 65.) e Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 68.)*

*O señor Abalde Alonso (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 71.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa información que debe trasladar ao Parlamento de Galicia relativa aos concertos co Hospital Ribera Povisa, de Vigo, así como respecto das actuacións necesarias para cubrir por medio da rede pública a atención realizada por este centro. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 73.)*

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 75.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 76.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 78.)*

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 81.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá: *aprobada por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións. (Páx. 83.)*

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo: *aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións. (Páx. 83.)*

Votación da proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e cinco deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dunha auditoría externa en relación coas contratacións de emerxencia do sector público autonómico derivadas da pandemia da covid-19: *rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 9 abstencións. (Páx. 83.)*





Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe impulsar en relación co desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática: *rexeitada por 10 votos a favor, 38 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

*O señor presidente comunica a solicitude de votación por puntos da señora Espinosa Mangana (S) na seguinte proposición non de lei, que non se acepta.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa información que debe trasladar ao Parlamento de Galicia relativa aos concertos co Hospital Ribera Povisa, de Vigo, así como respecto das actuacións necesarias para cubrir por medio da rede pública a atención realizada por este centro: *rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 84.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co Día Mundial do Lupus, que se aproba por asentimento.* (Páx. 85.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 90.)

Réplica do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 96.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro e D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 101.)

Réplica da autora: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 105.)



*A señora Longueira Castro (S) pide a palabra, con base no artigo 76 do Regulamento, para solicitar que se retire unha expresión empregada pola señora conselleira de Política Social e Igualdade. (Páx. 106.)*

*O señor presidente non acepta a solicitude. (Páx. 107.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda. (Punto terceiro da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 107.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 110.)*

*Réplica da autora: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 113.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 115.)*

*Antes de rematar esta sesión plenaria, o señor presidente comunica que ao día seguinte tomará posesión do seu cargo no Senado o señor Balseiro Orol (P), a quen lle concede a palabra. (Páx. 117.) O señor Balseiro Orol (P) intervén para despedirse e amosar o seu agradecemento por todos os anos ao servizo do Parlamento de Galicia. (Páx. 118.)*

*Suspéndese a sesión ás seis e dezanove minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias. E, sen máis, entramos na orde do día.

### ***Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun deputado***

**O señor PRESIDENTE:** Como punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado, don Argimiro Marnotes Fernández. Todo iso farémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 71.3 do Regulamento da Cámara, procedendo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía ao novo deputado. Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia. E prégoles que responda desde o escano á pregunta que lle imos formular.

Pómonos de pé, por favor.

Don Argimiro Marnotes Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

**O señor MARNOTES FERNÁNDEZ:** Si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo tanto, unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputado. Benvido ao Parlamento. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** O primeiro punto é o seguinte.

### ***Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara da XI lexislatura, o 26 de decembro de 2023***

**O señor PRESIDENTE:** Isto é conforme os artigos 57 e 59 do Regulamento.

Particípolles ás súas señorías que no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 14, do 19 de abril, se publican os asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da pasada lexislatura, o 26 de decembro de 2023. Subliño que tanto as deputadas e os deputados como os grupos parlamentarios poderán formular, de acordo co disposto no artigo 57 do Regulamento, obxeccións contra a vixencia dos devanditos acordos dentro dun prazo de quince días a partir do día da data. De se produciren, daráselle o trámite establecido no apartado 3 do referido artigo.



E entramos xa no desenrolo da orde do día, que serían as proposicións non de lei.

E antes, tres ou catro comentarios, porque iniciamos unha lexislatura e é bo, aínda que imaxino que todos vostedes xa coñecerán as informacións sobre o mecanismo de funcionamento no pleno e nas comisións. Algunhas podémolas recordar, por se a alguén non lle chegou.

O tempo de debate vai ser, por iniciativa, de oito minutos para o grupo que propón, que terá ademais tres minutos no turno de réplica. Os demais grupos non propoñentes terán un tempo de oito minutos.

No reloxo que teñen aquí verán que eu marco desde o principio os oito minutos. O reloxo vai en sentido decrecente. Entón, acenderase unha luz alaranxada, ou por aí doutra cor, nada que ver co verde que está; (*Murmurios.*) iso os vellos, claro, os que levan aquí tempo sábeno, pero os novos ao mellor hai que advertilos —todos fomos novos—, para que isto vaia ben. Entón, iso significa que falta un minuto aproximadamente para que se acabe o tempo. Eu, en todo caso, tamén avisarei de cando estea próximo a acabar o tempo.

As votacións faranse por avisos acústicos, tres veces; isto será para votar. Como saben —isto foi acordo de todos os grupos—, votamos todas as proposicións non de lei xuntas, todas as mocións se van votar tamén xuntas e os textos lexislativos, se os houbera, tamén se votarían xuntos.

Eu farei un sinal cos tres toques, que é cando se pode xa empezar a votar. Non se pode entrar unha vez que se estea votando. (*Murmurios.*) E como hoxe é a primeira vez, hoxe imos votar aproximadamente ao redor das dúas; para que estean atentos para isto.

E, por último, dentro do hemiciclo, entre os deputados, non está permitido facer fotos. Entón, isto é conveniente que o teñamos tamén en conta.

Como ven, iremos... Algunhas máis xa as irán collendo vostedes. Ben, entrenamento non teñen, pero rápido se colle aquí.

Empezamos, polo tanto. E sorte neste inicio desta lexislatura.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



### Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender a rede de atención temperá, de xeito planificado, durante esta lexislatura, presentando anualmente ante a Cámara galega o desenvolvemento de unidades do ano correspondente, dando prioridade ás zonas desprovistas do servizo na actualidade.
2. Prestar, o servizo das unidades, tanto de nova creación como das existentes, reestruturando o protocolo de actuacións de cara ás familias e persoas usuarias; a través do Concerto Social e realizando a devandita atención temperá coas entidades e asociacións sen ánimo de lucro do eido da discapacidade que o soliciten, así como coas entidades locais municipais; dotando aos equipos co orzamento económico consensuado e planificado; co consecuente aumento de horas de atención.
3. Fixar a ratio de atención nos límites acordados pola Asociación Galega de Atención Temperá onde cada profesional que conforma a unidade de atención non deberá atender a mais de 20 nenas e nenos en tratamento continuado e 5 nenas e nenos en seguimento.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

### Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear no organigrama da Consellaría de Política Social e Igualdade un servizo específico encargado da xestión da Rede galega de atención temperá.

Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a definir un Plan de mellora da Rede galega de atención temperá, en diálogo coa Fegamp e coa colaboración técnica da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), que abordará, como mínimo, as seguintes medidas:

1. Criterios de planificación da Rede co obxectivo de programar a súa ampliación atendendo en primeiro lugar aquelas zonas que actualmente non dispoñen de servizo xunto con aquelas que posúen unha maior demanda real e potencial do mesmo.
2. Dotar de maior estabilidade os servizos que integran a Rede galega de atención temperá a través do establecemento dunha rateo de persoal/ persoas usuarias que garanta a máxima calidade asistencial así como unha Orde de Acreditación dos servizos sociais comunitarios específicos de Atención Temperá co obxectivo de evitar as desigualdades existentes na actualidade entre uns servizos e outros a respecto das instalacións, dos medios materiais, as rateos de persoal e os horarios de atención.
3. Diseñar un novo sistema de financiamento para a Rede galega de atención temperá asumindo o Goberno galego o sostemento e xestión deste servizo.»)



**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, unha Galicia pensada por e para os galegos. Ese é o obxectivo do Goberno de Alfonso Rueda, un goberno que vén de obter o apoio de un de cada dous galegos e que adica máis do 80 por cento do orzamento para este ano ás persoas: educación, sanidade, política social e emprego.

Para as políticas sociais a Xunta adica este ano 1.200.000 euros, que é o investimento meirande da historia da nosa Comunidade, o que supón un 12 por cento máis que o ano pasado e case o triplo do que se adicaba para este ámbito no ano 2009 polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.

Unha proba máis da impronta que Alfonso Rueda lles quere dar ás persoas, e aquelas persoas que máis o necesitan, é precisamente que esta primeira iniciativa que se debate nesta lexislatura, a proposta do Partido Popular, é para falar das familias, en concreto das familias que máis o necesitan, que teñen os seus nenos con dificultades para o seu desenvolvemento ou en risco de padecelas e que necesitan atención temperá.

No ano 2009, cando o Partido Popular chegou á Xunta de Galicia, había en Galicia dúas unidades de atención temperá, que atendían quince concellos e cento sesenta nenos. Na actualidade a Xunta de Galicia conta con corenta e seis unidades de atención temperá, espalladas por douscentos concellos e que atenden preto de cinco mil nenos.

Pero, tal e como recolle o programa electoral de Alfonso Rueda, co cal se presentou a estas eleccións, mentres non estean atendidos todos os nenos que o necesiten, e o estean ademais preto das súas casas, non nos conformaremos. Por iso, a través da iniciativa que hoxe presentamos pedimos que a Xunta poña en marcha novas unidades de atención temperá.

O documento de referencia a nivel estatal para a atención temperá é o Libro branco, elaborado no ano 2000 pola Federación Estatal de Asociacións de Profesionais de Atención Temperá e que contou con sucesivas actualizacións. O Libro branco define a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, pero tamén á súa familia e á súa contorna, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. A clave está na palabra «temperá», porque, canto máis axiña se detecten as posibles dificultades, mellores resultados se poden obter da atención profesional.

De acordo co Libro branco, nos servizos de atención temperá ofrécese unha atención especializada e multidisciplinar e as actuacións teñen un carácter multidimensional e biopsicosocial, que favorece a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e tamén da inclusión social.





Para mellorar as prestacións, a Xunta de Galicia crea no ano 2013 a Rede galega de atención temperá, coa idea de pór en marcha un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais.

Esta rede dispón duns equipos profesionais que, dependendo do diagnóstico realizado, abordarán o caso dende unha ou outra especialidade do equipo, procurando unha complementariedade das medidas a levar a cabo por cada departamento e garantindo en todo caso un modelo único de intervención. No servizo de pediatría correspondente farán o diagnóstico previo, en función do cal derivarán a familia á unidade de atención temperá máis axeitada para cada caso.

O Goberno galego adica neste ano 2024 oito millóns de euros a consolidar a Rede galega de atención temperá, un 60 por cento máis que no ano anterior; un esforzo orzamentario continuado que se ve reflectido na atención aos nenos con necesidades. E, como dicía, de dúas unidades pasamos agora mesmo a corenta e seis. De quince concellos que se atendían no Bipartito pasamos a douscentos. E desas unidades que temos en marcha e que atenden preto de cinco mil nenos, corenta e unha están xestionadas por entidades locais e catro pola Asociación Galega de Atención Temperá, que son a de Bergantiños, dúas no Salnés e a do Deza.

Quero destacar neste momento que todos os concellos que solicitaron esta unidade contan con ela e que a Xunta se fai cargo do 100 por cento das horas de atención. (*Aplausos.*)

Polo tanto, incremento de orzamento, incremento de unidades, incremento de atención, incremento de facilidades para que todos os concellos que o soliciten teñan menos problemas administrativos.

Dende o ano pasado a orde é bianual.

E dicir que, ademais destas unidades das que eu lles falaba, dependentes de Política Social, contamos tamén con unidades de atención no ámbito educativo cando así se require e o Sergas conta con unidades de atención temperá en todas as áreas sanitarias.

Así mesmo, é necesario tamén recoñecer neste punto as grandes achegas que fan tanto as asociacións de profesionais como as de pais.

Todo isto lévame a concluír cunhas palabras recollidas pola conselleira de Política Social, Fabiola García, o pasado mes de xaneiro na inauguración da I Xornada de Profesionais de Atención Temperá de Galicia, cando dicía: «As familias galegas contan hoxe con máis facilidades que nunca para acceder aos servizos de atención temperá e para facelo preto das súas casas, o que, ademais, fomenta a igualdade entre todos os galegos, independentemente de onde vivan».

Por suposto, non estamos falando de triunfalismo e, por suposto, non nos damos por satisfeitos, porque mentres exista un neno con dificultades e non poida ser atendido ou non poida facerse preto da súa casa non nos daremos por satisfeitos.



Por iso, hoxe pedimos que o Parlamento inste a Xunta de Galicia a seguir estendendo a Rede de unidades de atención temperá para que chegue a máis concellos, co fin de seguir incrementando a presenza territorial das unidades, de evitar gastos e desprazamentos ás familias e de reducir a lista de agarda.

Espero contar co apoio de todos vostedes para unha medida que beneficiará a todos os galegos e as galegas que teñan nenos con necesidades de atención temperá.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas.

Moi bos días, presidente, Mesa, señorías.

Para o PSdeG é grato saber que o Partido Popular pon a súa atención na Rede galega de atención temperá; por certo, creada por Emilio Pérez Touriño no ano 2009, con dúas unidades. É dicir, nunca antes nos gobernos do Partido Popular se deran conta de que había que crear unidades de atención temperá. (*Aplausos.*) E, evidentemente, durante estes anos, ¿que máis que facelas crecer? Porque xa estaba aí o xermolo e había que seguir adiante.

É unha boa nova que teñan en conta que a prontitude na detección de problemas no desenvolvemento fai viable corrixilos e actuar con maior eficacia nos neonatos e que esa detección a través da ponte sociosanitaria, que non se articula tal e como vén sendo habitual, teña unha implantación no territorio galego de xeito equitativo. Pero saben que esa proposta que traen aquí hoxe de estender a Rede de atención non deixa de ser unha declaración de intencións. A atención temperá ten a súa complexidade —como algo explicou a señora Raquel Arias— e unhas condicións determinadas para que sexa eficaz cos neonatos e as súas familias.

Nin no PSdeG nin no sector da discapacidade están de acordo coa praxe e co modelo de atención temperá que desenvolve a Xunta de Galicia. Por un lado, nas cidades como Pontevedra, Vigo, Lugo, A Coruña, Ferrol, Santiago e Ourense —que, por certo, está desertizada con respecto á implantación no territorio—, é o Sergas, a través dos diferentes hospitais, o que realiza este servizo de atención. Non teñen unha prestación dos servizos comunitarios, tal e como demandan desde hai moitos anos as asociacións, polo cal deixan desprovistas de todo o apoio as familias, que afrontan situacións cos seus fillos difíciles de solventar e que non saben encaixalo emocionalmente.

En canto ás asociacións do sector e aos técnicos, solicítanlle en cada reunión o cambio de modelo, que ten que ver tamén coa atención a través dos equipos multidisciplinares que antes vostede mencionou e que abrangue a psicólogos, fisioterapeutas, foniatras, terapeutas ocupacionais, educadores sociais, traballadoras sociais, etc., que son quen construírán as





ferramentas para avanzar ante os problemas que xa están aí. Piden que a atención non estea circunscrita a unha hora semanal, tempo insuficiente a todas luces, que impide completar a intervención plantexada para cada caso. O feito de adxudicar unha hora de intervención para todos os casos de atención é un erro estrutural que vai en contra dos seus fundamentos específicos. As casuísticas son diversas e resulta un dislate unificar a prestación, sexa cal sexa o problema de desenvolvemento do pequeno.

Ao abeiro dos concellos, vostedes estruturan as unidades de atención temperá, licitando en moitos casos con entidades con fins de lucro e obviando que o sector da discapacidade está profesionalizado e capacitado para que poidan ofrecer esta atención, construíndo a ponte sociosanitaria e dando o apoio continuado tanto ás nenas e nenos como ás súas familias; familias que, por certo, se ven abocadas a unha indefensión, xa que a educación de nenas e nenos con problemas de desenvolvemento afecta o ámbito educativo, familiar e social. E saben que é necesario actuar a través de programas formativos e de acompañamento nas diferentes casuísticas. Os profesionais demandan unha extensión da atención temperá ao ámbito educativo a través da sensibilización e formación, que suporía non só acadar melloras nos problemas de desenvolvemento infantil, senón tamén algo que, ao noso parecer, supón un apoio contrastado para a prevención dos casos de acoso escolar tanto nas aulas como na contorna social.

Resumindo, para o PSdeG e para as asociacións de referencia, traballaremos nun sistema de atención temperá no que se deba: primeiro, desenvolver un programa deseñado para as escolas tanto na contorna do ensino en xeral como no da aula, sensibilizando e aportando información sobre os problemas de desenvolvemento; prestar atención ás familias para propiciar que esta situación poida ser entendida no seo familiar e para darlle ferramentas para afrontalo; vertebrar unha extensión cara aos tratamentos con fisioterapeutas, logopedas e demais profesionais; e habilitar unha atención individualizada, cumprindo coas ratios acordadas polas asociacións de atención temperá e procurando sempre un entendemento coa familia.

Estas necesidades deberían ser corrixidas tanto nas unidades actuais como naquelas que, segundo manifesta o Partido Popular, van estender por Galicia. De non ser así, poderíamos estar diante dun estereotipo que consiste en contabilizar unidades de atención a modo de *checklist* e que ao final do percorrido apenas elaborasen diagnoses, dando unha paupérrima atención a unha poboación que enfrenta en solitude unha situación que será determinante no seu modo de vida, tendo en conta que o 10 por cento dos nenos e nenas presentan problemas de desenvolvemento ao nacer.

Non se trata só de construír unidades de atención temperá — máis que necesarias, por certo —, trátase de escoitar os profesionais e as familias, que levan tempo solicitando cambiar de modelo sobre o particular, xa que poderíamos estar ante un caso de dar por suposto que atenden unha demanda e que, no fondo, pasan con lixeireza sobre a resolución dos problemas. As asociacións solicitan unha especialización dentro do eido de atención temperá, e nesta especialización está o intervalo — como ben apuntou — de 0 a 6 anos, mais tamén terán que afrontar o que levan tempo demandando, que é ese acompañamento ata o fin da idade escolar, moi necesario nalgúns casos.



E, por último, e non menos importante: desde o PSdeG solicitamos que presente ante esta Cámara cal será o seu plan anual de implementación das novas unidades. Entendemos que en catro anos poden acadar un número significativo, dando prioridade a aquelas zonas que estean nun claro déficit de servizos, pero tamén nos preguntamos se serán capaces de facelo. Esta implementación que traen na súa proposta farase cos fondos sociais europeos + Galicia 2021-2027. No último exercicio deixaron de investir 1 de cada 4 euros que lles foron concedidos, o 25 por cento do orzamento. Ese 25 por cento daría resposta en boa medida a todas as demandas que lle están a facer as asociacións de atención temperá.

Así pois, estando de acordo en que é un deber e unha necesidade incrementar a Rede de atención temperá, o PSdeG-PSOE propón a seguinte emenda de modificación: «O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender a Rede de atención temperá de xeito planificado durante esta lexislatura, presentando anualmente ante a Cámara galega o desenvolvemento de unidades do ano correspondente e dando prioridade ás zonas desprovistas do servizo na actualidade.
2. Prestar o servizo das unidades tanto de nova creación como das existentes, reestruturando o protocolo de actuacións de cara ás familias e persoas usuarias a través do concerto social e realizando a devandita atención temperá coas entidades e asociacións sen ánimo de lucro no eido da discapacidade que o soliciten, así como coas entidades locais e municipais, dotando os equipos co orzamento económico consensuado e planificado co consecuente aumento de horas de atención.

E, por último, fixar a ratio de atención nos límites acordados pola Asociación Galega de Atención Temperá, onde cada profesional que conforma a unidade de atención non deberá atender máis de 20 nenas e nenos en tratamento continuado e 5 nenas e nenos en seguimento.

Espero que poidamos chegar a un acordo, porque, como dixen ao inicio desta intervención, foi o camiño que puxemos en marcha no ano 2009 con esas dúas unidades, que afortunadamente hoxe creceron, pero creceron fóra dun protocolo, co que non están de acordo as familias e as asociacións.

Moitísimas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Longueira.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós coincidimos con algo que dicía o Partido Popular na súa intervención, que é coa necesidade de ampliar esa cobertura que hoxe teñen os servizos de atención temperá que están vinculados



aos servizos sociocomunitarios, co obxectivo de darlle cobertura a unha poboación diana ou que potencialmente pode ser usuaria, que se cifra nun 10 por cento da poboación que existe hoxe no noso país entre 0-6 anos. Coincidimos, e por iso o BNG —lembrará a señora Arias e algunhas das súas señorías— impulsou en decembro de 2021 un acordo nesta Cámara, na Comisión 5ª, precisamente nesa dirección, instando a Xunta de Galiza a planificar unha ampliación desa rede, co obxectivo de implantar eses servizos de atención comunitaria, especialmente naqueles concellos que hoxe non dispoñan deles ou naqueloutros que tivesen unha lista de agarda importante, como era no seu momento o Salnés ou como seguen a ser outros concellos e outras comarcas —agora falarei deles—. E pediamos, ademais, que esa ampliación estivese debidamente orzada e calendarizada.

Por iso nós hoxe, vendo esta proposición non de lei que trae a debate o Partido Popular, coincidimos no obxectivo de que nos parece claramente insuficiente, porque é basicamente o que aprobou esta Cámara, a impulso, a iniciativa do BNG —insisto—, en decembro de 2021. Ese acordo, efectivamente, tivo os seus froitos, os seus resultados, na convocatoria 2022-2024: modificouse o sistema de financiamento, a orde de subvencións pasou a ser bianual e deulles —se quere— máis estabilidade a eses servizos de carácter municipal, pero nós insistimos no BNG —dixémolo daquela e seguímolo dicindo hoxe, e dío a Asociación Galega de Atención Temperá— en que hai que ir a outro modelo de financiamento e de xestión deste servizo.

Cremos, insisto, que é claramente insuficiente o que trae hoxe aquí o Partido Popular, e na nosa emenda intentamos acrecentar aquelas cuestións que nos parecen de urxencia. E de urxencia son tres —que é un pouco arredor do que xiran as propostas do BNG—. Unha é que necesitamos dotar dunha planificación, por parte do Goberno da Xunta de Galiza —que é quen ten as competencias, hai que lembralo, en servizos sociais e na atención temperá especialmente—, e necesitamos que sexa a Xunta de Galiza —a través da Consellería de Política Social, propoñemos nós, pero aí está involucrada tamén a de Educación ou a de Sanidade—, ou que sexa a consellería competente da Xunta de Galiza, quen, a través dun servizo específico, atenda esta rede, quen planifique e xestione a Rede galega de atención temperá. Porque darlle fisioterapia respiratoria a unha nena ou a un neno de entre 0-6 anos non é unha competencia dun concello; non é unha competencia municipal asegurar que tes fisioterapia respiratoria nunha nena ou neno menor de 6 anos. Hai que dotar de estabilidade orzamentaria —si—, pero tamén laboral o persoal que atende estes servizos.

E hoxe o que vemos é unha inestabilidade brutal precisamente por como se organiza, por como se xestiona, poñéndoo en mans do concello e sobre todo por como se financia. Eu póñolles un exemplo, que coñecerán —e a señora Arias tamén, que é da provincia de Lugo—. O Concello de Sarria na última licitación sacou a concurso catro veces o servizo. Tombárono nos tribunais, presentaron recursos, non se presentou ninguén. E, insisto, porque non lle corresponde, a través dun réxime de subvencións, a un concello garantir que unha nena ou un neno que ten trastornos no desenvolvemento reciba logopedia, reciba fisioterapia ou outros servizos dos que estamos a falar en materia de atención temperá.

E, en terceiro lugar, hai que homoxeneizar o propio servizo que se presta, porque o que hai é unha inequidade e unha diferenza brutal en función do concello no que vivan as nenas e



os nenos que necesitan deste servizo. Eu póñolle simplemente algúns exemplos. Falaba a señora Arias de que canto antes se atenda, se detecte un caso, canto antes se poñan os recursos, máis benestar e mellores condicións de vida van ter eses nenos. ¿Saben cal é o tempo que ten que agardar unha nena ou un neno da comarca de Bergantiños para acceder ao Servizo de Atención Temperá? Un ano; 239,15 días. Entran con 3 anos, aténdenos en Carballo. Hai unha lista de espera que era maior. Creouse o servizo da Laracha co obxectivo de desconxestionar, e o que vemos é que nin sequera así se consegue aliviar esa lista de espera, que vai en contra dos dereitos fundamentais das nenas e dos nenos que reciben estes tratamentos, que, insisto, pretenden nalgúns casos permitir que teñan as mellores condicións de vida, autonomía persoal nun futuro e a mellor calidade de vida. Se temos un país que queremos que sexa o mellor para nacer e o mellor para vivir, o que ten que poñer a Xunta de Galiza son os recursos necesarios para garantir eses dereitos a persoas extremadamente vulnerables, (*Aplausos.*) porque falamos de nenas menores de 6 anos.

Hai unha lista de agarda de 31 persoas. Rematou así o 2023 na de Bergantiños; e 45 familias, nenas e nenos esperando para ser atendidas no Baixo Miño, simplemente por poñerlles algúns exemplos.

E logo temos esa cobertura territorial da que falaba a señora Arias: 46 servizos de atención temperá para unha cobertura de 200 concellos; 46 servizos para cubrir un territorio de 200 concellos. E vemos situacións esperpénticas —eu coñezoa por ser, ademais, a miña zona—. O que atende o concello de Mondoñedo presta servizo a Barreiros, Abadín, Lourenzá, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Meira e Pol. Ese criterio de proximidade e accesibilidade aos servizos públicos, se falamos de menores de 6 anos, non se atende coa realidade do despregamento que existe hoxe no noso país. Hai que ampliar a Rede con criterios que garantan o acceso e esa proximidade para dar tamén unha resposta moito máis garantista e para atender mellor ás persoas que o necesitan, aproximando o servizo á poboación á que atenden.

Nós presentamos, con eses obxectivos dos que falaba antes, unha emenda de substitución para, efectivamente, pular pola ampliación desa rede, crear máis servizos e priorizar aqueles que non teñen hoxe atención temperá sociocomunitaria, aqueloutros como Bergantiños ou como O Baixo Miño, que teñen unha lista de agarda insostible. Non podes ter persoas agardando máis dun ano para acceder a un servizo no que, como dicía a señora Arias, «canto antes entres, mellor calidade de vida che garantirá».

Pero queremos ir máis alá porque isto é insuficiente. Queremos que se faga, ademais, en diálogo, coa Fegamp, que é a que representa os concellos e a que está agora mesmo xestionando o servizo, e coa Asociación Galega de Atención Temperá, que congrega tamén as profesionais neste ámbito, e queremos que se implante ou que se acorde un plan de mellora desa Rede galega de atención temperá con tres criterios, fundamentalmente.

Esa ampliación do servizo —como dicía—, priorizando onde non o hai ou onde hai unha saturación do mesmo; dotar de maior estabilidade os propios servizos que integran esa Rede galega de atención temperá, establecendo unha ratio de persoal/ persoas usuarias acorde coa calidade da asistencia que teñen que recibir esas nenas e nenos, porque se ti tes saturación e tes unha logopedista para atender a 46 ou 47, non vas prestarlles unha atención



de calidade como a que merecen e necesitan; e logo homoxeneizar o servizo en todos os concellos, que haxa unha orde de acreditación dos servizos de atención temperá para que sexa homologábel o que recibe a xente que vive na comarca de Meira co que recibe na comarca do Salnés; e acabar con esas desigualdades que actualmente hai nas instalacións, nos medios materiais, nas ratios —como dicía— de persoal ou nos horarios, como se falaba anteriormente, de atención.

E despois hai que abordar a reforma da propia Rede, que a Xunta de Galiza —insisto, e con isto remato— asuma as súas competencias. Un concello non ten que prestar un servizo de atención temperá que ten un cariz sanitario —brutal, en moitos casos— ou de pedagogía que lles compete a outras áreas, pero non, en ningún caso, a un concello. Por iso, hai que ir a un modelo de sostemento económico e de xestión diferente. A empezar pola propia estrutura da Xunta de Galiza, que agora se está remodelando e reconfigurando, para que inclúa un servizo específico que atenda a esta rede, como levan demandando tantos e tantos anos os propios profesionais e as familias.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Sáudos, señorías. Saúdo especial ao compañeiro que tomou posesión hoxe, que, por certo, é da nosa provincia de Ourense, da comarca do Ocellón.

Efectivamente, estamos de acordo con que este servizo é un servizo fundamental, por motivos obvios, non só para incrementar o benestar e a calidade de vida dos nenos afectados e das súas familias, senón porque en moitos casos contribúe a evitar problemas sociais futuros que moitas veces derivan de que certos trastornos da infancia non sexan tomados en conta e non sexan considerados na súa debida importancia, e que, ao mellor, a longo prazo xera outra clase de problemas que aos servizos públicos lles custa máis solucionar.

Entón, entendemos que é un servizo fundamental, é un servizo moi heteroxéneo, falouse moito da multidisciplinabilidade do tema. En esencia, estamos totalmente de acordo co contido da moción inicial do Partido Popular. Iso si, fariamos fincapé en que a ampliación non debe ser soamente xeográfica —que si— senón que debe ser tamén unha ampliación na clase de servizos que se prestan, porque iso inclúe unha gran heteroxeneidade de problemáticas, que van dende o ámbito médico —como se acaba de dicir— a ámbitos que afectan a psicoloxía dos nenos, a cognitividade, a súa relación social e a súa capacidade de adaptación.

Tendo en conta que vivimos nun contorno cada vez máis artificializado, eu estou seguro de que aos nenos lles custa cada vez máis adaptarse ao mundo que estamos construíndo, porque veñen coa súa carga de instintos naturais e cada vez máis os nenos atópanse nuns contornos





máis artificiais e alonxados do natural, o que é normal en moitísimos deles; a min sorprendeume esta cifra do 10 por cento, non a coñecía, pero probablemente se incrementa no futuro, e van ser necesarias estas intervencións dende o ámbito público para que os nenos se adapten. Non ten por que ser necesariamente unha cousa patolóxica. A min ata me parece normal que a un neno que naza con todas as condicións naturais normais lle custe adaptarse cada vez máis a este mundo, canto máis se nace con algún tipo de patoloxía dos múltiples tipos que se tratan nestas cuestións.

Gustoume a intervención do Partido Socialista, por varios aspectos, pero, en concreto, porque recoñeceu que a provincia de Ourense se atopa «desertizada» —foi o cualificativo que empregou— nesta clase de cuestións. Efectivamente, hai que ampliálo a moitas zonas, pero a provincia de Ourense está especialmente «desertizada», tal e como recoñeceu o Partido Socialista, nesta clase de servizos. Polo tanto, na súa emenda propón que se lles dea prioridade ás zonas menos favorecidas por estes servizos, e, polo tanto, esa emenda gústame máis nese sentido que a inicial.

Tamén me gusta, entre outras cousas, o que dixo o Bloque de descargar dos concellos este servizo. En realidade, a Xunta de Galicia ten que empezar a pensar en descargar dos concellos, non soamente este servizo, senón moitos outros. Hai unha tendencia dos gobernos autonómicos a descargar nos concellos competencias que lles son, en principio, impropias, ás que non se lles dá financiamento, ás que non se lles dá recursos. Entón, neste caso concreto, xa por particularizar, efectivamente, a Xunta de Galicia debería facer un esforzo, ao mellor debería incrementar o orzamento para esta clase de servizos.

Falaba antes de que non soamente importa a ampliación xeográfica senón tamén a ampliación na categoría dos servizos e tamén a ampliación temporal —polo que tamén se dixo—. Parece demasiado burocratizante asignar por defecto unha hora a un neno, con independencia de cal sexa o seu problema; efectivamente, debería serse sensible a esta cuestión. Efectivamente, ás veces fará falta unha hora, ás veces máis, ás veces menos, será unha cuestión a tratar, a criterio dos profesionais, que para iso saben do asunto.

Volvo dicir que, claro, como son de moi diverso tipo os tratamentos que se toman en consideración, ás veces, unhas asociacións que non teñen por que pertencer ao ámbito público serán capaces de facelo, pero, ás veces, efectivamente, farán falta servizos especializados da sanidade pública, etc., etc.

En realidade, eu penso que no esencial estamos todo o mundo de acordo. As emendas pois melloran, pero claro, son propostas, son boas intencións. Xa sabemos o que pasa coas boas intencións, que son as pedras do inferno, como dicía aquel famoso escritor; debemos convertelas en realidade.

Entón, en principio, esperemos que non sexa un brindado ao sol. Estamos dispostos a apoiar tanto a moción inicial, sempre e cando se levase a cabo na realidade o que se propón, e, dende logo, entendo tamén que as emendas melloran a proposición inicial, polo que tamén as apoiariamos. Agora que a cuestión é que na realidade chegue a facerse iso.



Volvo facer especial énfase na provincia que me trouxo aquí, na provincia de Ourense, que está pois discriminada en tantos aspectos, tal e como recoñeceu hoxe o propio Partido Socialista, e neste caso concreto, pois tamén.

Nada máis, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Ben, o señor Ojea vén hoxe ecléctico, parécenos moi ben, gústalle o de todos e iso está ben. Dixo cousas coas que si estamos de acordo e agradecemos tamén ese apoio á iniciativa.

Respecto do PSOE, falaba aquí de declaración de intencións e o BNG falaba de insuficientes servizos. Pois ben, nós o que imos falar é de feitos, e os feitos din: Bloque-PSOE, 2 unidades de atención temperá, 160 nenos atendidos; Partido Popular, 46 unidades de atención temperá, preto de 5.000 nenos atendidos. Eses son os feitos. (*Aplausos.*) Ademais, todos os concellos que o soliciten teñen unidades de atención temperá.

E eu a quen non acabei de entender hoxe moi ben —e é raro, porque a verdade é que normalmente enténdeselle moi ben— é á señora Rodil, porque, por un lado, di que hai que falar cos concellos, e, por outro lado, di que os concellos non poden ter nada que ver con isto. Por un lado, reclaman sempre competencias con financiamento e agora que teñen unha competencia compartida, pero co 100 por cento do financiamento da Xunta, tampouco lles parece ben.

Non lles parece ben que haxa unha unidade en Mondoñedo que acolla moitos concellos, pero esa unidade ten cero agarda e eses concellos fóronse sumando voluntariamente, porque lles gustaba o tratamento que alí se daba. Por certo, quero aproveitar dende aquí para agradecer —como xa dixen na miña primeira intervención— a todos os equipos e tamén a todas as asociacións e pais que traballamos xuntos para lograr un mellor servizo.

Miren, os feitos son que un concello do Partido Popular como o de Mos foi o último en poñer en marcha unha unidade de atención temperá. Outro concello do PSOE como é o de Monforte de Lemos négase a poñela a pesar de que o señor Tomé ten mil sinaturas encima da mesa reclamándolla. E ¿que lles pasa aos nenos que teñen necesidades en Monforte? Que ou ben van a outro municipio ou quedan sen atender, a pesar de que a Xunta lle ofrece un financiamento 100 por cento gratis.

Así é como traballan uns, os do Partido Popular, e así é como falan outros, os que se din progresistas e os que se din sociais. Os que se din progresistas e se din sociais aquí votaron en contra da gratuidade das escolas infantís, da posta en marcha das casas niño e das casas do maior. Mentres, dende o Partido Popular, o Goberno de Alfonso Rueda acaba de aprobar onte as medidas para ser a única comunidade de Galicia coa atención escolar gratuítas, é dicir, coa educación gratuítas dende o anos ata que se acaba na universidade. (*Aplausos.*)



Miren, o Partido Popular, o noso presidente, de todos os galegos, Alfonso Rueda, falaba da universidade e dixo que a poría gratuíta e que poría tamén as prazas de atención aos dependentes en residencias e centros de día. Dixo: «mil prazas nos cen primeiros días». Aí están as mil prazas. Onte mesmo aprobáronse 166 novas prazas, 20 novas casas do maior e 8 novas casas niño.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RORÍGUEZ:** Mentres, ¿que fai o socialista Pedro Sánchez? Mentres dende Galicia se fai, dende Madrid incúmprese a lei co apoio do PSOE e do Bloque, que nos deben o 50 por cento do financiamento que nos tiñan que aportar á Lei de dependencia. 2.500 millóns de euros que os socialistas, co apoio do Bloque, lles deben a todos os galegos dependentes, 2.500 millóns de euros que deixamos de ingresar para atender aos servizos aos dependentes.

Con vostedes ou sen vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** ¿As emendas?

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...seguiremos traballando polos dependentes, seguiremos traballando por todos os galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre as emendas?, ¿sobre as emendas?

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Mantemos o texto orixinal.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*





«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se realice unha campaña de información, ante o descoñecemento do que supón a aplicación do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, así como habilitar espazos e persoal para o trámite necesario para os procesos de regularización que precisen para o seu rexistro, sen que este proceso leve aparelado ningún requisito adicional máis que a simple comunicación.»).

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra o señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Moitas grazas, señor presidente.

Membros da mesa, señoras e señores deputados, moi bo día a todos.

Señorías, como saben, nestas últimas semanas andan os galiñeiros alborotados; si, alborotados. E non é que tivese entrado o raposo, a donicela ou o furón neles, non; o inquietante cacarexar dos polos e das galiñas débese —cousa rara— unha vez máis á equivocada acción do home, do home que legisla, do home que ten as competencias e a capacidade de tomar decisións e —como vén sendo habitual ultimamente— de tomar esas decisións á custa da realidade social e á custa das peculiaridades dos distintos territorios que conforman o Estado español. En concreto, señorías, neste caso, e unha vez máis, prexudicando con superior intensidade a nosa comunidade autónoma de Galicia polas razóns que máis adiante explicaremos.

Si, señorías, como xa terán adivinado, estoume referindo ao negativo impacto e ás nefastas consecuencias que trouxo consigo a aprobación polo Goberno central do Real decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación de granxas avícolas, que inclúe no seu ámbito de aplicación as pequenas explotacións de autoconsumo. En concreto, o citado decreto, no seu artigo 16.5, determina literalmente que: *«Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), están obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro General de Explotaciones Ganaderas»*.

¿E que son as explotacións de autoconsumo? Pois, como o seu propio nome indica, son todas aquelas explotacións dedicadas ao autoconsumo e que teñan como máximo 0,15 UGM de animais. Para que todos o entendan ou traducido a román paladino: son explotacións de autoconsumo aqueles currais familiares que crían aves para o propio consumo de carne e ovos e non comercializan con estes produtos, e que segundo a táboa de equivalencias o número máximo de UGM equivale a un máximo de trinta galiñas poñedoras ou a cincuenta polos de engorde para carne, ou ben calquera outra combinación mixta que non supere a capacidade máxima de UGM por cada explotación ou curral.

Pois ben, señoras e señores deputados, feitas estas case innecesarias aclaracións, cómpre necesariamente aclarar as nefastas consecuencias ás que nos referiamos ao principio desta intervención.

O feito de incluír estas pequenas explotacións de autoconsumo obrigatoriamente no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras ocasionalles aos seus titulares, maioritariamente habitantes das aldeas do noso rural, en moitos casos persoas maiores, innecesarios trastornos e trámites que supoñen



para eles unha maior carga burocrática: cubrir papeis, documentos identificativos, viaxes ás oficinas agrarias e, ¿por que non?, tamén desconfianza da xente. Seguro que teñen escoitado: «Xa verás, isto é para controlar a nosa facenda», ou tamén: «Isto é para poñernos un imposto ás galiñas», ou: «O que queren é que non produzan nada nas casas para que teñamos que comprar todo nos supermercados». É normal, señorías; teñen razón de ser preventivos. Os donos dos galiñeiros teñen desconfianza do raposo ou doutros individuos con identificada tendencia a coarse nos currais e usurparlles en todo ou en parte os seus prezados e traballados bens.

Como tamén saben todos vostedes, señorías, a Xunta de Galicia fixo os deberes desde o primeiro minuto. Cónstanos que en canto se tivo coñecemento do borrador deste real decreto se intentou facer entrar en razón o Goberno do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para facerlle ver o grave erro de obrigar estas pequenas explotacións de autoconsumo a rexistrarse, e non só pola complexidade no seu cumprimento, senón tamén pola ineficacia ou o nulo resultado do seu cumprimento.

En canto á complexidade, fíxoselles contar que na nosa comunidade podería haber ducias de miles de currais nesa situación. Tildáronos de exaxerados. Iso podía levar ao colapso dos servizos administrativos das oficinas agrarias e doutros departamentos, que, en vez de estar con outras cousas xa en vigor e de maior proveito para os veciños, terían que revisar todas e cada unha desas ducias de miles de solicitudes e recabar a documentación que faltase, asesorar os titulares das explotacións e logo dar de alta cada un deses miles de solicitudes no rexistro correspondente.

Trasladóuselle tamén ao MAPA a realidade da nosa Galicia: amplo territorio, moi ruralizado, moi diseminado, persoas titulares de idade avanzada, posible desistimento por aburrimiento, carga burocrática, abandono do rural.

E polo que respecta á ineficacia desa medida obrigatoria, tamén se lle trasladou ao Goberno do Estado o inxente volume de explotacións que habería en Galicia e a súa volatilidade; outra vez exaxerados. A volatilidade é porque algunhas das explotacións só teñen animais uns meses ao ano, e outras van deixando de criar por enfermidade ou por motivos persoais ou familiares.

Podería darse o caso logo moi facilmente de que as consultas que se fixeran en determinado momento, o resultado non coincidise coa realidade das explotacións, é dicir, nulo resultado. Pois ben, señorías, o Ministerio a nada disto lle fixo caso. Ben, si, fíxolle caso omiso; o que vén sendo habitual: nada, cero, nin caso.

Ante isto, á Xunta de Galicia non lle quedou outro remedio máis que presentar varias veces as correspondentes alegacións ao texto do citado decreto, nas que solicitaba formalmente e mantiña a postura que a Xunta de Galicia sempre tivo respecto deste asunto, é dicir, solicitando que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste real decreto. ¿E cal foi o resultado das alegacións? Bingo: nada, cero, nin caso. Ou sexa, o habitual trato do Goberno central a Galicia.

O MAPA non só non contestou ás alegacións feitas desde Galicia, senón que unha vez máis o Goberno central impuxo ás galegas e aos galegos unha normativa inxusta, ineficaz e que non atende as especificidades do noso territorio.



Ante este resultado, que non por esperado deixa de ser sorprendente, a Xunta de Galicia, que ten por norma respectar e cumprir coa legalidade vixente, aínda que como neste caso non supoña beneficio ningún para os nosos conveciños, senón máis ben todo o contrario, púxose mans á obra e determinou dar as máximas facilidades ás persoas solicitantes, para dar de alta no rexistro correspondente as súas explotacións de autoconsumo.

Así, facilitou a posibilidade de realizar os trámites a través da páxina web da Consellería do Medio Rural, tamén da Oficina Virtual Agraria, evitando deste xeito viaxes innecesarias e desprazamentos aos solicitantes. Tamén se deron instrucións ao persoal das oficinas agrarias, para que lles cubrisen a documentación aos interesados, e incluso algúns concellos colaboraron cos seus veciños axudando nas tramitacións.

Ademais, a Consellería do Medio Rural reuniuse coa Asociación de Tendas Agrarias de Galicia, onde se acordou que unicamente se lles pedise o DNI e que se lles seguisen vendendo os polos e as galiñas, asumindo a realización dos trámites entre as propias tendas agrarias e o persoal de gandaría da Xunta de Galicia.

Como anunciaban as previsións exaxeradas da Xunta de Galicia, neste intre, onte ás tres da tarde, ían rexistradas 79.111 explotacións. E se temos en conta as previsións do sector seguramente esta cantidade se podería chegar a duplicar. ¡ E iso que eramos exaxerados!

Ante esta situación, poñendo por diante os intereses do sector avícola en xeral e dos titulares das explotacións de autoconsumo en particular, e defendendo sempre as particularidades propias de Galicia, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia propón modificar ese decreto para deixar fóra do ámbito da súa aplicación as explotacións de autoconsumo e os currais familiares. Iniciativa, señorías, para a que lles pido o seu apoio a todos os grupos desta cámara mediante o seu voto favorable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Méndez López.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, creo que sería bo poñer en contexto a realidade que estabamos vivindo só hai catro anos. Hai catro anos, nestas datas, estabamos todos nas nosas casas confinados, enfrontándonos a unha situación sen precedentes e a unha situación que nos obrigou a actuar de maneira inmediata ante a dificultade do momento, pero tamén nos obrigou a pensar en futuro ante as dificultades que se nos viñan nese momento.

Nace, entre outras cousas, por unha directriz europea —que hai que recordalo tamén aquí e que non se nomeou en ningún momento da intervención— o Real decreto 637/2021,



modificado a finais do ano pasado, que ordena —como digo— unhas normas básicas das granxas avícolas, para adaptar a lexislación básica de aplicación en todo o ámbito territorial estatal.

A finalidade que pretende este real decreto non é outra que a mellora no ámbito sanitario, a mellora no ámbito do benestar animal e a mellora no ámbito medioambiental, esa loita contra o cambio climático que estamos obrigados a facer. Hoxe mesmo levantámonos cunha nova: unha empresa de cava, que a pesar de ter beneficios o ano pasado, a pesar de ter demandas, ten que ir agora a un erte por falla de produción. E isto débese tamén a esta situación de cambio climático, que uns negan e outros consenten esa negación.

É unha responsabilidade que afecta a saúde pública, para a protección de enfermidades que poidan ser e expandirse a través das aves. Polo tanto, tamén se trata dun exercicio de responsabilidade.

E podemos entender e ata compartir o malestar que xera unha norma, o malestar que xera ter que facer un trámite cando non estamos afeitos. Evidentemente, isto podemos —como digo— entendelo e compartilo. Pero ese malestar é xerado por activación tamén da propia Xunta de Galicia e do Partido Popular. Porque non hai que olvidar que a Xunta de Galicia ten a posibilidade de desenvolver e adaptar a norma á realidade galega, e non o fai. ¿Por que deixa de facer esas funcións de adaptar esta normativa europea á nosa realidade?

A Xunta de Galicia ten competencias propias en sanidade animal, en ordenación da actividade gandeira e tamén en autoridade inspectora. Por certo, trasladándolles esta función tamén ás tendas agrarias que aquí se citaron, tal e como lles comunicaron desde o propio Servizo de Gandería da Consellería do Medio Rural, que inicialmente, señor Balseiros, o que se lles trasladaba a través dun comunicado que lles enviaron foi que lles tiñan que anotar o Rega e despois incluso lles trasladaban funcións administrativas, porque se lles dicía que lles podían facilitar o modelo MR501A e que llelo poñían á disposición dos clientes. Co cal o fixeron non só con ese labor inspector —o cal foi o que reduciu as vendas do produto—, senón que á súa vez lles pedían tamén que fixesen eses labores administrativos, trasladándolles o modelo para que os seus clientes o cubrisen alí e xa llo entregaban e remitían despois eles á Xunta. E tivérono que rectificar. É certo o que dixó, pois agora xa se lles comunicou novamente que co DNI xa se lles pode volver vender o produto. Polo tanto, ese malestar tamén é fomentado polo Partido Popular.

E trátase dun trámite relativamente sinxelo, pois en menos de cinco minutos tense feito este trámite. E non podemos olvidar que se trata de garantir a saúde pública. Estou convencida de que tardaron máis tempo en asinar os dez deputados e deputadas esta proposta que o que se tarda en facer este trámite sinxelo. (*Aplausos.*)

¿E que é un problema para a xente maior? Non o negamos. É certo, é un problema para a xente maior, que ao mellor non ten eses coñecementos, pero pódese realizar telematicamente, pódese realizar a través deste modelo MR501A ou a través das oficinas do rural. Esas oficinas agrarias que vostedes foron desmantelando, que vostedes foron infravalorando de persoal e que vostedes lles foron sacando competencias. Esas oficinas do



rural que tanto ben fan no noso rural para este trámite e para moitos outros. E trátase de facer unha comunicación gratuíta.

Como dicía, é certo que pode ser un engorro para a poboación que non ten os coñecementos e accesos suficientes. Pero tamén é curioso que nesta exposición de motivos vemos como fan alusión a esas persoas ás que lles custa moito ese contacto coa internet para facer un trámite, unha comunicación, e despois resulta que para as citas médicas as teñen que facer todas as semanas ou meses, ou cada tres meses, e non nos damos conta de que a esas persoas tamén lles custa moito ese acceso á internet ou pedir unha cita a través dos medios telemáticos. É curioso como aquí o poñen como algo para tratar, e noutras cuestións do día a día e que afectan tamén a saúde non teñan en conta esa cuestión. *(Aplausos.)* E cunha comunicación pódese realizar —como digo— este trámite sinxelo.

Pero o certo é que vostedes, unha vez máis, están inmersos neses episodios de confrontación co Goberno central, porque en dúas iniciativas que estamos a desenvolver —estamos na segunda— citouse máis ao Goberno central que a quen ten as competencias para desenvolver certas cuestións. E asistimos unha vez máis a este novo episodio de confrontación, e iso que aínda non está en vigor a nova Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais, que terá ben de seguro bastante traballo nesta nova lexislatura, a pesar tamén dos discursos de investidura tanto do presidente do Parlamento como do presidente da Xunta da man tendida e de non buscar crispacións nin confrontacións.

Estamos vendo como vai ser a tónica que nos reste neste mandato de buscar os problemas fóra e de buscar os culpables sempre fóra en vez de facer autocrítica ou en vez de asumir as funcións propias que ten a Xunta de Galicia para que isto se converta nun trámite sinxelo. Porque máis aló do malestar xerado na cidadanía pola entrada en vigor desta nova norma, avívase a polémica de xeito intencionado polo Partido Popular. Nun momento no que o sector está en plena mobilización, debemos entender que esta norma está amparada polo principio de precaución, seguridade, para a saúde dos animais e a saúde das persoas.

Polo tanto, o PP debería poñer máis o acento en facilitar o trámite —que é o que pedimos nós na nosa emenda— asumindo as súas competencias, e non axitar a cidadanía en contra dunha norma que pretende loitar pola nosa seguridade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Méndez.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, presidente.

Vou empezar dicindo que meu pai tiña unha granxa avícola. Ata que se xubilou no ano 2000, durante trinta anos, tivo unha granxa de galiñas poñedoras, e vendíalles os ovos a empresas moi coñecidas na cidade que facían xeados, etc. Efectivamente, xa daquela, nos anos setenta, pois tiña que cumprir cuns requisitos legais: unhas vacinas que tiña que lles poñer, que se





lles botaba nos bebedoiros cada tempo; uns produtos que se lles daban para a calcificación dos ovos, etc. Era unha explotación que tiña unha responsabilidade porque outras persoas ían consumir aqueles ovos e os produtos derivados nos que tamén se utilizaban ovos. Non todos os ovos se venden para ser consumidos tal cal, senón que ás veces se venden para outra clase de produtos. E iso non tiña nada que ver coas catro galiñas que tiña a miña avoa na aldea nun galiñeiro, alí nun curral, nun patio; non tiña nada que ver porque aquelas galiñas puñan os ovos que comía a miña avoa e o meu avó. Efectivamente, non tiña nada que ver o asunto.

Eu penso que esta normativa que saíu me chamou a atención cando vin a moción do Partido Popular, porque familiares meus que viven no rural dixéronme: oe, mira a ver, protesta polo tema ese das galiñas. E eu dixen: pero ese é un tema do Estado, alí non sei se esa é unha cuestión. E de repente vexo esta moción do Partido Popular. Bueno, pois vou facelos efectivamente partícipes a todos vostedes desas protestas e de moitísimos cidadáns do rural ourensán, en concreto, aos que xa fixo referencia o portavoz do Partido Popular, autor da moción.

Eu penso, particularmente, que se está tratando de arranxar o que non rompeu e penso que estamos ante un caso de hipertrofia da burocracia innecesaria, concretamente no noso país ou polo menos na provincia de Ourense. Non sei se noutras zonas do Estado ao mellor ten sentido isto, pero, que eu saiba, non hai precedentes de problemas sanitarios causados por esta clase de explotacións. Pode haber probablemente algún caso puntual, pero os casos puntuais resólvense —como tamén se di na moción— polo control rutineiro habitual dos servizos sanitarios.

Problemas puntuais sanitarios hainos de moitos tipos: de xente que se olvida dos alimentos e cadúcanlle na neveira, ata xente que cultiva ao mellor unha horta e por algunha deficiencia no xeito de dar o sulfato, etc., pode causar un problema. Pero eses son casos puntuais que, en todo caso, se abordarían desde os servizos sanitarios.

Eu penso que en Madrid non coñecen a realidade do país galego, non soamente neste caso, hai moitos outros casos máis dos que poderíamos falar. E eu penso que as normas se fan sobre todo, fundamentalmente, cando a conduta das persoas pode influír en terceiros, ou sexa, cando a túa conduta dun xeito ou doutro interfere na calidade de vida ou nos dereitos dos demais, loxicamente, para iso están as normas. Pero se un matrimonio maior ten unhas galiñas para consumir os seus propios ovos cos coñecementos que lle dá normalmente a experiencia de moitos anos, non vexo que haxa un problema nin que haxa nada que normativizar aí.

Como dixen antes, paréceme unha hipertrofia da burocracia. Faime pensar no *big brother*, no irmán maior do Estado, que te está mirando, que quere telo todo controlado, e parece orweliano o tema; orweliano ou tamén igual interpretaron mal aquelas frases, aquel fragmento de *Rebelión na granxa*, onde dicían: «*dos patas, malo; dos patas, malo*». E claro, as galiñas teñen dúas patas, e algo mal vén por aí. ¡Non, home, non!

A fenda dixital. Efectivamente, existe a fenda dixital, e na provincia de Ourense moitísimo máis. Esta clase de normas, ou esta en concreto, o que vai facer é que moitísima xente pois



deixe de ter as galiñas. Din: bueno, home, bueno, que vou andar eu aí co ordenador, aquí non teño internet... Parece disuasoria, realmente.

Non sei se ao mellor as propias empresas avícolas están... Como di o refrán, ¿quen se ve beneficiado disto? Que non estou dicindo nada en contra do sector, loxicamente, ¡só faltaría! Pero que non lles fai favor ningún ás persoas.

Xa dixen: non arranxar o que non rompeu, coñecer a realidade do país. Iso si, incrementar, por exemplo, os controis sanitarios, pero non soamente no caso das galiñas, tamén no caso das leitugas. É que o día de mañá imos ter que declarar as leitugas e as verzas que poñemos na horta particular para facer o caldo, ou a froita que temos nas nosas froiteiras, e que non llas imos vender a ninguén, que as imos comer nós, ou a comida que facemos nós. Claro, un restaurante ten que cumprir unha normativa porque lle dá de comer a outra xente, pero o que a miña avoa fai na casa e que comemos nós pois non cumpre as normativas dun restaurante nin ten por que cumprilas.

Quero dicir que —volvo repetir— a min me parece que isto é un intervencionismo exaxerado do Estado —ímonos poñer así de elocuentes— e non lle vexo sentido ningún. Efectivamente, o ideal sería que esta normativa deixase de ter..., que se aplicase ao que se ten que aplicar, que son as granxas.

Aquí tamén lle vou dar un tirón de orellas á Xunta de Galicia, porque fixo algo parecido no caso das surxencias termais, no caso concreto da cidade de Ourense, que meteu no mesmo saco as surxencias termais naturais coas piscinas, que se fan de xeito artificial e nas que se pode controlar o caudal, a temperatura e os demais parámetros. E meteu no mesmo saco as surxencias termais que xorden de xeito natural, que tratar de controlalas como unha piscina pois non ten senso. E no caso concreto de Ourense, prexudicounos moito asimilar esas normativas.

Pois aquí estamos nun caso parecido. Meter no mesmo saco as explotacións —por chamarlles «explotacións»— domésticas de tres ou catro galiñas de autoconsumo, metelas no mesmo saco que as granxas, paréceme tal. E digo que non hai precedentes. Houbo un caso puntual hai anos cando foi o da gripe aviar, que nin sequera houbo casos nas galiñas, máis ben controlábanse as aves silvestres en moitos casos.

Volvo repetir: a min paréceme axeitado apoiar esta moción do Partido Popular.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Antes de continuar co debate, imos saudar os alumnos de quinto e sexto de primaria do centro Pazos de Reis, en Tui, e os seus profesores que hoxe os acompañan. Pois ¡benvidos ao noso Parlamento!

E agora si ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego dona Ariadna Fernández González.



**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Quero dicirlles que na miña primeira intervención me sinto reconfortada de saber que este edificio se construíu para albergar a primeira escola de veterinaria de Galiza, e síntome reconfortada porque eu son unha rapaza de aldea, gandeira e veterinaria. Daquela, nunca vou subir aquí sen pensar no rural galego e nos/nas que formamos parte del. *(Aplausos.)*

E quero comezar cunha adiviñanza para o Goberno. Eu voules ler a definición dunha palabra que está no *Diccionario* da Real Academia Galega, e vostedes, se saben a que palabra me refiro, erguen a man. Atentos e atentas, porque é algo que fan habitualmente no rural e débelle de resultar familiar. Vai: «Envolver de maneira desordenada, formando un enredo ou lea difícil de desfacer». ¿Ninguén? Bueno, bueno, ¡non mo podo crer! ¡Pero esta é a definición da palabra «encerellar»! E vostedes encerellando son especialistas. *(Aplausos.)* Porque vostedes enmarañan adrede ou por simple nugalla para que a información que aquí se coñece ou que aquí se traballa non chegue de xeito directo ao seu destino.

E di meu avó, para referirse ao desamparo e ao desinterese que sufrimos no rural, a frase «somos a punta do rabo do can». ¡E que razón ten! Porque é que este conto que traemos hoxe aquí, que traen hoxe aquí, non é un conto novo. O conto do Real decreto 637/2021 é un conto que ten tres anos. E en tres anos a ninguén se lle ocorreu vir aquí informar a poboación, e iso que era sinxelo: veciñas veciños, a partir do 2024 temos que ter as explotacións avícolas de autoconsumo rexistradas, e é por unha cuestión de bioseguridade, para que todas e todos esteamos protexidos fronte a unha alerta sanitaria. ¿Que querían ser didácticos? Tiñan aí a covid-19. *(Aplausos.)*

E o seguinte que había que facer era poñer todos os medios á dispoñibilidade para facilitar ao máximo o trámite, que dura dez minutos, pedíndolles, por exemplo, axuda aos concellos ou mesmo ás tendas agrarias, que estou segura de que de bo grao llela prestarían, para non verse sumidas en perdas económicas incalculables: 2.000 familias na actualidade. Nese momento calaron; pero agora, como o falar non ten cancelas, o noso conselleiro dixo o mes pasado sobre este tema: «Estamos matando moscas a canonazos» ou «É unha medida de pouca utilidade». Vese que non chamou a ninguén da Facultade de Veterinaria para preguntarlle unha opinión veraz e rigorosa sobre este tema, pero voules comentar —se mo permiten—, a el e á súa sucesora no cargo, unhas cantas cousas.

Mire, en Galiza temos máis de mil explotacións dedicadas á avicultura. Somos importantes produtores de carne e de ovos. No noso país móvense máis de oito millóns de aves para o autoconsumo anualmente. E facilítolles a todos vostedes uns cantos nomes para que anoten. Miren: salmoneloses, histomoníases, clostridioses, micoplasmoses, gripe aviar, enfermidade de Newcastle, enfermidade de Marek... ¿Continúo?; ¿é necesario? Os nosos gandeiros e gandeiras loitan a diario para manter medidas hixiénicas e de bioseguridade moi, moi estritas para que esas enfermidades non entren nas súas explotacións, porque moitas delas son de declaración obrigatoria e outras rematan en baleiros sanitarios, que confío que saiban que consecuencias económicas teñen.





Pero se aínda lles quedan dúbidas, voules dar máis datos. Miren, en Galiza temos máis de corenta e tres mil explotacións de todo tipo. Non sei se saben que, recentemente, nos Estados Unidos se detectaron casos de gripe aviaria en vacas —aquí somos o país do millón de vacas—; e non sei se saben tamén que tanto o Estado español como Europa bateron o récord de casos de gripe aviar no ano 2022. A maior parte deles en aves salvaxes que poden ter contacto directo coas aves dos galiñeiros de autoconsumo. Non é un asunto menor, aínda que o repitan ata a saciedade.

E dixeron tamén que non sabían para que ían valer os datos dos rexistros destes galiñeiros. Pois miren, infórmolles: se se detecta un gromo dunha enfermidade, hai que obrigatoriamente, nun tempo limitado, demostrar que non temos contaxios nuns quilómetros cadrados á redonda. Eu non sei como pretenden que fagamos isto se non temos ese rexistro. ¡Bueno!, podémolo facer así: *(A señora Fernández González bate no estrado cos cotobelos.)* «¡Ola, bos días!. Mire, ¿ten galiñas na casa?» ¿Parécelles unha boa medida? É riso, ¿eh?!, ¡é riso!

Pero é que, ademais, temos ringleiras de afectados nas portas das oficinas agrarias; temos funcionarios das oficinas agrarias traballando a tempo completo nisto; temos tendas agrarias con perdas millonarias. ¿De verdade que non puideron xestionar mellor isto? *(Aplausos.)* ¿Parécelles, quizais, unha mellor solución pechar a comercialización e a exportación avícola de toda Galiza, nun caso así? ¿Como pretenden que fagamos un plan de vacinación efectivo nun caso así? Pero é que vostedes seguen coa súa política habitual, como coa do mal das vacas tolas: non era nada, non era nada, pero ían cun ollo na man.

E atrévese vostedes a falar de donicelas e de raposos; vostedes, que falan de trabas burocráticas e de fenda dixital. Son vostedes os mesmos que deixaron, no ano 2023, 120 millóns de euros sen executar en Medio Rural; *(Aplausos.)* son vostedes os que pagan a PAC cando lles vén en gana; os que nos fan agardar máis de vinte anos polas parcelarias; os que nos visitan nas explotacións de zapato fino; aqueles que están caladiños mentres regalamos a carne e o leite —¡shhh!, caladiños todos—; aqueles que nos afogan entre eucaliptos e tarabelas nos montes. Vostedes atrévese a falar de abandono no rural cando teñen nenos e a nenas sen internet de calidade, sen sumidoiros e sen pediatra no ano 2024. *(Aplausos.)* Para falar vostedes de abandono do rural e dos seus motivos teñen que botarlle peito.

Miren, faciliten o avance; fágano sinxelo porque non somos paisanos que esteamos traballando nunha corte. Non encerellen máis porque este nobelo non ten máis fío e non usen os galegos e as galegas para as súas cutrifas co Goberno do Estado. Déixense de artimañas, que lles somos bastante avanzados xa para segundo que tretas de feira, e sexan responsables. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández González.

Turno de peche desta proposición non de lei, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Moitas grazas, señor presidente.



En primeiro lugar, señor Ojea, moitas grazas. Coincidía perfectamente coa nosa exposición. Sobre todo, dixo unha frase que resume todo perfectamente: «En Madrid non coñecen a realidade de Galicia».

Señora Méndez, sobre sanidade animal non falamos. Non poñemos en dúbida nada diso. ¿Das enfermidades das aves? ¡Oia!, vostede que ten fío directo co Ministerio, co MAPA, pregúntelle a actuación de Galicia en materia de sanidade vexetal e animal, porque mire, cando eu estaba noutro sitio e ía ás reunións a que me convocaba o Ministerio, en Madrid, sempre puñan de referencia a Galicia. E iso xa o dixen na Comisión 7ª moitas veces, e foi recoñecido e é recoñecido polo Goberno do Estado en distintos momentos. Galicia é unha referencia niso.

Con relación ao tema de controlar as explotacións avícolas polo tema da sanidade animal, mire, hai un plan de sanidade animal a nivel de Estado. En Galicia temos controlados máis de cincuenta concellos, que son por onde pasan as aves que emigran e por onde se acostuman pousar, cun rexistro exhaustivo de máis de catro mil explotacións. Falaba vostede de que mencionamos o Goberno central. ¡Home!, que eu saiba non foi a Xunta de Castela e León a que fixo este decreto; polo tanto, que cada pau aguante a súa vela. Ten que ser moi difícil que teña que saír aquí vostede a defender unha norma que —sabe completamente e está totalmente de acordo— é absolutamente nefasta para os nosos veciños e veciñas do rural.

Sobre o cambio climático non vou falar; iso seguro que llo escoitou vostede ou lle deu instrucións a señora ministra de Transición Ecolóxica. Dígallelo aos agricultores e gandeiros de toda España, verá o que opinan.

Señora —creo— González, eu tamén son da aldea. Na miña casa tamén houbo gando e galiñas, polos e outros animais. Mire, vostede di que é veterinaria. (*Murmurios.*) Moi ben. Supoño que non poñerá en dúbida o criterio e a acción dos servizos veterinarios oficiais. (*A señora Fernández González nega coa cabeza.*) ¡Bueno!, pois deu a impresión de que si, de que o expuña aquí.

Di que se deben poñer todos os medios á disposición. Xa lle dixemos antes que estaban. ¿Medidas biosanitarias? ¡Home!, as medidas biosanitarias sabe vostede, se é veterinaria, que están deseñadas exclusivamente —como dixo o señor Ojea— para as naves e para as explotacións grandes. ¿A gripe aviar? ¡Home! —e falou da covid. ¡Hai que telos!—, (*Murmurios.*) supoño que sobre a gripe aviar xa coñece —xa que é veterinaria— as actuacións da Xunta de Galicia e o que se fixo nalgunha granxa de visóns e noutras granxas de aves etcétera, etcétera. A influenza aviar ten unhas consecuencias, unhas situacións e uns protocolos que se aplican perfectamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre a covid non imos falar, ¿zeh?!, porque, ¡meu amigo!, aí o Goberno central luciuse, como na maioría das cousas, ¿zeh?! O exemplo tivémolo aquí en Galicia, afortunadamente. ¡Que sorte, para os galegos, estar gobernados polo Partido Popular!

Tamén fala de perdas das tendas agrícolas. ¿Pero en que quedamos? ¿Defenden a aplicación do Decreto ou están en contra de que se aplique ás pequenas explotacións de autoconsumo?



¡A ver!, aclárense. E aclárense, sobre todo, porque o BNG, segundo como lle vaia, onde governe ou onde estea na oposición, actúa como que lle conveña; por exemplo, na provincia da Coruña, onde está na oposición, abstense nesta moción, e, onde goberna, está a favor. ¡Que curioso, señorías!

De todas maneiras —e remato xa—, ¡home!...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...non é moi fácil de entender para os humanos —para os que ás veces poñemos zapato fino e, ás veces, poñemos *katiuskas*— que nun país, en que se liberan os presos etarras, (*Murmurios.*) en que se liberan os violadores...,

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...en que non se condenan os que atentaron contra a unidade de España e contra a Constitución, saian libres e que haxa que rexistrar as galiñas. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Non é moi bo de entender.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e cinco deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dunha auditoría externa en relación coas contratacións de emerxencia do sector público autonómico derivadas da pandemia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey e ao abeiro do disposto no artigo 161.2. do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

«O Parlamento galego acorda, previo os trámites legais e regulamentarios previstos, solicitar ao Consello de Contas, no marco da súa función fiscalizadora selectiva, a realización de maneira inmediata dunha auditoría de resultados que continúe co traballo de fiscalización realizado, afondando nas irregularidades detectadas, nos riscos de conflitos de intereses e na concentración de empresas, sobre todas as contratacións de emerxencia efectuadas polo sector público autonómico como consecuencia da pandemia derivada da covid-19.»

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tabarés.



**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero falar dunha cuestión, así, de advertencia, ao mellor para os que son novos: cando se advirte de que hai rapaces na sala é un pouco para que se midan nas súas expresións; nesas expresións tipo «hai que telos» ou nesas barbaridades que estaba dicindo, (*Aplausos.*) precisamente porque hai rapaces e rapazas, e para que non poidan pensar que o que se está dicindo é normal; é dicir, simplemente, seguramente tivo ese desliz e deixou expresar o que leva dentro. Mais, ¡bueno!, vaia esa advertencia.

Hoxe neste primeiro pleno presentamos esta iniciativa e debatemos esta iniciativa non por acaso, senón por unha manifestación expresa do compromiso do Bloque Nacionalista Galego co control da xestión dos recursos públicos e coa defensa dos servizos públicos, porque diso é do cal falamos.

A transparencia que procuramos nesta iniciativa, a interdición da arbitrariedade e a loita contra a corrupción non son outra cousa que instrumentos para protexer os recursos e os servizos públicos, en definitiva, para defender os dereitos da cidadanía. Porque as adjudicacións de contratos a dedo e a arbitrariedade o que provocan é que se pague máis polas mesmas prestacións, isto é, aproximadamente sobre un quince e un vinte por cento máis; o que provocan é que se limite o funcionamento dos servizos públicos. A concorrència o que permite é que nesas licitacións se poidan aportar melloras que redunden na prestación de servizos á cidadanía. E a discrecionalidade, a adjudicación de contratos a dedo prexudica o tecido empresarial, isto é, o tecido empresarial honesto e profesional; aquel que ve vedada a súa posibilidade de acceder á contratación pública porque non ten unha irmá, porque non ten un cuñado, porque non ten unha parentela sen escrúpulos e dentro da Administración pública. (*Aplausos.*)

Esta é unha cuestión que é pacífica, a necesidade de loitar contra a corrupción, a necesidade de evitar a arbitrariedade. Por iso resulta bastante sorprendente que o candidato á Xunta de Galiza, no seu debate de investidura, de 55.000 palabras que dixo, ningunha fose para referirse á transparencia, á loita contra a corrupción ou contra a arbitrariedade; das 55.000, ningunha. A verdade é que resulta, cando menos, unha declaración de principios palmaria. (*Aplausos.*)

Como anticipamos, no Bloque Nacionalista Galego seguiremos a reclamar transparencia na contratación pública; seguiremos a loitar contra a contratación menor, xa que vostedes fixeron de algo excepcional un xeito de contratación ordinario.

Mais hoxe do que queremos falar é de contratación realizada vía de emerxencia durante a pandemia; e queremos falar disto porque a Xunta segue a agochar información e documentación, xa que non foron fiscalizados na súa totalidade os contratos de emerxencia durante a pandemia. E sobre os poucos que foron fiscalizados resulta que o Consello de Contas apreciou importantes irregularidades porque existe unha curiosa concentración de contratos en determinadas empresas, algunhas achegadas a altos cargos do Partido Popular.



Aproveito isto para referirme ao señor Núñez Feijóo e para lembrarlle que temos pendente neste Parlamento de Galiza que xustifique un incremento patrimonial, curiosamente entre o 2020 —pospandemia— e o 2022, superior a oitocentos mil euros; o señor Núñez Feijóo segue pendente de xustificar ese incremento patrimonial ante este Parlamento de Galiza. (*Aplausos.*)

O certo é que a pandemia xerada pola covid requiriu medidas de urxencia e por iso, por estas medidas de urxencia, se permitiu a contratación de emerxencia. Que a contratación de emerxencia o que fai é rebaixar determinadas exixencias, determinados requisitos; rebaixar, facelo máis laxo, pero non suprimir. Non se dá licenza nin para a arbitrariedade, nin para a prevaricación nin para a mala xestión dos recursos públicos; simplemente hai unha relaxación necesaria dese xeito de contratación.

Estamos vendo, estamos coñecendo, como mentres estabamos confinadas e mentres moita xente arriscaba a súa vida para traballar para as demais había quen —os que Núñez Feijóo alcuma «pillos»— estaba aproveitando para facer negocio desa situación catastrófica.

O certo é que, á diferenza de moitas comunidades autónomas, de practicamente todas, na Galiza non se realizaron tarefas de fiscalización, non se realizou unha auditoría xeneralizada da contratación realizada nesta pandemia. Por iso, resulta sorprendente que o Partido Popular afirme que si que se fixo esa fiscalización cando o obxectivo é que non se faga. É o obxectivo primeiro dende un punto de vista subxectivo. A fiscalización realizada polo Consello de Contas limitouse ao Servizo Galego de Saúde, polo que deixou fóra todas as consellerías, deixou fóra as axencias, deixou fóra as corporacións e o resto do sector público autonómico, o que, por exemplo no 2021, representa o setenta por cento da contratación de emerxencia realizada pola Xunta de Galiza. Pero é que nin sequera se realizou a contratación —falamos só desde un punto de vista subxectivo— de todo o Servizo Galego de Saúde; deixáronse fóra catro das sete áreas sanitarias, ficando excluídos un vinte por cento da contratación do Sergas de 2020 e máis dun trinta por cento da de 2021. Pero tampouco dende o ámbito temporal se fixo unha fiscalización de toda a contratación nin da Xunta nin do Sergas; só dende marzo a maio de 2021, do 9 de maio de 2021 en diante non se fiscalizou absolutamente nada.

Pero é que, ademais da propia fiscalización da limitación subxectiva e da limitación obxectiva, resulta que o propio Consello de Contas di que non se facilitou por parte da Xunta moita documentación e moita da que dispuxo o Consello de Contas resulta que era contraditoria; só puido acceder ao Rexistro de Contratos da Xunta de Galiza. Pero resulta que a documentación colgada era contraditoria coa colgada pola propia Xunta de Galiza na web do coronavirus, nalgún caso tan significativo como que era de 2.700.000 euros. Por ende, limitada a fiscalización, chegamos á conclusión: existían deficiencias das memorias xustificativas, eran realizadas a posteriori ou eran xenéricas ou vagas; non existiu o mínimo de concorrencia que reclama o Consello de Contas; fallou a comprobación da actitude e da capacidade das adxudicatarias; a contratación era de xeito directo e de forma verbal; houbo contratacións por importes de máis de nove millóns de euros e o contrato iniciouse despois do único requisito que existe, que era o prazo dun mes, pois moi ben, realízase con posterioridade.



Poderíamos seguir con este cúmulo de irregularidades, pero as consecuencias de todas estas irregularidades ¿cales son? Pois eu creo que abundan dous datos: no 2020 o 40 por cento das adxudicacións concentráronse en 11 empresas e no 2021 o 66 por cento das contratacións realizadas por emerxencia concentráronse en 4 empresas. ¿Resulta moi aventurado pensar que tipo de empresas son as beneficiarias dese cúmulo de adxudicacións? A principal beneficiaria é unha empresa onde quen ten importantes responsabilidades é a irmá da parella do señor Núñez Feijóo. Por certo, o Consello de Contas fala de aproximadamente dez millóns de euros en adxudicacións. Simplemente coa documentación á que podemos acceder, podíamos afirmar que durante ese período se duplicaron as adxudicacións a esa empresa. Unha empresa con relacións familiares co señor que acabo de mencionar e que non tiña...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...experiencia ningunha no sector sanitario.

Outra das empresas principalmente beneficiarias —como poden imaxinar— é dunha persoa recentemente famosa por ser comisionista, por ter unha relación de parella coa señora Díaz Ayuso e tamén por estar involucrada na presunta comisión de delitos fiscais. E outra das empresas —poderíamos seguir así, pero é complicado dada a falta de transparencia e a opacidade da Xunta de Galiza— principalmente beneficiarias da contratación de emerxencia —contratación a dedo da Xunta de Galiza— foi a empresa Sibucu, aproximadamente dous millóns de euros no 2020, ata que resulta que esta empresa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Remato, señor presidente. Resulta que esta empresa, as certificacións...

**O señor PRESIDENTE:** Mire o reloxo.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Estamos acostumbrados a dez minutos.

**O señor PRESIDENTE:** Xa, claro, pero é que a cousa cambiou, cambiou para peor.

Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Remato para transparentar un pouco máis a corrupción na xestión da Xunta de Galiza. Resulta que á empresa Sibucu —dous millóns de euros— deixárona de contratar cando os certificados resulta que eran falsos. ¿Para que? Para contratar as mesmas prestacións con outra empresa participada ao cen por cento por Sibucu...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** En definitiva, procede esta auditoría, procede a transparencia e procede a loita contra a corrupción. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias Rey.

**A señora IGLESIAS REY:** Bos días, presidente.

Grazas, deputados e deputadas.

En primeiro lugar quero, en nome dos socialistas galegos, que nos situemos por un intre nos peores momentos da pandemia, nos que morreu moita xente e cuxas secuelas físicas e psicolóxicas estamos a padecer no día de hoxe. Unha situación na que, evidentemente, houbo oportunistas e tamén comisionistas, moitos, e tamén en Galicia. Iso é unha realidade, é un feito. A cuestión é que a contratación de emerxencia realizada durante a pandemia por parte da Xunta de Galicia e por parte do Sergas fallou en transparencia, está chea de opacidade e, sobre todo, fallaron os controis. Hai que saber tamén que a contratación de emerxencia non elude os requisitos de aplicación das regras de contratación pública. É un feito, podedes ler o artigo 120 da Lei de contratos da administración pública. Non se detectaron nin se previron os conflitos de intereses que hai en moitos dos expedientes de contratación detectados polos dous informes do Consello de Contas, o último publicado en marzo deste ano. E non o digo eu, dío o Consello de Contas e dino outros organismos independentes como o Oirescon.

Puxeron en negro sobre branco as deficiencias e as irregularidades que houbo na contratación de emerxencia cando presidía o goberno da Xunta Núñez Feijóo —que xa foron enumeradas polo meu compañeiro do Bloque Nacionalista Galego—. Evidentemente, foron concentracións de adxudicacións en mans dunhas poucas empresas cando non tiñan nin solvencia, nin capacidade, nin experiencia para a subministración e a prestación de servizos sanitarios. Non se motivou a emerxencia, houbo adxudicacións verbais, houbo tamén —como se dicía— falta de información e falta de contraste entre a información que se colgaba no Rexistro de Contratos do sector público da Xunta de Galicia e a que estaba colgada na web da crise da covid. Evidentemente, esa falta de información, esa eiva de información, foi posta de manifesto en negro sobre branco por parte do Consello de Contas de Galicia.

Tamén no día de hoxe seguimos sen coñecer que pasou con eses 159 millóns que recibiu a Xunta de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. Iso si, o que sabemos é que non foi destinada a atallar os problemas da crise causada pola covid. É importante, tamén, ter en conta e dicir neste hemiciclo que en comparativa con outras comunidades autónomas —que eu si que lin os informes doutros órganos de consellos de contas de comunidades autónomas e tamén do Tribunal de Contas estatal— Galicia está na cola das contratacións de emerxencia que se fixeron durante a pandemia. ¿Por que, se non, podemos explicar que un 32 por cento dos expedientes de contratación de emerxencia que foron requiridos por parte da comisión de investigación do Congreso dos Deputados corresponden a expedientes de contratación da Comunidade Autónoma galega? En concreto, 369 expedientes. Iso tamén é unha realidade.

Por iso, falamos aquí no Parlamento galego, que é onde temos que dar as explicacións que merecen os galegos e as galegas, de exixencias de responsabilidade política, de integridade e de regulación efectiva dos conflitos de intereses. (*Aplausos.*) Evidentemente, non estou a



falar de responsabilidade penal nin de fraude, iso correspóndelles aos órganos da Fiscalía e tamén aos órganos da xurisdición penal; estou a falar de responsabilidade política.

O señor Rueda non debería cuestionar estas afirmacións que puxen de manifesto, porque o din os organismos independentes, como é o Consello de Contas de Galicia. Ademais, na sesión de investidura recalco que el quería aprender dos erros e, sobre todo, mellorar a partir deses erros, polo que debería comezar por dar exemplo. Os socialistas animámolo a que empece a gobernar con maiúsculas, a que deixe de facer oposición á oposición e a que deixe esa confrontación constante co Goberno de España. Ten que asumir que é o presidente da Xunta de Galicia, que o elixiron como presidente o 18 de febreiro de 2024.

Ademais, se o Goberno do PP non ten nada que agochar cos contratos feitos da pandemia, evidentemente, non debería ter ningún inconveniente respecto ao Consello de Contas que —recalco— é o órgano competente público independente que fiscaliza as contas públicas e tamén ten a competencia en materia de prevención da corrupción. Recalco «público» porque aquí xustifico a emenda substitutiva que presentamos ao BNG, porque nós non queremos unha auditoría externa por profesionais independentes, nós queremos que o organismo público encargado da fiscalización das contas públicas continúe o traballo feito na fiscalización dos contratos de emerxencia, porque é certo que se fixeron sobre unha mostra que non abarca todos os contratos. Queremos unha auditoría de resultados, operativa, material, de fondo, na que se faga referencia ás irregularidades postas de manifesto, ás concentracións de empresas que tamén se puxeron de manifesto e aos conflitos de intereses, que son un feito irrefutable. *(Aplausos.)*

O sentidiño do que tanto presumen no PP non debería implicar inmovilismo e, sobre todo, deixar as cousas como están. Iso non é gobernar con maiúsculas e os galegos e as galegas merecen que aquí en Galicia dean explicacións e motivacións; iso é transparencia, iso é integridade pública.

En segundo lugar, quero remarcar algo moi importante para as socialistas e os socialistas galegos, que é que nós en ningún momento cuestionamos o bo facer dos empregados públicos que deixaron a pel e horas de dedicación ata a extenuación e que amosaron gran vocación de servizo público e responsabilidade pública para atender a cidadanía durante a pandemia. Non o cuestionamos, senón que o aplaudimos e o seguimos aplaudindo.

Foi o Goberno que dirixiron Núñez Feijóo e logo o vicepresidente Alfonso Rueda —sentados os dous no Consello da Xunta, que era o órgano encargado de validar esa contratación de emerxencia como exixía o artigo que mencionei da lei de contratos— o que deu as directrices políticas e validou esas contratacións de emerxencia. E non, non somos todos iguais. Aquí neste hemiciclo —volvo recalcar— estamos a falar de responsabilidade política, de ética pública e de regulación eficaz dos conflitos de intereses; diso estamos a falar.

Urxe que o Goberno galego empece dunha vez por todas a regular de maneira eficaz os conflitos de intereses e a integridade pública como se fai, por exemplo, coas exixencias dos fondos europeos, para os que temos a obriga de aprobar plans de medidas antifraude. ¿É que valen máis os cartos de Europa que os cartos dos galegos e das galegas? Hai que empezar a





regular en materia de conflitos de intereses. Temos unha normativa laxa na materia. Saquemos en positivo leccións do que non se fixo ben; dean exemplo. ¿Ou quérense situar do lado do Goberno balear onde está gobernando o PP con Vox e onde a primeira medida política que se adoptou foi, precisamente, liquidar a Oficina Anticorrupción da Comunidade Autónoma balear? ¿En que lado se queren situar? ¿No lado do Goberno balear ou no lado da transparencia e da integridade pública?

Como dixen tamén, na fiscalización realizada polo Consello de Contas, onde se detectaron moitas irregularidades, quero pararme no dato da concentración de empresas, que me parece moi relevante. No ano 2020 case máis da metade dos oitenta millóns de euros foron adjudicados a once empresas —como se fai referencia no informe do Consello de Contas— e no 2021, cando xa a pandemia e a tensión competitiva do mercado non era tal, catro empresas recibiron as adjudicacións de máis de dous millóns de euros de contratación de emerxencia. ¿E que non había máis empresas? Podedes ver outras comunidades autónomas onde a concorrência e a solvencia se tiñan en conta.

De novo volvo pedirvos que por un intre nos situemos neses anos. ¿Recordades como era o servizo de rastrexo da covid? Non estou a falar de subministracións de máscaras e de material de protección. ¿Era un servizo que se prestou ben ou era un *call center* ordinario prestado por persoas inexpertas e que non eran especialistas en saúde pública? ¿Sabedes que ese contrato se estendeu...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora IGLESIAS REY:** ...máis alá da pandemia e que suma máis de quince millóns de euros se sumamos emerxencia, contratación directa e acordos marco? ¿Sabédelo? Pois é así. Exiximos responsabilidade política.

Por tanto, é verdade que nos sorprende cando é preguntado o señor Rueda ou representantes do Grupo do Partido Popular sobre a auditoría e fiscalización dos contratos da pandemia e din: non, xa o fiscalizou o Consello de Contas e dixo que todo estaba ben. Ao mellor é que estamos a ler informes do Consello de Contas ben distintos. Nós, por parte dos socialistas, si que analizamos ben polo miúdo o que dicían eses informes. E, se como di o PP, non hai nada que agochar...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** ...logo non tería nada que temer.

Por tanto, incido, para rematar xa, en que se sumen á nosa emenda substitutiva, e todos os grupos parlamentarios, evidentemente o PPdeG, para facer e continuar a facer unha auditoría operativa de todos os contratos, que se focalice na concentración de empresas, nos conflitos de intereses e nas irregularidades detectadas na contratación de emerxencia da pandemia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Mixto, don Armando Ojea Bouzo.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas.

Ben, non vén mal que lembremos o que pasou durante aqueles dous anos que vivimos perigosamente, ¿non? A verdade é que fai falta que rebobinemos con calma moitas das cousas que pasaron naquel momento. Eu estou seguro de que no futuro dará lugar a moitas teses doutorais nas universidades, moitos ensaios sociolóxicos, porque realmente hai moito material para estudar, cando recuperemos a memoria cos artigos, cos expedientes que se tramitaron naquel momento, etc., etc.

Eu vivín esa época. Pois, ben, desde o ámbito persoal, o meu pai faleceu durante esa época nunha residencia intervida pola Xunta, e, no ámbito profesional, tocoume ser —entre outras cousas— concelleiro de Persoal, e de min dependeu, do concello, do Servizo de Riscos Laborais, entre outras cousas, o tema todo das mascarillas e facer cumprir toda a normativa, ás veces contraditoria, que viña do Estado, que viña da Xunta, que cambiaba dun día para outro, xa non digo dun día para outro, cambiaba da noite para a mañá; lembrarán vostedes que ás veces había boletíns oficiais dous no mesmo día.

Concretamente, vímonos nunhas situacións que non estaban previstas para nada en ningunha das normativas. Agora falou, por exemplo, dos rastrexadores. Por exemplo, vou poñer algúns exemplos para recordar a singularidade da situación: un rastrexador mandaba para a casa de repente un turno completo de bombeiros porque un dera positivo e quedaba a cidade, de repente, durante oito horas, sen bombeiros; había que chamar aos do seguinte turno, que ao mellor estaban noutra cidade, que ao mellor se incorporaran das vacacións, pero é que o outro día daba positivo outro turno e había que volver mandar outro turno quince días para casa e, de repente, había que andar tirando dos que tiñan vacacións, pero, claro, con toda a burocracia da normativa laboral, etc., etc. De repente, pois había que comprar unhas mascarillas, pagábalas a un prezo exaxerado, seguramente, polo tema da urxencia e da demanda, e, de repente, eran intervidas na fronteira despois de telas pagado —no meu caso, o Concello de Ourense—, eran desviadas para os servizos sanitarios, aos que lles facían moita máis falta, e, de repente, os nosos traballadores quedaban sen elas, ou había que darlles unhas que non tiñan certificado, pero era mellor unhas sen certificado, ou unha ou ningunha, etc.

Temos moitas cousas que volver repasar desa época. Loxicamente naquelas situacións ás veces había que tomar unhas decisións sobre as que non estaban moi seguros de que fosen as axeitadas, pero xa vos digo: os policías locais reclamaban dúas, o persoal dicíache a normativa pola que tiñan que quedar dúas por día, unha para cada catro horas, si, pero non había ningunha, e, de repente, dicíanche que os servizos sanitarios tiñan que lavalas e reutilizalas dun día para outro.

Efectivamente, eu penso que, aínda que só sexa como estudo do que pasou, para aprender desas situacións singulares, caóticas en moitos aspectos, poderíamos volver estudar todo o



que pasou. No caso concreto que nos ocupa, todas esas contratacións das que se está falando. Eu non quero criminalizar de entrada nin quero pensar mal de entrada. Eu son un gran defensor da presunción de inocencia, que é unha cuestión que tardou séculos o ser humano en interiorizar, polo menos no ámbito do dereito. Tamén é certo que os políticos, moitas veces, parecemos ter presunción de culpabilidade; parece que nós, os políticos, para a xente, por defecto, somos culpables; non. Non quero entrar, non quero criminalizar, non quero pensar nos pescadores do río revolto, pero si que me parece interesante, non soamente no caso concreto do Parlamento, e non soamente ao mellor cun afán fiscalizador, cun afán acusador ou cun afán morboso, non, non, aínda que só sexa polo efecto colateral da aprendizaxe de tratar de analizar xa con calma, polo miúdo, tratar de aprender. Din os psicólogos que nas situacións así a memoria funciona moi ben, normalmente recordamos moi ben o que nos pasou pois nun momento de tensión; ¿onde estaba vostede cando mataron a Kennedy?, ¿ou onde.....? Nos momentos de tensión din os psicólogos que recordamos todo moi ben, recordamos o que pasou o día antes, recordamos o que pasou o día despois, que pasou, ¿onde estaban vostedes cando foi o 23-F? E din que o recordamos moi ben para que despois poidamos recordar —a selección natural deunos esa capacidade—, para que despois poidamos con calma pensar, analizar o que pasou, por que pasou, etc., etc.

Pois, nese sentido, teño que dicir que vou apoiar a proposta do BNG, porque nos pode facer aprender moito, pódenos facer aprender moito de como se comportaron as administracións durante esa época, de como se pode ter un *feedback* interesantísimo para que, se se dá unha situación similar ou igual no futuro, ter xa unhas ferramentas burocráticas, unhas ferramentas legais, á parte loxicamente do labor de control ou de transparencia —como lle queiran chamar— para todo iso. Claro, queda a dúbida: ¿unha entidade independente ou como propón o Partido Socialista?

A nós parécenos ben a proposta do BNG. O complicado é onde está a independencia desas entidades. Todos coñecemos casos de escándalos soados en consultoras e nesta clase de entidades, pero ben, tamén nos parece ben a emenda do Partido Socialista; se o Bloque admite a emenda, votaremos a favor da emenda e, se non a admite, votaremos a favor da moción inicial.

E xa digo: non me move un ámbito morboso de coñecer as posibles fraudes, digo posibles como posibilidade teórica; hai anos lin un libro de fraude empresarial, de teorías, era un libro gordo e na primeira páxina tiña dúas frases que puñan: «*Regla número uno: fítese solo de las buenas personas. Regla número dos: no existen las buenas personas.*»; esa foi unha frase que aparecía naquel libro.

E, dalgunha maneira, somos seres humanos e non vén mal que se analicen as nosas accións, fundamentalmente cando temos algún tipo de responsabilidade pública.

E nada máis. Espero ter transmitido a miña idea axeitadamente. Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.



Ten a palabra don Roberto Rodríguez Martínez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidenta.

Ao señor Tabarés e á señora Iglesias parecía que non lles chegaba o tempo para relatar esa presunta corrupción. Eu confío en que me sobre tempo para desmontala.

Bo día a todos. Gustaríame, en primeiro lugar, deixar constancia da honra e do agradecemento que supón tomar por primeira vez a palabra dende esta tribuna; a honra por ter a oportunidade de facelo na Casa en representación de todos os galegos; e agradecemento aos máis de setecentos mil que depositaron a súa confianza no Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*), que si, señorías, si, gañou as eleccións, e por iso esta Cámara reflicte á perfección a vontade que libre e maioritariamente expresaron nas urnas.

E, aínda que isto é evidente —lembrar que o Partido Popular en Galicia gañou as eleccións—, non parece estar de máis, porque semella que a oposición inicia esta lexislatura con algún que outro problema de memoria. Aínda que nuns intres falaremos de memoria democrática, é curioso que, ao mesmo tempo que poñen tanto empeño en lembrar o que ocorreu neste país hai noventa anos, poñan aínda máis empeño en esquecer o que ten ocorrido hai escasamente vinte anos, e por iso vostedes en mes e medio van volver concorrer ás eleccións europeas da man dun partido que no 2024 ten problemas para dicir que ETA foi unha banda terrorista. (*Aplausos.*) Non é tan complicado: ETA foi unha banda terrorista. E seguen vostedes con problemas de memoria, porque parece que nesta iniciativa pretenden vostedes esquecer que hai catro anos houbo unha pandemia mundial e que a xestión que fixo o Goberno galego naquelas circunstancias tan extremas foi exemplar, máis aínda comparada coa xestión que fixo o Goberno central que vostedes apoian, e por iso vostedes formulan unha iniciativa do estilo «difama que algo queda», pero o máis triste é que o fan única e exclusivamente para cumprir co seu papel de tonto útil —en termos estritamente políticos— de Sánchez. Seguen a ser vostedes un nacionalismo que lle sae moi barato a Sánchez pero moi caro aos galegos, señores e señoras do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

E fano pese a que vostedes son afortunados, porque vostedes poden vir aquí debater sobre os contratos de emerxencias subscritos durante a pandemia no sector público autonómico, con pleno coñecemento do seu contido. ¿Por que? Porque foron publicados no seu día no Portal de Transparencia da Xunta en tanto non foi tecnicamente posible a súa incorporación á plataforma de contratación, porque en decembro de 2020 foi remitida a este Parlamento unha relación detallada de todos eses contratos e porque, en outubro de 2020, este Parlamento, grazas ao apoio do Partido Popular de Galicia, acordou a fiscalización por parte do Consello de Contas de toda esa contratación de emerxencia.

Xa me gustaría a min, xa me gustaría a min ter esta oportunidade no Concello da Coruña, no que goberna o PSOE co apoio do Bloque Nacionalista Galego, porque alí a día de hoxe seguen sen publicarse os contratos por vía de emerxencia subscritos na pandemia. Porque alí seguimos sen ter acceso a eses contratos pese a telo solicitado, por certo que é habitual; no que vai de mandato solicitamos copia de 142 expedientes e déronsenos 2; por suposto, destes tampouco; iso si —non é nada persoal, que ninguén se preocupe— porque eses



contratos tampouco se teñen remitido ao Consello de Contas, e veñen aquí falar de transparencia.

Por certo, señor Besteiro —que agora non está, pero confío en que lle trasladen a pregunta os seus compañeiros de bancada—, ¿sabe quen está a negar o acceso a esta documentación?, ¿sábeo? O secretario de Organización que vostede aspira a liderar a partir desta fin de semana, o señor Lage Tuñas (*Aplausos.*), cuxa xestión na cidade se caracteriza por ter competencias en tráfico e aparcar en zonas de mobilidade reservada a persoas con mobilidade reducida, ter competencias en persoal e acumular sentenzas pola súa política arbitraria a base de fichaxes afíns que coloca en postos clave, ter competencias de transparencia pero presentar unha declaración patrimonial na que non fai constar o valor dos seus bens e, por último, ter competencias en materia de urbanismo e facer obras sen licenza.

¿Que vai facer a alcaldesa da Coruña, que o BNG apoia? Nada. E por iso eu pregúntolle, señor Besteiro: ¿que vai facer vostede? ¿Vai consentir vostede que isto siga a ocorrer na Coruña a partir do luns? Esa é a pregunta que vostede ten que contestar.

Pero volvamos ao Bloque Nacionalista Galego, porque, cando non teñen problemas de memoria, os problemas son de coherencia. Tanta preocupación que teñen por calquera sombra ou dúbida de posible corrupción neste tema e resulta que no Concello de Santiago, cando se lles pon a proba, e logo de rexistrar esta iniciativa no Parlamento de Galicia, se lle solicita unha auditoría como a que vostedes piden hoxe, resulta que non, resulta que a súa resposta é que o Consello de Contas non ten toda a información. A ver, ¿como vai isto?, para que nos enteremos, porque hoxe é o primeiro día, ¿como vai isto? Resulta que, cando se trata da Xunta, o problema é da Xunta, e, cando se trata do concello no que gobernan vostedes, o problema é do Consello de Contas.

Miren, a ver, entre o pazo do Hórreo e o pazo de Raxoi hai apenas un quilómetro, non é posible tanta contradición, non é posible tanta contradición. (*Aplausos.*) Pero o que pasa é que vostedes, en contra do que dixo o señor Tabarés, non están comprometidos coa corrupción. A vostedes non lles preocupa a corrupción. Se tanto lles preocupara, retirarían inmediatamente o seu apoio en Madrid a un goberno no que a Xustiza si atopou indicios de corrupción e enriquecemento ilícito de cargos públicos.

Pero a vostedes o único que lles interesa é outra cousa. Aos compañeiros do Partido Socialista si que lles interesa a corrupción. Preocúpalles. Pero a propia, non a allea.

Recoñézolles a valentía de falar na súa emenda de conflitos de intereses coa que está a caer en Madrid e recoñézolles tamén a valentía de que veña aquí a señora Iglesias —que ata onde eu sei é letrada do Consello de Contas— pedir o VAR do Consello de Contas. É dicir, o Consello de Contas xa falou, señora Iglesias. ¿Que é o que ocorre? Que a vostedes non lles gusta o que dixo. Non lles gusta o que dixo e por iso queren outra auditoría de resultados. Voulles dar a verdadeira auditoría de resultados: Galicia foi a comunidade autónoma con maior porcentaxe de supervivencia durante a pandemia. ¡Esa é verdadeira auditoría de resultados! (*Aplausos.*)





Pero o único que lles interesa —e vou rematando—, a vostedes é meter a toda custa a Xunta no mesmo saco que Koldos, Ábalos, Illas e Armengoles. Home, vir aquí falar da Oficina de Transparencia de Illas Baleares... Home, é que valentes si que son. (*Risos.*) Pero moi ben non debía de estar funcionando, se non a señora Armengol —terceira autoridade do Estado— non estaría metida no embrollo no que está, ¿verdade?

Pero bueno, o caso é facer acusacións baleiras, inxustificadas e indiscriminadas. Falan de falta de xustificación da emerxencia, cando o propio Consello de Contas reconece que a mecánica seguida era plenamente xustificable debido á situación de anormalidade á que había que facer fronte; e sen poñer ningún reparo de legalidade. Repito: ningún reparo de legalidade. Non existe ese relato corrupto que vostedes pretenden.

Falan de superar o límite de trinta días para a execución dos contratos. ¿Pero é que xa non nos lembramos das circunstancias dos mercados? ¿Do peche de fábricas? ¿Do peche de fronteiras? ¿Da ruptura dos stocks? Houbo ocasións nas que o material non chegou nese prazo, é certo, pero como eses produtos seguían a ser necesarios recepcionábanse igualmente. ¿Ou que farían vostedes? ¿Rexeitarían ese material? ¿Exporían os nosos sanitarios a non estar protexidos? ¿É o que farían vostedes?

Pero, aínda así, ¿saben en cantos contratos excedeuse ese prazo de trinta días? En 2020 só en 67 dun total de 856. O 2,62 por cento do custe total dos contratos efectuados en toda a pandemia. E poñen, aínda por riba, en dúbida a actitude e capacidade das adxudicatarias.

Por razóns máis que obvias, a estratexia de compras baseouse na diversificación das fontes para evitar eses cortes de subministración, pero nun 78 por cento as adxudicatarias foron provedoras habituais do Sergas. Tan só 14 dun total de 62 empresas non o eran, pero o seu material cumpría e pagáronse ademais a prezo de mercado.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Vou rematando, si. Falan vostedes de irmáns e de cuñados de altos cargos. Falen de altos cargos, si, vostedes diso saben. Ao mellor aquí non se lembran, porque hai moitos que non estaban, pero a señora Pontón xa estaba daquela e pódelle explicar quen era Carrumeiro. Pódelle explicar: 1,5 millóns de euros a dedo en contratos menores e non había unha pandemia por medio; o que había era galescolas. Pregunten.

E remato. Galicia está moi orgullosa do traballo e da entrega de todas as persoas que tiveron a responsabilidade de xestionar a pandemia no sector público autonómico. E aquí vanme permitir que faga un recoñecemento expreso ao noso compañeiro Julio García Comesaña, que estivo á fronte desa xestión exemplar en todo o país. (*Aplausos.*)

Superen —e remato xa— vostedes esa sorte de duelo político que padecen dende o 18 de febreiro. O PPdeG goberna porque así o quixeron os galegos e as galegas, ao igual que decidiron que vostedes sigan na oposición. Avancen nese duelo. Canto antes superen a fase de negociación na que aínda están e cheguen á de aceptación —de ser posible, afórrennos a fase de ira— mellor servizo lles prestarán aos galegos e as galegas.





Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o autor propoñente da proposición non de lei. Ten novamente a palabra o señor don Iago Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señora presidenta.

Bueno, que a xestión foi moi boa, á vista está. Xa non está no Goberno da Xunta de Galiza, iso debe ser un premio á xestión. (*Aplausos.*) Non somos nós; é o propio señor Rueda.

De todas as maneiras quero felicitar o deputado que defendeu a postura do Partido Popular. A verdade é que foi unha sorpresa que, en contra das previsións —das miñas modestas previsións—, ata o minuto de desconto non pronunciou a palabra «Koldo». É dicir, era visto que ía falar de ETA, iso estaba visto. Chamoume a atención tamén que esquecese Venezuela; iso é parte do argumentario. (*Aplausos.*) Fala de Santiago de Compostela, da Coruña... de todo menos do que é o contido da moción, do que é o contido da iniciativa.

Por certo, tampouco estaría de máis cando se fala de informes do Consello de Contas ler os informes do Consello de Contas, porque todo o que dixo o Bloque Nacionalista Galego hoxe aquí díxoo o Consello de Contas. Non hai nada de I+D+i nas apreciacións que fixo este deputado nesta tribuna; todo son reproducións das apreciacións do Consello de Contas.

A falla de información e publicidade, tamén podería tomar a molestia de ir á Plataforma de Contratación da Xunta de Galiza e ver se é quen de entrar nos contratos de emerxencia. Xa lle anticipo, para que non colla o traballo —por se aínda ten a tentación—, que non atoparía documentación ningunha sobre os contratos realizados vía de emerxencia pola Xunta de Galiza.

E despois resulta curioso que fale de que só en 67 contratos se excedeu do prazo de un mes. En primeiro lugar, o prazo ese de un mes é esencial; é o que xustifica a contratación de emerxencia. Incumprido ese prazo de un mes, non procede —sería nula— esa contratación a través de emerxencia. Porque como é urxente hai que cumprir ese prazo de un mes.

Eses 67 contratos só se refiren ao Sergas, a unha parte do Sergas; non a toda a Xunta de Galiza. A meirande parte da Xunta de Galiza non foi fiscalizada e auditada polo Consello de Contas. Polo tanto, só se refiren a unha parte do Servizo Galego de Saúde. E, como indica o propio Consello de Contas, nin sequera a meirande parte das áreas sanitarias. ¿Sabe por que? Porque as memorias, cando a Xunta de Galicia as fixo, fíxoas unha vez executado o contrato. Por tanto, todo cadraba, porque as fixo despois e entón fíxoas a medida.

Por iso hai que dotar de transparencia. Esta iniciativa o que busca é transparencia, o que busca é loitar contra a corrupción. E a corrupción, aínda que o pareza, non é exclusiva do Partido Popular. Iso si, agora pareceo, porque teñen ateigada a Audiencia Nacional cos seus casos e operacións, pero non é exclusiva do Partido Popular. (*Aplausos.*) A corrupción é un



problema para a sociedade. É un problema cuantificado en 90.000 millóns de euros do Estado. Hai que loitar contra a corrupción e gustaríanos contar co voto favorable do Partido Popular. Cambiar de postura, porque isto é contra os servizos públicos. Por iso fixen na introdución un pequeno detemento da importancia que ten a transparencia na contratación pública.

E si, efectivamente, un dos principais adxudicatarios —que non era do sector sanitario e que non tiña relación previa coa Xunta de Galiza, como vén nos informes do Consello de Contas— si era unha empresa onde o cuñado de Núñez Feijóo ten un alto cargo, e si foi a empresa que recibiu aproximadamente vinte millóns de euros en contratacións a dedo da Xunta de Galiza.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** E iso é o que queremos investigar, porque non está fiscalizado. E outra empresa onde estaba de comisionista o compañeiro de Ayuso tampouco era contratista da Xunta de Galiza con anterioridade, como ben reflicte o Consello de Contas.

Por iso necesitamos... Por iso a sociedade exige fiscalización, exige ver que se fixo en materia de contratación pública mentres estabamos confinados e mentres os empregados e empregadas públicas estaban arriscando a súa vida por nós. Iso, cando menos, debémosllo a esas persoas e debémosllo á sociedade.

Non imos aceptar a emenda do Partido Socialista. Non porque non teña sentido; é máis, nós consideramos que a realización desta auditoría externa é perfectamente compatible co que refire o Grupo Parlamentario Socialista. É máis, manifestamos a nosa disposición a apoialo cando se presente no plan de traballo do Consello de Contas, que enseguida o substanciaremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe impulsar en relación co desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda que leva o número 2.291 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Mercedes Queixas Zas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta a:*

*- Institucionalizar o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir, para honrar Alexandre Bóveda e todas as persoas perseguidas e asasinadas polo franquismo en Galiza.*

*- Declarar lugares de Memoria Democrática o Pazo de Meirás e a Illa de San Simón de acordo co procedemento establecido na Lei estatal de Memoria Democrática.>>)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para propoñela, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Paloma Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Nesta primeira intervención aproveito para darlles a benvida a todos os deputados e deputadas, sobre todo aqueles que se inician neste labor parlamentario, e ofrecerlles a man tendida para todos aqueles acordos que enriquezan o noso país.

Falaba o outro día o presidente Santalices nesa apertura formal da necesidade de dar exemplo de concordia. Establecía como exemplo a concordia que debía reinar neste hemiciclo e dentro, en xeral, do debate político. Os meus compañeiros e mais eu asumimos esta necesidade e compartímola. Por iso decidimos iniciar esta lexislatura cunha proposición de lei como a que hoxe veño defender. Porque nela o que pedimos é a máxima expresión de concordia e de humanidade.

Hoxe é San Jordi, día do libro, e lémbrome do último libro que lin, do escritor galego Agustín Fernández Paz. Este libro titulábase *Corredores de sombra* e falaba de rescatar a memoria da voracidade do esquecemento. Iso é o que pretendemos con esta iniciativa. Isto e que se cumpra a Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática.

Levamos anos de silencio en Galicia, de mirar cara a outro lado. A política dos sucesivos gobernos do Partido Popular en materia de memoria histórica é nula. ¿A que teñen medo, señorías do Partido Popular? Dende o ano 2010 non cumpren ningunha das leis de memoria, nin a lei de memoria de Zapatero nin a lei de memoria democrática actual. Cando chegaron ao goberno no ano 2009 existían en Galicia moitos proxectos que foron aniquilados. Existía un orzamento de aproximadamente un millón de euros destinado a este fin, colaboracións coas universidades, coas asociacións que tanto traballo fan para recuperar a nosa historia, recoñecementos públicos a persoas que tiveron un papel importante na historia da nosa autonomía e moitas máis accións. E chegou o Partido Popular no ano 2009 e aniquilou todo dun plumazo, desapareceu todo. Desapareceron os orzamentos, os programas, a colaboración coa universidade, as axudas ás asociacións... Non pode este Goberno do Partido



Popular seguir mirando cara a outro lado. Ten o deber moral de neutralizar o esquecemento e evitar a repetición.

Señor Fernández, nós os socialistas non temos ningún interese en lembrar algo que pasou. Non está o señor Fernández, pois poden trasladarlle que nós non temos ningún interese en lembrar algo de hai noventa anos; o que pensamos como sociedade é que temos o deber de memoria. Un deber de memoria coas persoas que foron perseguidas, encarceradas e torturadas, que perderon os seus bens e ata a súa propia vida por defender a democracia, a liberdade e a autonomía que hoxe nós desfrutamos.

E iso é o que nós queremos: a memoria das vítimas dese golpe de estado, da Guerra Civil e da Ditadura franquista, o seu recoñecemento, a reparación e a dignificación. Representan, polo tanto, un deber inescusable moral da vida política e un signo, ademais, de calidade democrática.

Estamos, ademais, a contemplar atónitos o que está a suceder noutros lugares de España, noutras comunidades autónomas capitaneadas pola ultradereita que secunda o Partido Popular. Un Partido Popular que durante todo este tempo mudou o seu posicionamento cara a un preocupante xiro á ultradereita. Cronoloxicamente e fácil corroborar isto.

Miren, no ano 2009, como dicía, chega Feijóo á Xunta. Un primeiro orzamento no ano 2010 reduce notablemente a partida de memoria e a partir do segundo orzamento esta partida desaparece. Sucesión de Rueda incluída, esta partida segue a ser de cero euros.

Paralelamente, no Estado, ese Goberno de Mariano Rajoy no ano 2011 fai o mesmo: redúcea á metade no seu primeiro ano e despois fai desaparecer esta partida para políticas de memoria. E Mariano Rajoy nunha entrevista que foi bastante coñecida, cando lle preguntaban se ía derrogar a lei de memoria de Zapatero, dicía: «Non, a verdade, o que vou facer é non dotala de orzamento».

E dicía tamén o señor Catalá que que non teñamos orzamento para políticas de memoria non quere dicir que non as desenvolvamos, senón que nós mantemos aberto ese mapa web de fosas e hai un funcionario que as xestiona e as actualiza. Polo tanto, aí vai dedicado o orzamento. Iso é o que lle importaban ao Partido Popular as políticas de memoria.

Pero agora o escenario estase a converter en moito máis perigoso. O PP está a asumir o branqueamento do franquismo imposto por Vox nas comunidades autónomas alí onde gobernan. Están a derrogar normas autonómicas (como a norma de Aragón, as leis da memoria histórica democrática da Comunidade Valenciana, de Cantabria ou ese real decreto de memoria histórica de Castela e León) e son substituídas por esas mal chamadas «leis da concordia». Unha ofensiva baseada en consignas negacionistas como: hai que pasar páxina, non reabrir feridas, todos fomos culpables... Discursos que escoitei algunha vez nalgún acto institucional tamén na anterior lexislatura, equiparando os réximes totalitarios con réximes democráticos. Esta derogación das leis de memoria con esas chamadas leis da concordia pretende condenar de novo as vítimas do franquismo e equiparar etapas democráticas con dereitos, como foi a II República, con etapas de réxime totalitario, como foi a Ditadura franquista.



Galicia ten que dar exemplo. Falaba tamén o señor Santalices de poñer barreiras aos radicalismos. Polo tanto, temos aquí unha primeira oportunidade de poñer esa barreira aprobando por unanimidade esta iniciativa.

Rueda dicía nunha entrevista que el non ía aprobar en Galicia unha lei da concordia porque aquí non facía falla, porque as leis en materia de memoria histórica en Galicia eran suficientes. Bueno, son suficientes porque non existen. Despois tamén dicía que a verdade é que non coñecía a fondo estas leis. Esa ambigüidade preocúpanos, porque temos medo de que reciba un mandato de Madrid e esta postura cambie.

Polo tanto, creo que debemos consolidar os dereitos que adquirimos co noso ordenamento constitucional. Pero non podemos confiarnos, porque non todo está blindado e, polo tanto, o esquecemento non é unha opción para a democracia. Por iso, en cumprimento desta lei de memoria, nós planteamos que se aproben estes días —o 31 de outubro e 8 de maio— como os días para celebrar no noso país actos institucionais de recoñecemento e de conmemoración. O día 31 de outubro como referencia ás loitas individuais ou colectivas dos homes e das mulleres galegos e galegas pola conquista dos dereitos, as liberdades e a democracia, e o día 8 de maio como o día de recordo de homenaxe ás vítimas do exilio como consecuencia da Guerra e da Ditadura.

Con relación á emenda do BNG, o Grupo Socialista o que está a pedir nesta iniciativa —como levo reiterando dende o inicio— é o cumprimento da Lei de memoria democrática. Unha lei que temos que lembrar que foi froito de moito traballo. Moito traballo de consenso coas asociacións de memoria, pero tamén de consenso entre as diferentes forzas políticas progresistas —aínda que o BNG se abstivo na votación—. Polo tanto, e partindo desta premisa do cumprimento da Lei de memoria democrática, nós imos admitir como engádega este punto segundo da emenda, o que fala dese capítulo IV da Lei de memoria, do deber de memoria democrática. Fala dos lugares de memoria como aqueles espazos nos que se desenvolveron feitos de singular relevancia pola súa significación histórica vinculada á memoria. Entendemos perfectamente que cumpren estes requisitos tanto o pazo de Meirás como a illa de San Simón.

Pero en relación co punto primeiro da emenda, pois non o imos aceptar. Cremos que estas datas, a data do 8 de maio e do 31 de outubro, son datas previstas na lei; cremos que son froito do consenso e temos que respaldalas. Recoñecemos a figura de Bóveda como un loitador polos dereitos, as liberdades e a nosa autonomía e consideramos que ten que ser recoñecido, como moitos outros homes e mulleres que foron asasinados e sufriron en Galicia a represión franquista.

Por iso, aprobamos ademais —lémbrolles— por unanimidade unha iniciativa presentada polo BNG na Comisión 1ª o 3 de novembro do 2021 na que aprobabamos de forma consensuada que o Parlamento organizase unha homenaxe ás vítimas galegas, coa participación das asociacións de memoria.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CASTRO REY:** Si.



Tamén se aprobou que se organizase un acto de homenaxe a Alexandre Bóveda en recoñecemento da súa esencial participación no Estatuto do 36 e dos seus valores e compromisos na defensa de Galicia.

Polo tanto —e remato—, asumimos ese punto segundo, pero rexeitamos engadir ese punto primeiro da emenda.

E máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

«A memoria ten que ver co presente porque, se non sabemos quen somos, non sabemos quen queremos ser. E ten que ver co futuro; se non temos identidade, ¿como imos poder vivir?». Estas son palabras da escritora Almudena Grandes, que son ben acaídas para esta proposición non de lei que trae o Grupo Socialista, centrada na memoria das vítimas do franquismo e do exilio. Unha oportunidade para posicionar nesta Cámara galega o traballo político de cada grupo parlamentario e afrontar o pasado desde a ética do presente. Deste presente do que aquí e agora nesta Cámara galega somos nós protagonistas e, polo tanto, tamén responsábeis das decisións e das consecuencias das decisións que adoptemos.

«Non hai peor desterro que aquel que se sofre no propio país». Estas son palabras dun desterrado, dun exiliado, Castela, vítima de todos os destellos até a mesma noticia da súa morte, censurada nos medios de comunicación por orde ditatorial. A verdade, a xustiza e a tolerancia non sempre escapan do destello imposto por censuras e vetos. Pensar diferente hoxe —aínda hoxe— impón destellos no teu propio país. Acabamos de vivilo en primeira persoa Montse Fajardo, Elsa Quintas, María Xesús López e eu mesma, censuradas moi poucos días despois das eleccións do 18 de febreiro por facermos parte ou por apoiarmos o proxecto de Goberno alternativo do BNG para Galiza. Desterrada a nosa voz polo Goberno do Partido Popular na Deputación de Pontevedra nun ciclo de conferencias chamado «Aquí faltan páxinas», centrado precisamente en rescatar biografías de mulleres invisibilizadas. No meu caso, por ser culpábel de escribir a memoria e a biografía da escritora viguesa María do Carme Kruckenberg. Máis nós, benquerida Carme, seguimos aquí ancoradas ao teu verso. «Que non te invalide a indiferenza». (*Aplausos.*)

É esta, pois, unha oportunidade para non pasar outra vez páxina en falso, senón para reescribirla en clave de verdade, xustiza e reparación. Unha nova oportunidade para facelo quen está lexitimado para gobernar por decisión soberana do pobo galego, o Partido Popular. E para posicionar a respecto da súa política de defensa da memoria democrática. ¿Seguirá a ser a mesma ou, de vez, comezará a ser nova?





Correspóndelle tamén decidir ao Grupo Parlamentario do Partido Popular de que lado da historia se quere colocar; mesmo se está decidido a superar os lazos que unen o seu partido co franquismo, dende a súa fundación a cargo dun ministro da ditadura, como o señor Fraga Iribarne, grazas a unha transición que blindou a impiedade cunha lei de amnistía —ou máis ben de amnesia— dos crimes, espolios e abusos do franquismo até os actuais e efusivos abrazos co fascismo de Vox a cambio de poderen gobernar xuntos concellos, deputacións e comunidades autónomas.

Hoxe abrímoslle neste primeiro pleno a porta á XII lexislatura. Hoxe, un 23 de abril, Día do libro, unha oportunidade para o Partido Popular de decidirse a escribir unha nova páxina no libro dos avances no recoñecemento da memoria democrática ou ficar inmovilizado de vez na mesma páxina negacionista. Esa páxina negacionista que caracteriza o libro do Goberno do Partido Popular dos últimos quince anos, onde se dá conta da erradicación das políticas públicas de memoria impulsadas polo BNG no Goberno bipartito 2005-2009 desde a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural baixo a dirección do compañeiro Luís Bará. Unha política con perspectiva de país, de clase e de xénero, continuada no tempo, sostida e entre as que salientaron —entre moitísimas outras actividades— a declaración do ano 2006 como o ano da memoria ou de San Simón como illa da memoria; o Consello da Memoria; a homenaxe nacional; Mulleres con Memoria; publicación de libros, exposicións, organización de congresos, xornadas...; ou mesmo —entre outras moitas— o proxecto de investigación universitario Nomes e Voces, liquidado polo Partido Popular en 2013, como tantos e tantos proxectos comprometidos coa verdade, a xustiza e a reparación que viron a luz.

O único investimento da Xunta dende o Goberno do Partido Popular en memoria histórica nestes anos foi financiar con máis de corenta e catro mil euros a familia Franco para a apertura do pazo de Meirás, algo ao que os Franco estaban obrigados por lei. Unha conivencia coa familia do ditador que volvemos comprobar agora cando, cumpridos tres anos desde o inicio da incoación do expediente BIC para a casa Cornide da Coruña, a familia Franco incumpre a obriga legal de abrir ao público de forma gratuíta como mínimo catro días ao mes durante catro horas a casa Cornide para o conxunto da cidadanía. E, mentres tanto, nestes longos tres anos a Xunta de Galiza, o Partido Popular, mirando para o outro lado, e as únicas declaracións no día de onte do señor presidente Rueda dicindo que «mirarán a ver, logo, se incumpre e, por suposto, que xa se tomarán medidas». «Tomarán». Coma sempre, ese futuro do Partido Popular conxugado como un tempo indeterminado e infinito.

No BNG, con todo, defendemos que sempre é boa hora para rectificar. Por iso, convidamos o Partido Popular a facelo e inaugurar, por fin, unha nova etapa cunha verdadeira política pública de memoria democrática. O Grupo Socialista insta nesta proposición non de lei a Xunta a celebrar dúas datas, o 31 de outubro e o 8 de maio, tal e como prescribe o marco estatal da Lei 20/2022, de memoria democrática, nos artigos 7 e 8. Hai que dicir que sorprende esta decisión final destas dúas datas nesta lei cando —até onde nós sabemos— ningunha asociación memorialista as propuxo. Cumprir a lei non debería ter que ser reclamado a un goberno. No BNG entendemos que nesta Cámara cómpre ir moito máis aló —nesta Cámara galega, non o esquezamos—, poñendo o foco na realidade galega para instar o Goberno do Partido Popular a iniciar unha política memorialística propia e adaptada á singularidade da guerra e da ditadura franquista en Galiza.



Por iso, nós presentamos esta emenda de substitución que seguimos a soste. Non nos parece que sexa posíbel deslindar o segundo punto do primeiro e que lerei agora de novo de forma conxunta. Dende o BNG, polo tanto, instaríamos a Xunta a institucionalizar o 17 de agosto como o día da Galiza mártir para honrar Alexandre Bóveda e todas as persoas perseguidas e asasinadas polo franquismo en Galiza. E instar o Goberno do Estado a declarar lugares de memoria democrática o pazo de Meirás e a illa de San Simón, de acordo co procedemento establecido na Lei estatal de memoria democrática.

Comezaba as miñas palabras cunha cita da escritora Almudena Grandes e hoxe, 23 de abril, Día do libro, quixera rematar cun pequeno poema de Luisa Villalta, autora galega homenaxeada o próximo 17 de maio, que teñen moito a ver coa memoria democrática da que estamos falando: «As redes da inmortalidade recollen o cardume do medo, cada día somos superviventes, o alimento para os que sobrevivan».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

A miña intervención será breve.

Sinxelamente, quero dicir que a min me gustaría máis que a proposta do Bloque en relación ás datas polo tema de facelo con especificidade propia de Galicia. E nos lugares eu ata proporía algún na provincia de Ourense, por exemplo, o Alto do Forriolo ou a ponte de Castrelo, pero bueno.

E nada máis. En principio, apoiarei a moción que saia para adiante, que imaxino que será do PSOE por non ter aceptado a emenda do BNG. É unha cousa da que poderíamos falar longo e tendido, horas e horas e anos e seguramente seguiríamos falando. Pero, neste caso concreto, anuncio o meu voto a favor.

Nada máis. Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Polo Partido Popular, o señor Gonzalo Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moi bos días, señorías.

A Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, declara o 31 de outubro como Día do recordo e da homenaxe a todas as vítimas; data que, ademais, coincide coa aprobación en 1978 da Constitución española polas Cortes e que tamén coincide con que vinte e nove anos despois se aprobou no Pleno do Congreso a Lei de memoria histórica. Así mesmo,



declara tamén o 8 de maio como Día do recordo e da homenaxe ás vítimas do exilio como consecuencia da guerra e da Ditadura; data que, ademais, coincide coa celebración da vitoria europea sobre o fascismo e o nazismo.

É verdade que seguramente todas as señorías saben que inicialmente esta celebración non era o 8 de maio, senón que era o 9 de maio, pero para moitos países o final da Segunda Guerra Mundial deu inicio a unha nova era de represión baixo a dominación soviética, e só agora, cando por fin eses países son libres e democráticos, quixeron celebrar o fin do nazismo cunha data que non coincidise coa celebración que facían os soviéticos ou que agora, por exemplo, está a celebrar Putin. Pero supoño que ese baile de datas vostedes xa o coñecían perfectamente.

Como ben dicía, o artigo 7 da lei declara o día 31 de outubro de cada ano como Día do recordo e da homenaxe, e tamén o artigo 8 desa mesma lei declara o día 8 de maio. Señorías, se a lei, unha lei plenamente vixente, que ademais foi respaldada polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista —pero que está plenamente vixente e que está a funcionar supoño eu que de forma correcta—, ten xa feita esta declaración e considera estes días como de especial relevancia, ¿non é un pouco raro que nós fagamos a mesma declaración? ¿Non lle parece a vostede un pouco raro pedir que este Parlamento faga a mesma declaración?

E pasan cousas como, por exemplo, o que acaba de facer agora o Bloque. Parece que o Bloque Nacionalista, que pode compartir unha parte da súa intervención ou da súa motivación, xa ve que, por exemplo, pon datas diferentes ás que vostede está a propoñer. ¿E que pasaría se este Parlamento, por exemplo, declara esas datas que propón o Bloque Nacionalista, pero non as que propón vostede? Pois sería un pouco un sentido e meteríanos nunha situación bastante absurda.

Pero é que, ademais, se nos poñemos a facer declaracións de días que xa están declarados como días de celebración nacional ou días oficiais, como pode ser, por exemplo, o 1 de maio, o Día dos Traballadores, ou como tamén se está a facer co Día da Constitución, pois entenderá vostede que sería unha situación, cando menos, un pouco rara.

E, como digo, esa rareza, ese absurdo da situación, pois o propio Bloque Nacionalista o sinala cunha emenda de substitución, que non de engádega; e non busca, como ben lle dixo, a súa transacción. Pero tamén é que vostedes xa sabían perfectamente iso. Tanto é así, e que non tiñan interese nesta iniciativa ou en debater esta iniciativa, que a que tiñan rexistrada xa hai máis de seis meses decaeu porque vostedes consideraban que non tiñan ningún interese en debatela na anterior lexislatura.

Pero, señorías, que ninguén se leve a engano. A proposición non de lei que hoxe nos presentan pouco ten que ver coa declaración de días de homenaxe, nin sequera coa súa celebración, e moito menos con esa vontade de reconciliación ou de concordia da que falaba a señora Castro. Simplemente asistimos a un novo intento de fomentar a crispación, de dividir a sociedade galega e de criminalizar a todos aqueles galegos que non comparten os seus plantexamentos políticos.

Sinceramente, creo que vostedes non aprenderon absolutamente nada das últimas eleccións, das eleccións galegas, nas que os galegos, primeiro, optaron maioritariamente pola forza



política que teño a gran honra de representar e nas que nos deron unha maioría absoluta aplastante, que vai permitir que haxa un goberno estable e que nos vai permitir, polo tanto, seguir medrando máis que o resto, seguir traballando máis pola cidadanía que o resto das comunidades autónomas e, en definitiva, traendo a esta Cámara e aprobando as cousas que lles importan a todos os galegos.

Pero no que se refire a vostedes, creo que deberían ter claro que os galegos non queren ningún tipo de sucursalismos, non queren partidos que, en lugar de defender os intereses dos galegos, fagan seguidismo do que lles están a dicir desde outros lugares. Por iso, señorías, nin Sumar, nin Podemos, nin Vox obtiveron representación nesta Cámara. E por iso a vostedes os galegos lles deron un aviso e os relegaron á forza minoritaria neste Parlamento, no Parlamento de todas as galegas e galegos. E non só os galegos dixeron non ao seguidismo de Ferraz, senón que tamén deixaron claro que non queren para Galicia o peor da política nacional, que é a confrontación, que é a división e que é a polarización.

Os galegos dixeron non aos muros, dixeron non ao acoso por parte do Goberno aos que pensamos de forma diferente, dixeron non ao acoso aos medios de comunicación que non reproducen a pies juntillas os argumentarios que lles envían desde Moncloa e dixeron non á mentira como forma de relacionarse coa cidadanía.

Fíxense, señorías, que ata o Bloque Nacionalista entendeu esa mensaxe dos galegos e branquearon ou suavizaron a súa imaxe, o seu discurso, a súa forma de entenderse cos galegos. É verdade que cando se rasca un pouco, pois volven ser o que sempre foron. Vímolos co programa electoral, cando levaban propostas coas que querían expulsar unha das linguas de Galicia da educación, cando querían tamén vostedes expulsar a Garda Civil da nosa da nosa terra ou incluso cando falaban de expulsar tamén o Constitucional. (*Murmurios.*) Porque vostedes entenden a política como un traballo de expulsión.

Pero tamén o vimos con Altri, cando vostedes pasaron de instar a Xunta de Galicia a que se volcase co proxecto a agora boicotealo. Nada novo. Vostedes, os do Bloque Nacionalista Galego, sempre foron os do non; foron os do non a calquera proxecto que xerese riqueza, que xerese emprego, e agora estámolo a ver con Altri. Pero tamén dixeron non ás renovables, tamén dixeron non ao turismo, dixeron non á acuicultura... En definitiva, din non a calquera proxecto que poida crear emprego ou riqueza para Galicia.

Señorías, volvendo á iniciativa, vostedes son perfectamente coñecedores das iniciativas que foron consensuadas e aprobadas neste Parlamento; iniciativas que buscaban impulsar a recuperación, que buscaban a memoria e tamén a concordia. Permítanme que dubide de que vostedes, ademais, teñan esa busca como o seu obxectivo. E non só o pensamos nós, senón tamén o pensan moitos socialistas; socialistas cos que eu tiven a oportunidade de debater aquí nesta Cámara, como foi o seu exportavoz Méndez Romeu, que precisamente sinalaba que esa lei que vostedes aplauden tanto é unha lei que nace con bastantes eivas, con bastante déficit; e, sobre todo, e o peor de todo, é que non buscan precisamente ese espírito de concordia.

Señorías, saben vostedes que a primeira condena do Congreso ao réxime franquista se obtivo co apoio unánime dunha cámara onde o Partido Popular tiña maioría absoluta. Tamén se



produciron neste Parlamento polo menos catro condenas do réxime franquista, e fixéronse, por suposto, como non podía ser doutra forma, co apoio maioritario do Partido Popular. Estamos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...e seguiremos estando nos actos que se realizan en Poio en homenaxe a Bóveda, e seguiremos estando e seguiremos colaborando tamén co Goberno central para desenvolver esa lei.

Señorías, esta é a realidade, pero é unha realidade que vostedes ignoran. ¿E por que teiman vostedes en falsear a nosa recente historia? A resposta é evidente: porque prefiren falsear o debate para obter réditos partidistas antes que recoñecer unha realidade que nos dignifica a todos como sociedade.

E, señorías —xa para rematar—, ¿por que fan vostedes isto agora? Xusto cando o Partido Socialista está asediado pola corrupción, polo tráfico de influencias, polo nepotismo, deciden recuperar unha iniciativa que presentaron nos concellos, que presentaron nas deputacións e que presentaron noutras comunidades autónomas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...que non é a nosa. Xusto cando lles saltan todos os casos de corrupción —o de Ábalos, o de Gómez, o do ministro do Interior, o do resto de ministros, o da presidenta do Parlamento, o do expresidente de Canarias, o de Air Europa, o de De Aldama, o das...—,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Trenor. Terminou o seu tempo.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...vostedes pretenden crear unha iniciativa para...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

A ver por onde empezamos.

Falaba vostede das datas do 8 de maio e do 31 de outubro, que son datas, a verdade, señora Queixas, acordadas dende o consenso maioritario. Vostede dicía que non había ese consenso. Non había ese consenso, ao mellor, no noso territorio, pero estamos a falar do ámbito estatal, onde se aprobou esta lei de memoria, e si que son datas onde houbo consenso estatal; e o que estamos a pedir é o cumprimento da lei.



Señor Trenor, quero dicirlle que eu o que pido é que Galicia se sume ao cumprimento da Lei de memoria e que leve a cabo eses actos institucionais, de recoñecemento e de conmemoración, que á data de hoxe aínda non o fixo, aínda non o cumpriu.

Dicía o outro día o presidente Rueda que non ía ser insumiso co cumprimento das leis. Referiríase á Lei de vivenda, posto que coa Lei de memoria está a ser insumiso dende a súa aprobación. *(Aplausos.)*

E a verdade é que a súa intervención me deixa claro o que dicía, o medo do que falaba ao inicio, na miña primeira intervención. Vostedes continúan coa súa política de avestruz; continúan a meter a cabeza debaixo da terra en relación coas políticas de memoria, pero aínda peor, ¿non? Porque falaba vostede de que noutras lexislaturas se aprobaron moitas iniciativas en materia de memoria neste Parlamento. Si, a verdade é que si, pero foron un brindado ao sol. Porque a Xunta de Galicia non cumpriu para nada e, repítolle, non existe ningún tipo de política de memoria en Galicia, salvo ese Plan cuadrienal 2020-2024, de determinación e exhumación de foxas, aprobado polo Goberno de España e con fondos do Goberno de España destinados ás comunidades autónomas. É a única política de memoria existente neste país.

Pero preocúpanme moito tamén moitas das manifestacións que vostede dixo agora mesmo na súa intervención e a súa actitude negacionista, falando de división, falando de mentiras, de radicalismos ou de falsear a historia. E dígolle que ninguén pretende —ou, polo menos os socialistas, dende logo, non— iniciar unha vingativa persecución contra os franquistas, senón rehabilitar a memoria dos represaliados, como xa lle dixen; e satisfacer os dereitos que teñen os seus familiares e todos os cidadáns demócratas a saber a verdade, a saber o que ocorreu de verdade. Porque os herdeiros desa historia somos todos, como di Julio Llamazares, veñamos de onde veñamos, pensemos como pensemos, para que saibamos e poidamos saber.

Vostede falaba de que por que queríamos recuperar nós e de que por que plantexabamos esta iniciativa. Pois nós plantexabamos esa iniciativa porque —repítolle— queríamos ese recoñecemento, esa conmemoración que vostedes non están a facer; polo tanto, non están a cumprir a lei. Pero tamén queríamos recuperar esta iniciativa, plantexar esta iniciativa, pola deriva perigosa que está a tomar o Partido Popular en todo o territorio español, porque eses pactos coa ultradereita os están a levar a anular leis que recoñecen o propio dereito internacional, o propio dereito internacional humanitario, como é o deber de verdade, xustiza, reparación e o deber de memoria como garantía de non repetición destes feitos traumáticos do pasado.

Señor Trenor, señorías do Partido Popular, nós o que queremos é a reconciliación, a concordia, para que nunca máis isto volva suceder. Cremos que estas persoas deben ser honradas, e, para honralas, é preciso lembralas. O restablecemento da xustiza e o fomento da reparación, como dicía, é unha obriga dos poderes públicos, para evitar a repetición de calquera forma de violencia política ou totalitarismo.

Eu dicíao na miña primeira intervención: cremos que temos unha democracia consolidada, pero, se miramos a outros países, vemos que ningunha democracia está blindada. Polo tanto,





hai que conseguir loitar e hai que seguir loitando por conservar os nosos dereitos, e para iso non hai que esquecer o acontecido no pasado.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CASTRO REY:** E máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir tres novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:*

*<<5- Reclamar ao Goberno do Estado a transferencia da xestión das bolsas universitarias.*

*6- Crear unha bolsa de vivenda en colaboración coas universidades galegas co obxectivo de que os mozos e mozas matriculados nas mesmas teñan acceso a unha vivenda digna e a prezos asequibles.*

*7- Aumentar o financiamento do Sistema Universitario Galego até chegar ao 1,5% do PIB.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días a todos e todas.

Señor presidente, señorías.

Para min é unha honra estar hoxe aquí, no primeiro pleno ordinario, despois de moito tempo traballando polo sistema universitario de Galicia, precisamente presentando unha proposta para ampliar os dereitos dos estudantes do Sistema universitario de Galicia.

Na pasada lexislatura, no debate do estado da Autonomía, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha resolución que apoiaba a gratuidade das primeiras



matrículas universitarias. Así mesmo, defendemos, na sesión plenaria do 10 de abril do 2019, unha proposición non de lei que instaba o Goberno galego a garantir a gratuidade das devanditas matrículas. Todas estas iniciativas foron rexeitadas polo voto en contra do Grupo Parlamentario Popular. A gratuidade da primeira matrícula en títulos de graos está xa implantada nos países máis avanzados economicamente de Europa: Países Baixos, Austria, Dinamarca, Finlandia, Noruega, etc.

Tras a subida do custo da vida real por mor da pandemia e a posterior situación económica, o Goberno de España aumentou a contía das bolsas universitarias para facilitar o acceso á educación superior, que permite que un terzo dos estudantes de grao e mestrado das universidades galegas xa teñan esa matrícula gratuíta.

A educación superior ten que entenderse como un dereito individual, ao igual que a educación primaria e secundaria, e como tal consideramos que debe estar cuberta para todas as familias galegas. E os socialistas e as socialistas entendemos que o Goberno galego ten que axudar a xente moza a acceder á educación universitaria. Agora é o momento de que o Goberno galego colabore na mellora da situación do estudantado da nosa comunidade.

No seu discurso de investidura, o presidente da Xunta reiterou a vontade de facer gratuítas as primeiras matrículas de grao, introducindo un pequeno elemento inquietante no seu discurso: que aprobasen o curso por ano. Este domingo analizouse a reunión do Goberno galego, que onte poñía en marcha a implantación desta medida. Anunciouse que o Consello do Goberno da Xunta poría en marcha a gratuidade das matrículas universitarias de graos. Os socialistas criamos que era unha medida insuficiente, e o noso portavoz, o señor Besteiro, pediulle ao presidente que fose ambicioso para implementar unha gratuidade real nos estudos universitarios.

Pero tras a reunión do Consello e da información do aprobado, a sensación non é de insuficiencia, senón de engano. O Consello da Xunta non aprobou onte a gratuidade das matrículas, non, o que aprobou foi unha nova fórmula de bolsa ao estudantado para aqueles estudantes que, cumprindo os criterios para unha bolsa do Ministerio, non poden acadala por superar os niveis de renda. É dicir, que beneficiará, en principio, o estudantado sen grandes dificultades económicas.

É posible que sexa unha boa proposta; non o creo, pero non é a anunciada gratuidade das taxas universitarias, e moito menos a gratuidade do cen por cento da ensinanza, desde a escola infantil ata a universidade, que reiteradamente prometeu o presidente da Xunta.

Hoxe os socialistas pensamos que a educación universitaria gratuíta é un dereito e, como tal, que debe ser universal e gratuíta na súa primeira matrícula, independentemente dos resultados académicos. Os dereitos non se inclúen na cultura do esforzo, que tanto lle gusta ao Partido Popular. Hoxe ten máis vixencia e oportunidade esta iniciativa de gratuidade das matrículas universitarias de grao, pero tamén de mestrado. Dende a reforma de Bolonia, a educación universitaria non pode considerarse só a nivel de grao, xa que as titulacións e as competencias profesionais, que anteriormente se adquirían en licenciaturas ou en enxeñerías, se adquiren agora en graos e mestrados. E, ademais, hai algúns casos de



competencias profesionais, como poden ser algunhas enxeñerías ou arquitectura, que se acadan no nivel de mestrado, así como a posibilidade do exercicio profesional, como pode ser a avogacía ou o profesorado de secundaria, no que necesariamente se ten que facer un mestrado obrigatorio.

Polo tanto, a proposta da Xunta de Galicia o que reproduce é a situación que neste momento existe xa desde o ano 2017 na Comunidade Autónoma de Andalucía, pero esquece os másteres. Por tanto, a gratuidade dos estudos universitarios non será o cen por cento gratuíta, como indicou o presidente Rueda reiteradamente, se non se inclúe todo o estudantado, con independencia dos resultados obtidos, e tamén as matrículas dos mestrados.

Igualmente, cremos que debe facerse un esforzo cara ao estudantado que, por diferentes razóns e excepcionalmente, non foi capaz de superar unha materia na súa primeira convocatoria, modificando o custo das segundas matrículas.

Outro aspecto que non podemos deixar pasar por alto é o efecto que esta gratuidade, ademais da acertada medida de conxelación desde o ano 2011 das taxas e prezos públicos, supuxo e supón para o financiamento das universidades públicas do sistema universitario. As vías de ingreso das universidades son dúas fundamentalmente: por un lado, as aportacións do Plan de financiamento da Xunta de Galicia e, por outro, os ingresos das taxas universitarias. Do Plan de financiamento xa teremos oportunidade de falar máis adiante nesta propia Cámara, cando se trate da adaptación da LOSU á nosa regulamentación.

Pero falemos un pouco das taxas. Como saben os deputados e as deputadas, o Goberno do Partido Popular, a través dun real decreto, no ano 2012, que establecía as medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo —do ministro Montoro, por se non soa—, estableceu que os gobernos autonómicos podían definir uns prezos públicos para os estudos universitarios entre o 15 e o 25 por cento do custo real da matrícula nas primeiras matrículas para o grao. Era un copago, era establecer un copago, xa que as comunidades autónomas establecían o custo da matrícula dun só curso, e a porcentaxe que as familias aportaban; a porcentaxe maior que aportaban as familias era a porcentaxe menor que aportaban as comunidades autónomas. Polo tanto, ese era un copago.

Na Comunidade Autónoma de Galicia adoptouse a medida de manter o custo das matrículas no ano anterior e ir á franxa máis baixa, que era o 15 por cento; por iso se estableceu un custo de 3.650 euros para as titulacións non experimentais —digamos— e de 5.170 euros para as enxeñerías e as titulacións de ciencias da saúde e experimentais. Xa naquel momento este custo quedaba absolutamente lonxe do custo real das matrículas. Desde ese momento —estou falando do ano 2011— ese 15 por cento do custo da docencia das universidades está conxelado, non se actualiza; pero está conxelado porque as universidades renuncian a ese incremento e a esa actualización. Polo tanto, para non prexudicar as familias, as universidades galegas están sufrindo unha deterioración constante dos ingresos recibidos por prezos públicos.

E incluso nalgúns casos en que se facía unha modificación dos prezos dos custos, como sucedeu no caso dos mestrados, nos que se reduciron os custos de matrícula —unha decisión



do Goberno do presidente Feijóo—, e que se nos dixo naquel momento que esta redución de ingresos das universidades ía ser compensada, esa compensación non chegou nunca.

Este, polo tanto, era o momento para que a Xunta de Galicia se fixese responsable das custos de matrículas que aboan as familias, de recoñecer o esforzo realizado polas universidades desde o ano 2011 e de realizar unha actualización progresiva dos ingresos por prezos públicos da primeira matrícula —que xa non recaía nas familias, senón na Xunta de Galicia— e así incrementar dalgunha maneira os fondos incondicionais que reciben as universidades dentro do Plan de financiamento. Pero, lamentablemente, a proposta da Xunta impedirá actualizar os prezos públicos. Xa anunciou o presidente da Xunta que van conxelar de novo as taxas dos graos e dos mestrados. Polo tanto, seguiremos nesa senda de cada día máis deterioración dos ingresos das universidades públicas galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta esta proposición non de lei na que insta a Xunta de Galicia a establecer un sistema de colaboración entre as universidades públicas de Galicia para revisar os sistemas de taxas e ir de verdade a unha gratuidade efectiva do cen por cento das matrículas dos graos e dos mestrados. Así si que se conseguiría que toda a educación universitaria fose gratuíta.

O segundo punto sería revisar as segundas matrículas en títulos de grao e mestrado e que estas se reducisen en parte para non sobrecargar os alumnos que excepcionalmente suspenden unha asignatura.

Esas dúas medidas serían sen prexuízo do financiamento actual das universidades e sobre todo da evolución do financiamento sucesivo futuro a raíz da implantación da LOSU, que, como saben, marca uns mínimos de financiamento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...para as universidades.

Vou rematando xa, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, remate xa. Mire o...

**O señor ABALDE ALONSO:** Si, si. É que, como son novo...

**O señor PRESIDENTE:** Xa, xa, pero así imos ir todos aos dez. Se deixásemos a cousa con dez, quedaría mellor. Dez para todos.

**O señor ABALDE ALONSO:** Pois xa remato.

Desta forma garantiríase o dereito dos mozos e mozas galegas á educación superior e a igualdade de oportunidades e de futuro, con independencia da orixe e do nivel económico, que permiten ás universidades do SUG dispoñer de ingresos que se actualicen e axusten á



evolución dos indicadores económicos que permitan a eficacia, a eficiencia e a sustentabilidade económica do Sistema universitario de Galicia.

Moitas grazas. E grazas pola paciencia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Vale. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** —Non sei se deixou aquí o boli; non sei de quen é. Ben, para o seguinte, ou para a seguinte... A ver, anda o catarro por aí e estamos un pouco afónicos.—

Tamén hoxe, para os que se estrean, quizais esta iniciativa é un magnífico exemplo do que entende o Partido Popular polo parlamentarismo: o diálogo, o chegar a acordos..., eses discursos que quedan tan ben. Pero, no día de onte, anunciaron —recalco, «anunciaron»— unha serie de medidas no tocante á gratuidade das matrículas, e resulta que dende o Bloque Nacionalista Galego, ao igual que dende o Partido Socialista, tamén trouxemos a mesma medida —exacta— en varias ocasións na lexislatura pasada, pero neste caso tamén todos co mesmo resultado: co resultado de que o Partido Popular votou en contra. Entón, estou pensando —supoño— que isto, ao mellor, se debe a que queren ocupar todo o espazo na nota de prensa —que é moi lícito e paréceme normal—, pero quizais non é o mellor exemplo desa busca de diálogo, desa busca de acordos de país que tanto predicán e, por certo, tan pouco fan.

E así, no día de onte, chegou o anuncio —que hai que velo, ¡ogallá que si!— das matrículas, que é unha boa medida, sen dúbida ningunha, pero tampouco se sabe moi ben como se vai levar a cabo, porque o propio conselleiro dicía: «É difícil saber a canto van saír. Non se ten moi cuantificado o tema». E por iso temos que preguntarnos: ¿a custa de que se vai facer e con que diñeiro se vai facer? Porque hai un principio, que é básico sempre, e é que non se pode facer máis con menos; con menos sempre se vai facer menos. E para entendela mellor, podemos ir ver o que din os actuais reitores. O da Universidade da Coruña, por exemplo, di —e cito as súas palabras—: «O Plan de financiamento das universidades galegas e, en particular, o da UDC, está infrafinanciado no que ten a ver coa parte estrutural da universidade. Os custos de persoal, consumo e mantementos básicos non están cubertos pola parte do plan acordada coa Xunta de Galicia, e iso hai que mudalo. O Plan de financiamento, ademais de contemplar un aumento xeral, debe garantir os cursos de persoal, porque, se non, propicia unha serie de convenios específicos que a Xunta pon enriba da mesa que nos obriga a executalos» —e agora vén a cousa— «en malas condicións, dando pé a un emprego precario». É dicir, que a gratuidade das matrículas está moi ben, pero ten que vir, evidentemente, acompañada dun aumento do orzamento da universidade pública —e recalco, evidentemente, o de pública—, porque, se non, o que vai pasar é algo que xa está pasando: é que imos xerar como país grandísimos investigadores e investigadoras, grandísimos profesores e profesoras das nosas universidades públicas, dos que se van aproveitar outros territorios, porque marchan para alí. E, mentres tanto, a Xunta o que vai facendo é dicirlle á universidade: ti vai tirando e, se podes ir pagando e que os profesores e profesoras poidan estar máis ou menos dun xeito precario, mellor que mellor. Pero é que,



aínda por riba, a situación actual do profesorado galego de universidades é que é dos máis envellecidos de todo o Estado, con máis de 52 anos de media e cun 20 por cento do total do profesorado roldando a xubilación. Entón, xa me dirán vostedes se isto ten algún tipo de sentido.

E por iso as emendas que introducimos a esta iniciativa. Temos que camiñar cara a ese 1,5 por cento do PIB e que sexa financiamento directo das nosas universidades públicas, porque non podemos seguir perdendo o talento e porque, a este paso, os alumnos e alumnas das universidades públicas van asistir ás aulas, ao mellor, coa matrícula gratuíta, pero non van ter profesores e profesoras que llelas impartan, ou polo menos cunha situación sociolaboral que sexa a correcta —que, ao mellor, aí está a cousa, non o sei—.

E, por outra banda, pasamos á segunda emenda, que é o tema competencial. Un goberno forte, evidentemente, ten que querer decidir sobre o que ocorre no país que goberna. E falando de universidades, neste caso falamos das bolsas universitarias. ¿Para que? Para algo que creo que todos e todas sufrimos algunha vez: para que se xestione mellor, para que sexan sobre todo máis rápidas e cheguen a máis xente, que para algo temos as competencias en educación. E, ademais, non estamos pedindo ningunha cousa estraña, porque é algo que xa trouxemos aquí no 2009 e é algo que saíu por unanimidade do Parlamento galego, co voto de todos os partidos políticos.

Iso si, evidentemente, xa van quince anos, non fose ser que chegase unha competencia do Goberno do Partido Popular, unha nova competencia a este país.

E, por último, quizais o máis importante, que é o da vivenda.

Que un rapaz ou unha rapaza non teña que pagar unha matrícula pode axudar a que poida cursar unha carreira na universidade, sen dúbida. É unha realidade imepinable. Aforrar 700 euros anuais aproximadamente está xenial, pero se isto ocorre cando temos que pagar 300 euros ou máis cada mes por un alugueiro, pois o problema segue estando aí.

¿E que pasa cos alugueiros no noso país? De media subiron nos últimos dez anos un 44 por cento o seu prezo; por exemplo, na cidade da Coruña, un 63 por cento. Eu non creo que ninguén de aquí ou, mellor dito, algún coñecido ou familiar, vise aumentando o seu soldo un 63 por cento nos últimos dez anos, do xeito que aumentaron os alugueiros.

E ante isto, ¿que é o que fai a Xunta? Pois a eterna política de vivenda do Partido Popular, que é a inexistente. Por exemplo, os orzamentos da Xunta do 2023, programa de acceso á vivenda, case o 50 por cento sen executar. E imos camiño do mesmo.

E é que, por non ter, ao final vimos a semana pasada que non tiñan nin os fondos que os rapaces e rapazas deste país solicitaron hai dous anos para o alugueiro, e que a semana pasada viñeron dicirlles que non quedaba ningún peso, que xa se esgotaran; nin para axudas temos agora.

E o que ocorre é que ao final de media os galegos e as galegas menores de 35 anos que teñen traballo, que iso tamén hai que buscalo, teñen que dedicar o 60,5 por cento do seu soldo a pagar o alugueiro, e así, como para independizarse, evidentemente.





Pero aínda podemos facelo incluso máis interactivo. Imos facer un exemplo. Algo que teñen que facer todos os rapaces e rapazas case mellor en xullo e en xuño, cada vez antes, que é buscar piso. Entón, collen o móbil (*O señor Castro García emprega un móbil*), abren a principal aplicación, a principal web —non imos dar publicidade—, entón imos poñer Santiago; entran; Santiago, imos poñer os pisos máis baratos. Actualmente o piso máis barato en Santiago, 325 euros, en Pelamios, 30 metros cadrados, ¡eh! Vexo aquí, está a cociña ao lado do salón, o baño ao lado e a cama no propio salón; máis cómodo, entendo, todo ben cerquiña, ¿non?

Ben, pasamos ao seguinte. 400, o segundo máis barato. Unha habitación, 40 metros cadrados. ¡Carai!, así para non perderse, que os pisos sexan pequenos.

E o seguinte xa son 450 euros ao mes. Unha habitación tamén. Este está un pelín mellor, xa é máis habitable, non como os outros. Porque todos e todas sabemos como son os pisos nesta cidade.

E este exemplo práctico pode ser en Santiago de Compostela pero pode ser perfectamente en Vigo ou na Coruña. E é que a realidade, por exemplo, nesta cidade é que a día de hoxe hai menos de 150 pisos en alugueiro, menos de 150 pisos en alugueiro, e soamente 15 valen menos de 650 euros. Iso si, hai 816 pisos turísticos. Aí non pasa nada. Iso de que a vivenda sexa un dereito constitucional xa queda máis tinguído.

E aquí o Partido Popular leva anos tendo dúas opcións: ou regular ou a selva. E leva escollendo sempre, sempre, sempre, a selva. Sálvese quen poida. ¿Tes cartos para pagalo? Si. ¿Non os tes? Pois, se pode vivir cos pais, mellor para ti.

Pero xa para rematar e sabendo que esta iniciativa vai contar co noso apoio, porque evidentemente será beneficiosa, quería ter un último apuntamento, que estou seguro de que aquí tanto hoxe como nos futuros debates de educación e tamén de emprendemento vanse escoitar moitos discursos e moitas veces a palabra meritocracia, cultura do esforzo e demais, como se fose un destes vídeos de TikTok que tan famosos se fan agora, e repetírase...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTRO GARCÍA:** ...—remato xa— ata a saciedade a idea que a quen máis se esforza sempre lle vai mellor, que todo o mundo pode acadar o éxito, que se non che van ben as cousas é culpa túa. Pero, casualmente, a meritocracia, como a Universidade de Abanca, sempre ou case sempre adoita levar apelidos compostos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, presidente.



Saúdos de novo.

Vou usar o meu tempo en facer algunhas reflexións. O tema loxicamente é interesante, de máxima prioridade. E o que está claro é que estamos vivindo, e aínda viviremos máis, o que xa algún autor chamou a sociedade do coñecemento. No futuro desta sociedade cada vez terá máis importancia o saber, a ciencia, etc., etc.

E, entón, está claro que, se queremos pois esa sociedade sostible, etc., pois van ter que destinarse cartos públicos no ensino das persoas desde o primeiro momento. E, nese sentido, si que a sociedade ideal sería aquela na que todo o mundo tivera acceso á educación superior sen maior problema. Iso pode ser difícil, pero o que está claro é que o que non se podería permitir esta sociedade sería que se perdese ningún talento por falta de recursos propios, de recursos familiares para abordar os seus estudos.

Iso debería ter sido así sempre. Desgraciadamente ten sido máis ben ao contrario durante moitas décadas. Todos temos experiencia nisto e todos sabemos que todos tivemos compañeiros de grande intelixencia, de moito talento, que ao mellor por falta de recursos dos pais tiveron que dedicarse a outras cousas, e viceversa.

Entón, está claro que o ideal sería o que pide o propoñente, que ademais ten un amplo coñecemento da Universidade por motivos obvios.

Partindo desa premisa pois loxicamente, aínda que ao mellor sexa un brinde ao sol, imos apoiar a moción. Pero logo hai unha serie de apuntamentos máis que facer.

Primeiro —que xa se me adiantou o portavoz do Bloque—, os gastos de matrícula, con ser importantes, ás veces son *peccata minuta* comparados cos gastos que ten que abordar na realidade unha persoa nova para abordar os estudos de grao que queira, que ao mellor non os ten na cidade na que vive. Entón, ben, están os problemas de desprazamento, están os problemas de aloxamento, etc. Quero dicir que non son os únicos gastos os da matrícula e nin sequera son os máis importantes na práctica na maioría dos casos que podemos coñecer.

Por exemplo, no caso concreto de Ourense temos os graos que temos, xa tivemos menos, pero pretendemos ter, sempre fomos nese sentido tamén Ourense máis discriminados que outras provincias; de feito, non temos unha universidade propia, dependemos do campus de Vigo, como saben. Nese sentido Santiago e os seus arredores foron sempre moi privilexiados, pois as persoas da contorna desta cidade puideron acceder a estudos universitarios practicamente sen saír da casa.

E o ideal sería que o Goberno tomase medidas en todos os ámbitos que poidan verse afectados polo tema do que estamos falando: política de vivenda, axudas ao alugueiro, maior cantidade de graos en todas as cidades da Autonomía para que quen queira facer un grao determinado, unha carreira determinada teña altas probabilidades de podelo facer na súa propia cidade.

Ou ben, todos sabemos que nos inicios ao mellor che pode valer unha carreira ou outra parecida, ¿non? Temos uns perfís polos que ao mellor unha persoa se non ten Física pero



ten Enxeñaría de Camiños ao mellor pode sentirse igual realizado; por poñer un exemplo. Quero dicir que aí temos un aspecto, aí ten o Goberno un aspecto no que traballar.

Graos en todas as cidades en que sexa posible, pero especialmente, e vou facer fincapé, maiores graos para a provincia de Ourense, para que os gastos a maiores da matrícula, que moitas veces son limitantes á hora de acceder a unha carreira, pois se vexan minguados, de forma que poida calquera persoa acceder. Pero, especialmente, a sociedade non se pode permitir perder a xente con talento.

Fálase do esforzo. A ver, non temos que olvidar que, se o Estado asume gastos da formación das persoas, estanse utilizando cartos públicos e, como sempre pasa cos cartos públicos, pois deben estar ben gastados. Quero dicir que non imos pedir unha cultura do esforzo que poderíamos dicir pois escravizante. Falábase aquí de aprobar curso por ano. ¡Home!, a ver, hai carreiras nas que aprobar curso por ano estaría reservado a verdadeiros titáns. Se unha persoa pode estudar día e noite determinadas carreiras, ao mellor aprobar dúas ou tres asignaturas e grazas, ¿non? Quero dicir que, loxicamente, ao estudante, unha vez que se están investindo cartos públicos nel, hai que lle exixir unha serie de rendemento, pero de rendemento normal. É dicir, a maioría da xente non é nin un crack nin é ningún desleixado. A maioría dos estudantes sitúanse no centro da campá de Gauss, ¿non? Son persoas normais, con ganas de aprender, con ganas de traballar no que lles gusta e que seguramente a longo prazo rendibilizarán os cartos que o Estado investiu neles, na súa educación.

E logo si que hai outro punto que é importantísimo, que é: o Estado non pode permitirse o luxo de gastar inxentes recursos na formación das persoas e que logo estas persoas vaian aportar os seus coñecementos e xerar valor e xerar calidade de vida noutros lugares. Algo que tamén se apuntou e que é importante recordalo: é importante que as persoas revertan os beneficios no país onde se lles aportaron, ou polo menos que teñan a oportunidade clara e digna de facelo.

Despois veu unha moción de Povisa, que estiven mirando xa, e, efectivamente, un dos problemas que ten, como outros moitos, ese centro hospitalario, privado con subvención, pois é que a xente se lle vai, ¿non?

Eu con isto quero dicir que imos apoiar a moción. Moitas destas mocións entendemos que son brindes ao sol, declaracións de boas intencións. Levalas á práctica é moi difícil, pero polo menos que a referencia sexa esa; ou sexa, que o punto de referencia ao que temos que ir mediante sucesivos *feedbacks* aproximándonos é ese.

O señor que propuxo a moción fala dun modelo ideal no que a sociedade teña gratuíta a educación superior. Ese é o modelo, esa é a referencia. Como todos os modelos, está idealizado, pero do que se trata é de aproximar a realidade progresivamente a ese modelo.

Eu penso que xa transmitín máis ou menos o que quería dicir, as notas que tiña aquí; en moitas adiantáronse os portavoces anteriores, como é lóxico, porque son cousas de bastante sentido común, polo menos deberían selo. E nada máis.



Mire, eu non lle estou gastando ningún tempo adicional, ¡eh!, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa, xa, ti estaste portando bastante ben.

**O señor OJEA BOUZO:** Aquí o que é novo descúlpase de que non controla ben; agora, o que é vello di que está acostumado a dez minutos. Eu estou no sitio.

**O señor PRESIDENTE:** Aí non che falta ningunha razón, tamén cho digo. (*Murmurios.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Antes de nada, un saúdo a todas e a todos e, particularmente, dar a benvida aos novos e novas deputadas.

Iniciamos unha nova andadura, unha nova lexislatura, e digo iniciamos, porque despois de escoitar os portavoces tanto do BNG como do Partido Socialista, sobre todo o señor Castro, a coñecida frase, como dicíamos onte, poderíamos facer hoxe unha nova versión, como dicíamos onte, antonte, o ano pasado ou hai dous: sempre están vostedes co mesmo discurso. É máis, vostede equivocouse de iniciativa e se o tema de vivenda lle preocupa, gobernan en Santiago, pois fale co Goberno de Santiago para que se poña a regular o tema da vivenda. (*Aplausos.*)

En canto ao señor Abalde, que é novo nesta Cámara pero cónstame que é bo coñecedor da materia, non só debeu de recorrer ao argumentario que a señora Burgo deixou nun caixón no seu grupo parlamentario, porque é calcadiño —pode vostede ir á Mediateca—, senón que tampouco non leu as novas de hoxe, nin sequera o resultado do Consello da Xunta celebrado no día de onte.

Miren, señorías, esa demagogia súa, que hoxe estiveron a practicar aquí nas súas intervencións, provoca que iniciemos unha nova lexislatura, pero vostedes seguen sentados no mesmo lado —¡que curioso!—, no lado da oposición. E a este grupo parlamentario, que é o Grupo Parlamentario Popular, unha vez máis, tócalles contarlles ás galegas e aos galegos cal é a realidade que vostedes retorcen; iso é o que estamos a debater hoxe.

E Galicia, mal que lles pese a vostedes, vaise converter na primeira comunidade autónoma en garantir o acceso gratuíto —si— aos estudos universitarios e ás ensinanzas artísticas superiores, (*Aplausos.*) con matrícula de balde para todos aqueles que se matriculan por primeira vez, así como para... —señor Abalde, preste atención porque isto saíu no Consello da Xunta de onte— os de segundo curso e cursos posteriores que superen a porcentaxe de créditos entre o 65 por cento e o 90 por cento, dependendo da área do coñecemento. ¡*Peccata minuta*, señor Ojea! Pero, insisto, mal que lles pese, Galicia será a primeira comunidade autónoma.



E, en poucos meses, será unha realidade; será unha realidade porque se universalizan os estudos superiores para calquera persoa, que beneficiará potencialmente 50.000 alumnos e que provocará un aforro medio de 3.000 euros, tendo en conta que xa Galicia era a comunidade autónoma onde os prezos universitarios —e vostede sábeo, señor Abalde, e o señor Castro tamén— eran os máis baixos de España.

Feita a proposta polo hoxe presidente da Xunta de Galicia, saíu a correr, señor Abalde, o seu portavoz, que xa nos acompaña neste momento, con el «*Yo más, yo más. Si la Xunta de Galicia va a poner la primera matrícula gratuita en los grados, pues nosotros en los másteres*». Pero mire, eu creo que lle quedou claro que a súa política del «*Yo más*» non lla compraron os galegos. Mire como confiaron na súa palabra e no seu programa, o mesmiño que na palabra do señor Sánchez, ao que xa mencionou a señora Burgo no pleno de abril de 2019, no que dicía —e xa pasou tempo, ¿eh?: abril de 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e hoxe 23 de abril de 2024—: «*Xa comezaron no Goberno presidido polo señor Sánchez a traballar na matrícula gratuita en todos os graos do Sistema educativo español.*» E mencionaba a señora Burgo o compromiso do señor Sánchez a póla en marcha; compromiso que reiterou na súa campaña de xullo nas xerais de 2023. Quizais —e digo quizais ou talvez— o señor Sánchez puidera ter cambiado de opinión. ¡Ben!, pois ao mellor cambiou de opinión; é algo ao que nos ten moi acostumados.

A proposta da primeira matrícula, señorías, non é contraditoria coa liña que vén seguindo a Xunta de Galicia en materia de universidades nos últimos anos. Dende o curso 2011-2012, en plena crise económica, houbo unha política de conxelación de taxas, que permitiu un aforro ás familias galegas de 300 millóns, así como asegurar o acceso universal aos estudos universitarios. O Decreto —ao que vou facer unha pequena referencia porque o tempo agora apura e, aos que estamos acostumados, un pouquiño máis— de prezos públicos mire, prezo medio de crédito en Galicia: 11,89 euros. ¿Os seus referentes, alí en Cataluña —eses aos que vostedes queren tanto—? ¡Escoite, escoite! O prezo é de 18,14 euros; e Navarra, que creo que está gobernada polo Partido Socialista —¡escoite, señor Abalde!—, 19,10 euros. Estes son os prezos de media do crédito.

Galicia, mal que lles pese, si que é referente, señorías; así o declarou, incluso, o ministro Castells. Grupos políticos antagónicos e cunha ideoloxía bastante alonxada do Partido Popular puideron dicir que o modelo galego é a senda que debe de seguir o Sistema universitario de España. Fíxese que cousas se din: «*Galicia seguirá sendo pioneira, pois non existe outra comunidade autónoma onde exista gratuidade dende o primeiro curso*», porque Andalucía e Extremadura non teñen matrícula gratuita no primeiro curso. Mire, ¿pode citar, señor Abalde, algunha das comunidades autónomas onde vostedes gobernan en que se aplique esta medida? ¡Ben!, tamén son só tres, hai que dicilo, ¡eh!: Asturias, Navarra e Castilla-La Mancha. (*Aplausos.*) Non creo que sexa moi difícil, pero díganme unha soa das comunidades autónomas onde gobernan, para que veñan vostedes aquí dar leccións.

Mire, claro que é agora o momento; claro que é o momento de dar un paso máis na senda seguida nestes anos; un paso que se dá con todas as garantías e coa viabilidade económica. Unha proposta que foi revisada, por suposto —como así o dixo o presidente Rueda—, pola Consellería de Facenda. ¿En que marco? ¿Por que é agora o momento? Porque a situación





económica é boa e atopámonos nunha situación de estabilidade en Galicia. Isto é porque no Partido Popular e na Xunta de Galicia, señorías, se ten un xeito de xestionar o diñeiro público moi distinto a como o xestiona o PSOE e o BNG alí onde gobernan.

A este partido, a este Grupo Parlamentario do Partido Popular non lle gusta prometer cousas que non se vaian cumprir nin que tampouco non teñan un sustento económico. Pero miren, hai unha realidade —e non é ningún anuncio, señorías—, anunciada a principios deste ano, en xaneiro, que vai ser realidade o 1 de setembro; e onte, no Consello da Xunta, déronse os primeiros trámites para ese paso; iso sería algo impensable no Goberno do señor Sánchez. Galicia vai ser a primeira comunidade cunha medida pioneira que universaliza os estudos superiores a calquera cidadán, cun compromiso, por detrás do conselleiro de Educación, de compensar —e vostede ben o debería saber, señor Abalde— as universidades pola gratuidade na primeira matrícula, con recursos que complementen un Plan de financiamento das universidades 2022-2026, que foi consensuado e acordado cos reitores, señor Abalde —algo moi pouco común no conxunto das comunidades autónomas; e por iso mesmo llo digo, e por iso hai que pólo en valor—, que permite ás universidades galegas recibir o maior apoio da historia por parte da Xunta de Galicia, e, ademais, esa estabilidade dese horizonte do Plan de financiamento do resto das universidades vai ser a envexa, ou está sendo envexa.

Tampouco estaría de máis, señor Abalde, que tanto o seu portavoz como vostede mesmo se dirixan ao Goberno do señor Sánchez para que tamén aporte e colabore neste financiamento, porque é moi fácil falar, pero o esforzo de financiamento tamén ten que implicar o Goberno central e non só as comunidades autónomas, e tampouco basearse só na captación de recursos extraordinarios.

Falando de financiamento, igual lles soan —porque este é de marzo de 2024; xa non lle tocou, señor Abalde— as reclamacións que fixeron os reitores que foron compañeiros seus, e que este grupo parlamentario comparte. Mire: *(A señora Díaz Moureira mostra un documento.)* «*Los rectores reclaman desde Santiago más dinero al Gobierno para poder aplicar la Ley del Sistema universitario*». Isto é o Goberno do señor Sánchez, isto é, legislar sen planificación económica. O que se está a facer aquí é planificación e non anuncios, polo que non están vostedes para dar leccións de nada.

Mire, vou facer unha pequena pincelada á emenda do BNG, que máis ben parece unha carta aos Reis Magos. O que me queda claro é que non leron a Lei de universidades, unha lei que votaron no Congreso —e vostedes apoiárona, señor Castro—. Na LOSU pon que se aspira ao 1 por cento do PIB no ano 2030; ao 1 por cento, señor Castro, non ao 1,5 por cento. Imos por diante do resto das comunidades autónomas, señorías. Esperamos chegar a ese 1 por cento dos primeiros e máis pronto que tarde.

O Goberno galego pon a cultura do esforzo; ¿acaso vostedes non a poñen, señorías?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora DÍAZ MOUREIRA:** Entendemos que, dalgún xeito, esta medida é necesaria para estimular a mellora do rendemento académico.





Remato cun breve apuntamento para preguntar cal é o problema, cando falamos de subministracións, de alugueiros, ¿que lle supón ao Partido Socialista?, que está asumindo ou ben que a contía das bolsas fixadas polo Ministerio son insuficientes ou ben que os criterios de repartición están mal fixados e non chegan a todas as persoas ás que deberían chegar. ¡Vamos!, a ver se puideran aclarar iso.

En todo caso, a proposta de matrícula gratuíta é compatible coas bolsas do Ministerio e tamén coas bolsas da Xunta de Galicia. E a transferencia de competencias na xestión das bolsas foi solicitada polo Goberno do Partido Popular en reiteradas ocasións e sempre foi denegada polo Goberno do seu amigo, o señor Sánchez.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, remate.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Remato xa.

Entre todos lograremos un sistema educativo público, o galego, que será totalmente gratuíta dende a escola infantil ata acadar a titulación de educación superior.

Os feitos son os que valen, e é o que quere a maioría dos galegos. Os galegos están orgullosos das súas universidades e este Grupo Parlamentario Popular é consciente da importancia desta medida, en apoio das familias...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:**... do progreso social e do benestar. Compromisos son feitos, señorías.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Señoría, a que non escoitou a miña intervención foi vostede, porque precisamente onte cambiei absolutamente a intervención; esa é unha proposición non de lei, pero, como precisamente o Consello da Xunta onte decidiu outras cousas, eu na miña intervención aquí fixen referencia a todos os datos que deu o presidente, mellor dito, o conselleiro de Educación presentando a medida.

E non é universal, señora deputada, non é universal, porque establece uns criterios entre un 65 por cento e un 90 por cento de —digamos— aprobados para poder optar á matrícula gratuíta. E por certo, o mecanismo en Andalucía é do ano 2017. Creo que gobernaba o Partido Socialista no ano 2017. Perdoe, pero vaia á hemeroteca. No ano 2017 o Partido Socialista puxo en marcha esa proposta en Andalucía, que foi despois herdada polo Goberno do Partido Popular.

Por certo, quero dicir que eu coñezo perfectamente o Plan de financiamento e coñezo perfectamente as dificultades que van ter as universidades con este plan de financiamento.



E voulle dar só un dato que, ademais, ten que ver coa aprobación neste Parlamento das... ¡ui!, non teño aquí o dato, pero si.

Mire, o Plan de financiamento aprobado nesta Cámara é de 504 millóns de euros para as tres universidades, 504 millóns de euros, dos cales se reparten entre as universidades 414 ou 415. ¿Sabe cal é o capítulo I das tres universidades aprobado en presupostos tamén aquí nesta Cámara? 407 millóns de euros.

Todo o Plan de financiamento da Xunta de Galicia incondicionado vaise en capítulo I. Por certo, capítulo I que sobe en función das subidas salariais pero que a Xunta de Galicia o paga en función do custo estrutural, que son 275 millóns de euros. Polo tanto, de cada 1 por cento de subida que teñen os salarios dos funcionarios, a universidade ten que poñer un 25 por cento. ¿De que custos? De ningún. ¿Por que? Porque, entre outras cousas, o esforzo deses 300 millóns de euros, que acaba de mencionar vostede que se aforraron as familias galegas, non o puxo a Xunta de Galicia, puxérono as universidades, porque reduciron o seu ingreso. Polo tanto, está moi ben facer anuncios, pero o conselleiro dicía o outro día...

Por certo, o Goberno central, para facer fronte á LOSU, acaba de sacar un programa de 150 millóns de euros para axudar as comunidades autónomas, poñendo o 80 por cento nunha competencia que é exclusiva das comunidades autónomas, que é o gasto do profesorado; polo tanto, o Goberno central xa está participando. Por certo, Galicia —digamos— non decidiu inicialmente porque o Partido Popular decidiu opoñerse a ese plan. Polo tanto, só ten que poñer o 20 por cento de 150 prazas de axudantes, porque o 80 por cento pono o Goberno central.

Polo tanto, está moi ben anunciar cousas. A min —como dixen— teríame gustado que hoxe aquí, ante esta proposta, tivese que dicir «¡chapó!, soamente temos que pedir a gratuidade dos mestrados». ¡Pero non!, o Partido Popular non aprobou a gratuidade dos graos, ¡non!; aprobou a gratuidade dalgúns alumnos de grao...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...e nada máis.

**O señor ABALDE ALONSO:** E xa para dicir das emendas. Eu concordo... Se me permite un momentíño.

**O señor PRESIDENTE:** Si.

**O señor ABALDE ALONSO:** Eu concordo coas propostas do partido do BNG, pero creo que non cadran con esta proposta, porque esta proposta ten que ver só exclusivamente coas taxas e coa implicación das taxas do financiamento das universidades, fóra do Plan de financiamento; e, polo tanto, creo que noutras ocasións coincidiremos, pero neste caso creo que é desvirtuar a proposta que se presenta aquí.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa información que debe trasladar ao Parlamento de Galicia relativa aos concertos co Hospital Ribera Povisa, de Vigo, así como respecto das actuacións necesarias para cubrir por medio da rede pública a atención realizada por este centro**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Se en algo se ten caracterizado a política sanitaria do Partido Popular ao longo dos últimos quince anos, e temo que continuará nesta lexislatura, é por ter apostado por un modelo baseado en converter en negocio a atención sanitaria, e fundamentalmente ao servizo de empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento, que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario. O paso do tempo non fixo máis que poñer ao descuberto con toda claridade esta folla de ruta; puxo ao descuberto a peor faciana desta política ao servizo deses poderes económicos e, o que é máis grave, á custa da saúde e dos petos dos galegos e das galegas.

Na actualidade, ao redor do setenta por cento da sanidade privada en Galiza está en mans de empresas foráneas que só buscan o negocio. A Xunta, o Partido Popular, estalles posibilitando que cada vez teñan máis capacidade de presión e de condicionar a sanidade pública. A área sanitaria de Vigo é un clarísimo exemplo deste proceder, desta política. Todas as decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta de Galiza foron no camiño de condicionar a área sanitaria de Vigo para garantir que teña que depender da sanidade privada e, especialmente, do hospital Povisa.

Este hospital ten un concerto co Sergas polo cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria de arredor de 130.000 veciños e veciñas dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e parte do concello de Vigo; nel traballan sobre mil catrocentos profesionais. O Partido Popular, na vez de garantir que a poboación desta área sanitaria teña dereito á prestación sanitaria na sanidade pública, o que fixo foi, permanentemente, facer de valedor dos propietarios de Povisa. Primeiro, con Silveira; logo, antes de que Silveira llo vendese á multinacional ianqui Centene, procedeu a recapitalizala e facerlle unha inxección de recursos para poñela en valor. A pesar diso, vendeuse a prezo de ganga e a Xunta, o Partido Popular, non moveu un dedo para adquirir este hospital e integralo na rede pública. Tampouco o fixo cando, apenas tres anos despois, esta multinacional ianqui llo vendeu a outra multinacional, neste caso á francesa Vivalto Santé. Polo tanto, a folla de ruta é capitalizar máis e máis as empresas para que as sucesivas vendas sexan cada vez máis lucrativas para estas.

Povisa está claro que é un saco sen fondo. Destínanselle cada ano máis de oitenta millóns de euros do concerto, mais a iso o Partido Popular foille sumando toda unha serie de



cuestións —todo hai que dicilo, con total opacidade e transparencia—. Un concerto desta magnitude, de máis de oitenta millóns de euros, e resulta que nos orzamentos da Xunta para o ano 2024 non aparece tal concerto como tal; nos orzamentos da Xunta non aparece Povisa, o concerto Povisa, a cantidade de cartos para Povisa. Aquí, ao longo da mañá fomos falando de como se usan os cartos públicos e que tipos de corrupción se usan, pero este é un caso de libro; transparencia, absolutamente cero.

Á parte do concerto, deses máis de oitenta millóns de euros, Povisa benefíciase das condicións económicas para a compra de fármacos e materiais que consiga o Sergas coas súas empresas. É dicir, o Sergas fai de comercial tamén para Povisa, o Sergas asume o pago da medicación ambulatoria, as de alto impacto, as próteses, os implantes, a formación MIR... sen que saibamos cantos cartos se dedican a estes conceptos. A maiores, o Sergas transfere recursos adicionais a Povisa para que rebaixe as listas de espera da sanidade pública, cando ten as súas tremendamente avultadas.

O Sergas deriva a este hospital privado probas complementarias (por exemplo, dos doentes de cribado de colon do Álvaro Cunqueiro); dérivanse a este centro hospitalario as unidades de queimados ou as de maxilofacial ou as persoas que precisan a atención nestes campos, porque só ten estas especialidades Povisa, non as hai na rede pública da área sur.

E, ¿esta riada de cartos serve para que haxa unha maior calidade asistencial, para que a situación laboral dos traballadores e traballadoras sexa axeitada? Pois nada máis lonxe da realidade. O cadro de persoal leva denunciado, por activa e por pasiva, a súa situación, que non se cumpren as ratios e que hai unhas ratios moito máis elevadas incluso que no Sergas. A última destas cuestións saltou hai arredor dun mes cando nos medios de comunicación vimos que se produciu a dimisión dun número importante de facultativos dos servizos de Urgencias. Algunhas cifran en que arredor dun terzo, que hai un terzo menos dos facultativos dos que tiña que haber; tamén aplicable á Enfermería. Os traballadores denuncian a cobertura de vacantes con subcontratación e con profesionais que non contan coa especialización. É dicir, na rede pública os profesionais teñen que ter a formación MIR, pero resulta que o Partido Popular no concerto exime a Povisa para que poidan contratar profesionais sen que teñan esa especialización. É dicir, a metade da poboación da área sanitaria de Vigo non só recibe atención sanitaria nun centro privado en peores condicións, senón que, ademais, con profesionais que non teñen a especialización, como é obrigatorio na sanidade pública. Todo é vantaxe para o centro hospitalario.

Nós, no BNG, consideramos que é preciso rematar con esta situación que non ten ningunha xustificación máis alá de beneficiar a empresa, de beneficiar e aumentar o seu lucro. Polo tanto, traemos aquí esta proposición non de lei que pide rematar coa opacidade na relación do Sergas co Hospital Ribera Povisa. Debería ser algo no que os deputados e deputadas que sustentan o Goberno non deberían ter ningún problema en non votar en contra de que haxa luz e taquígrafos a respecto de como se gastan os cartos públicos dos galegos e das galegas.

Pedimos que se dea conta aquí no Parlamento de se se está negociando un novo concerto, porque o último concerto —o que está en vigor, que foi asinado no ano 2014 por oito anos con dúas prórrogas dun ano— remata en agosto deste ano. Non é posible unha nova



prórroga, salvo que o Partido Popular recorra a estes métodos que ten denunciado o Consello de Contas —tamén tan nomeado hoxe aquí— de recorrer a fórmulas para manter no tempo contratos que xa tiñan que saír a licitación.

¿Que pedimos? Unha auditoría previa á negociación deste novo concerto. Queremos saber cantos cartos se destinan a Povisa no conxunto de todas estas cuestións que acabo de dicir. É o mínimo, que este Parlamento teña coñecemento de como se usan os cartos públicos, en que e que tipo de prestación dá Povisa e con que recursos. Cremos que este Parlamento ten dereito a sabelo e tamén o conxunto dos galegos e das galegas.

Queremos saber sobre eses cartos públicos: en que destina Povisa os cartos que teñen que ir ao concerto e se hai persoal que só se dedica ao concerto e a prestar sanidade pública ou tamén á sanidade privada. ¿Que uso fai —en resumo— Povisa deses cartos? Parécenos que non deberían ter ningún problema en votar a favor desta cuestión. Ou que se saiba cal é a calidade asistencial que presta e as ratios de profesionais e doentes.

Logo, pedimos que se poñan en marcha todas as actuacións para que eses arredor de cento trinta mil veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo que reciben a súa asistencia hospitalaria nun centro privado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...poidan recibila na sanidade pública; parécenos que tamén é de recibo que isto sexa así. Ou ben proceden da adquisición de Povisa ou poñendo en marcha as actuacións para dotar de infraestruturas necesarias públicas para que isto sexa así.

Pedimos que se cree unha comisión de control e seguimento do concerto onde estean os representantes dos profesionais para facer un control da asistencia sanitaria que se presta e do respecto aos dereitos laborais do persoal. Cremos que son cuestións de mínimos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...das que non debería ter ningún problema ningún dos grupos parlamentarios con representación neste Parlamento para votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Efectivamente, sería interesante coñecer, polo miúdo, que eses cartos públicos, nun ámbito tan sensible como é o ámbito sanitario, están ben empregados. Porque, se non fose así, eses



cartos están facendo moita falta — por poñer un exemplo, previsible pola miña parte— nas áreas sanitarias da provincia de Ourense.

Na provincia de Ourense a sanidade está discriminada en moitos aspectos e sería triste pola nosa parte non tomar conciencia de que, ao mellor, noutros lados se desperdicia ou —imos ver como se di— que se malgasta diñeiro público no ámbito sanitario cando, ao mellor, está facendo moita falta no caso concreto de Ourense, pero tamén noutros lados. Un exercicio de transparencia nunca está mal.

Nada, máis. Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Presidente, deputados, deputadas, bos días.

Permítanme que, antes de entrar na proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, fale previamente do que significa a sanidade para o noso grupo político e que así se poida entender con maior claridade o noso posicionamento.

Para os e as socialistas, a sanidade pública constitúe un dos piares fundamentais do Estado de benestar. Foi un goberno socialista o que en 1986 aprobou a primeira lei xeral de sanidade de Ernest Lluch, establecendo as bases dun sistema público de saúde que fixaba, por primeira vez en España, a igualdade, a xustiza, a liberdade e a participación pública no Sistema nacional de saúde. Dende aquela etapa, gobernos como o de Rajoy supuxeron un claro retroceso nestas bases: recortouse o investimento, instalouse o copago farmacéutico e expulsouse do Sistema nacional de saúde 900.000 persoas.

En Galicia —que dende hai moitos anos a xestión sanitaria lle corresponde á Xunta, en función do seu Estatuto de autonomía—, podemos afirmar que a xestión sanitaria é nefasta, tanto cos gobernos de Rueda coma cos de Feijóo. O noso compromiso —socialista— coa sanidade pública universal e de calidade é firme e é decidido fronte aos recortes neoliberais.

Entrando a analizar a proposición non de lei relativa ao hospital Povisa do BNG gustaríanos analizar en dous bloques o seu contido: por unha banda, o punto 1 e 2 e, por outra, o 3 e 4; polo que imos pedir a votación separada neste sentido.

En agosto do pasado ano, o Servizo Galego de Saúde chegou a un pacto co hospital Povisa para mellorar o contrato polo que o centro sanitario atende a unha parte da poboación da área de Vigo, pero a Consellería de Sanidade nunca informou publicamente deste acordo e mesmo se negou a responder ás preguntas dalgún medio de comunicación. Un concerto que, en teoría, mellora os anteriores, eses concertos anteriores que levaron a Povisa a declarar perdas todos os anos dende que estivo en vigor no ano 2014. Segundo din os responsables e segundo figura nas contas, acumularon ata 32 millóns de perdas en oito anos.





É un concerto, ademais, polo que o Sergas non paga a Povisa pola actividade que realiza, senón que ten unha taxa fixa por cada paciente que ten asignado. Dá igual que os pacientes acudan todos os días ao hospital ou que nunca vaian, esta tarifa é a que se coñece tecnicamente como «cápita». Non é o único polo que o hospital cobra; hai que engadir —como dicía tamén a compañeira do BNG— os fármacos de alto impacto, as próteses, os hemoderivados etcétera.

É un concerto ou un contrato —como lle queiramos chamar— que debería ser tecnicamente de calidade, en igualdade de condicións que o sistema público, con rendición de contas e co seu control político. E para iso é necesario dispoñer de datos suficientemente acreditados. E debemos exixir, efectivamente, que exista transparencia total nos termos en que se está negociando o novo convenio, dado que o actual finaliza a curto prazo. E por iso, se o grupo proponente acepta a votación separada, votaremos a favor do punto 1 e 2 desta proposición non de lei.

Pasamos agora a analizar os puntos 3 e 4 e gustaríanos indicar que non están expostos, desde o noso punto de vista, correctamente. Povisa é unha empresa privada, que ten unha actividade sanitaria privada, ten outra actividade sanitaria concertada con compañías de seguros e ten pacientes asignados da sanidade pública. Por tanto, non debemos falar de Povisa en termos xerais, senón que deberíamos falar daquela parte que asiste aos pacientes asignados da sanidade pública.

E usando os nosos ditos galegos, hai un que di que coa saúde non se xoga. Polo tanto, non valen demagoxias e non se debe plantexar a adquisición de Povisa no seu conxunto. Pero, se falamos da parte de prestación dun servizo público, o primeiro que deberíamos saber é se a Consellería de Sanidade conta ao día de hoxe con medios suficientes para facerse cargo da citada actividade pública sanitaria que realiza Povisa e que, efectivamente, afecta pacientes, como xa se dixo aquí, de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e unha parte de Vigo, unha poboación aproximada de cento trinta mil pacientes.

E analicemos as alternativas. E tristemente a alternativa é outro hospital non público, o Álvaro Cunqueiro. Si, porque o Álvaro Cunqueiro nada ou pouco ten que ver con aquel proxecto que deseñou o Goberno bipartito de Emilio Pérez Touriño.

O actual hospital é un proxecto do Partido Popular que naceu recortado, que está concesionado e que baixo estas circunstancias poden existir serias dificultades para que alí se poidan atender a eses cento trinta mil pacientes.

E xa anticipo: non vale que o deputado ou a deputada do Partido Popular que interveña a posteriori se empeñe en dicir que o Álvaro Cunqueiro é público. É facilmente demostrable que non é público con só observar os orzamentos da Xunta de Galicia, onde figura o pago dunha concesión.

E, se imos ao punto 4, situariámonos tamén en que estamos de novo a falar de Povisa na súa integridade, e toca recordar de novo que Povisa é un ao hospital privado e, como tal, non cabe esa proposta.

En definitiva, entendemos que non hai unha formulación correcta con respecto aos puntos 3 e 4. E, de conceder a votación separada, absterémonos nestes dous puntos.



Pero remato xa. Remato dicindo que os socialistas e as socialistas sempre defenderemos unha asistencia sanitaria pública, universal e de calidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Espinosa.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Ben, moitas grazas, presidente. Moitas grazas, señorías.

Señora Espinosa, parece que a primeira noticia que nos deu hoxe é que van modificar o Plan xeral de Vigo. Dígoo porque é o plan o que define o Álvaro Cunqueiro como o gran hospital público de Vigo. Non sei se o descoñece, se non o leu ou se nos anuncia unha modificación. (*Aplausos.*) Está ben en todo caso. Rectificar é de sabios. Fan moi ben.

Eu lamento constatar neste primeiro pleno ordinario a sospeita que trasladaba recentemente no debate de investidura, ¿verdade?: nin BNG nin PSdeG parecen asumir o resultado que saíu das urnas o pasado 18 de febreiro. Así teño que deducilo ante o feito de que a súa primeira iniciativa sanitaria desta lexislatura sexa relacionada cun dos seus vellos e manidos mantras da oposición: a suposta e falsa privatización da asistencia sanitaria e, ¡como non!, a tan traída e manida concesión de Povisa.

A verdade é que tranquiliza saber que non gobernan vostedes visto o criterio homoxéneo que manteñen respecto a Povisa. Uns queren nacionalizalo e os outros simplemente queren que a Administración pública lle dea máis cartos, ¿verdade?, como recordaba, por certo, o alcalde de Vigo, que non necesitou tampouco de tanta análise para recordarnos que tiñamos que *reinterpretar el convenio de Povisa porque es deficitario*. Diciao o seu alcalde, parece ser que carecendo de números, segundo nos explicou hoxe a señora Espinosa.

Señorías, o certo é que nos obrigan a insistir, unha vez máis, na falsidade dos seus argumentos.

Señorías, ningunha administración elevou o gasto público en concertos sanitarios como fixo o Goberno do PSdeG e o BNG. Aquel Goberno bipartito, hoxe tan añorado por algúns, incrementou os concertos sanitarios en máis dun 50 por cento nos escasos catro anos que permaneceu no Goberno; elevaron a concertación por riba do 6 por cento, algo que nunca máis volveu acontecer, porque este goberno ao que vostedes acusan de privatizar rebaixou esa cantidade e non volvemos alcanzar esa cifra durante quince anos consecutivos de goberno. ¿Quen privatiza, señorías?

En todo caso, son cifras e datos comprobables. O cal desmente a súa segunda falsidade: a suposta falta de transparencia. Porque os concertos, señorías, están sometidos ao control do Consello de Contas e toda a contratación de Povisa é pública, como tamén será por certo esta nova licitación, que non precisa de garantías adicionais porque ten a garantía do sistema de contratación da Xunta de Galicia, que, como sempre, cumprirá escrupulosamente toda a



lexislación. Aí están os informes do Consello de Contas, onde poden comparar, por certo, o nivel de concertación que mantiñan vostedes e o nivel de concertación que rebaixou o actual Goberno da Xunta de Galicia; poden comprobar tamén como está toda esa contratación a través do Portal de Transparencia. E, por suposto, deberían de prestar de vez en cando atención á información que tamén se proporciona en sede parlamentaria, a última na comparecencia da secretaria xeral, informando, por certo, do custo por usuario de 540 euros por usuario e informando tamén de que o custo global do concerto estaba un 5 por cento por debaixo do que estaba orzado. Eu creo que deberían de saber estas cousas e vir falar aquí en serio deste tipo de cuestións. Pero creo que non veñen falar en serio, creo que veñen aquí pois dicir as cousiñas estas que lles gusta dicir.

Os datos obxectivos amosan con claridade que non se está a privatizar a sanidade, que non se están a ocultar datos, polo menos en Galicia non, polo menos en Galicia non. Porque, ¡home!, a nivel de Estado acabamos de asistir á privatización da asistencia sanitaria penitenciaria, sen que nin un grupo nin o outro teñan pronunciado unha soa palabra ao respecto.

E ao que asistimos hoxe pois é a un novo episodio desta estratexia do ventilador, ¿verdade?, que o señor Sánchez acendeu alá en Madrid e que, por suposto, a súa sucursal en Galicia colabora soprando un pouquiño máis forte aquí en Galicia a ver se rascan algo.

Pero a realidade é que foron vostedes os que expulsaron o señor Ábalos, foron vostedes os que teñen que responder do que fixo o señor Koldo e esta serie de xente. Que hoxe dicía alguén aquí que a gran parte da documentación pedida nesa comisión correspondía a Galicia. Será casual, claro, que Galicia estivera gobernada estes anos polo señor Feijóo. Vostedes expulsaron a Ábalos, a señora esposa do señor Koldo tamén está expulsada do Partido Socialista, pero a eses non os convocaron á comisión. A vostedes o que lles interesan son outras cousas.

Tamén cuestionaron vostedes a calidade sanitaria do servizo que presta Povisa, sen ter en conta un elemento obxectivo que desmonta a súa afirmación, que é a libre elección dos usuarios, señoría. Porque vostede e eu podemos ter opinións discrepantes sobre a calidade do servizo que presta Povisa, pero vostedes esquécese de que todos os anos se abre unha ventá de elección para que os usuarios, libremente, decidan se permanecen en Povisa ou se deciden optar polo Álvaro Cunqueiro. E a realidade da elección dos usuarios pois desmente totalmente a súa afirmación. Porque eu creo que concordará comigo en que a súa opinión ou a miña neste caso é moi secundaria. A que importa é a dos enfermos, é a dous pacientes. Eles elixen libremente e hai cento trinta mil que están elixindo Povisa. Por iso creo que hai pouca razón e pouco sentido común no que vostede propón.

Señorías, se os datos obxectivos desmenten as súas afirmacións e a decisión libre dos usuarios desmente as súas opinións, cómpre preguntarse cal é o obxectivo último desta iniciativa, que é o de sempre —tampouco hai que enganarse—: atacar calquera iniciativa empresarial, como fan sempre. Dá igual o seu tamaño, dá igual a súa orixe, dá igual o sector. O BNG sempre estará en contra de calquera empresa que queira exercer a súa actividade en Galicia.



En todos os anos que levo aquí —e son uns cantos— nunca escoitei pronunciarse ao BNG en favor da instalación dunha industria en Galicia, nunca; cunha única excepción —quero ser xusto—, cunha única excepción: Altri, que a apoiaron aquí e aos dous meses rectifican vostedes. (*Aplausos.*) É que a súa inconsistencia é increíble, sinceramente.

Mire, o que pretende en última instancia a PNL é a nacionalización de Povisa; iso si, cunha novidade, que é a previa sinatura do concerto que quere o BNG e baixo a excusa de que a atención sanitaria debe ser prestada exclusivamente e directamente pola Administración pública. É un modelo perfectamente defendible, eu non o vou criticar. O que pasa é que ten que ir acompañado dunha certa coherencia política, e aquí é onde fallan. Porque a realidade é que, cando a esquerda galega tivo ocasión de gobernar, tomou decisións exactamente no sentido contrario do que hoxe defenden. Eu non sei se é un cambio de opinión ou simple desfachatez.

Mire, voulle ler un par de cuestións que eu creo que está ben para que recordemos todos.

Lei de saúde de Galicia. No título V regúlase a participación do sector privado de atención sanitaria co sistema público de saúde de Galicia; esta relación establécese como unha redacción de complementariedade, de subsidiariedade e de colaboración; aprobaron vostedes esta lei. Artigo 38, exactamente no mesmo sentido, iso si, recoñecendo literalmente a importancia do sector privado da atención sanitaria.

Pero é que falaba vostede da conivencia deste goberno con pérfidas empresas. Señora Prado, ¿pero vostede sabe quen firmou o acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo co señor Silveira, ao que vostede mencionou? Foron vostedes. E neste acordo vostedes condicionaban o deseño do Álvaro Cunqueiro a que Povisa seguise sendo viable e que se seguise mantendo e asegurando o emprego na sanidade pública de Vigo e na sanidade privada de Vigo. Isto asinárono vostedes (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) e hoxe veñen aquí dicir que hai que facer un hospital máis grande (*Aplausos.*) cando foron vostedes os que limitaron o deseño.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Vexo que a señora Espinosa nega coa cabeza. Eu simplemente lles vou dicir unha cousa: aquí cada un se ten que dedicar ao que sabe, señora Espinosa. Vostedes fixeron cinco maquetas preciosas do Álvaro Cunqueiro, que quedan aí para a posteridade, e nós fixemos o gran hospital público de Vigo. (*Aplausos.*) Cada un o seu. É como oen.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Simplemente, pedirilles unha cousa: se van rexeitar este pacto pola coherencia que lles ofrecemos, se van seguir coas trolas, ¡home!, polo menos inventen trolas novas, que non van dar moito mellor resultado aos galegos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...pero polo menos aburrirémonos un pouco menos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Unha mentira repetida mil veces non se converte en verdade, ¿non, señor Pazos? Eu tamén lles recomendo que, xa que empezamos unha nova lexislatura, igual era bo que cambiase de apuntes. Porque vostede pode repetir unha e outra vez que garantir o emprego non significa que 130.000 veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo teñan obrigatoriamente que recibir asistencia sanitaria, que debería ser pública, nun hospital privado. (*Aplausos.*) Non o significa, por moito que vostede retorza os argumentos.

Eu nun momento que teña tempo voulle traer aquí todas as cousas que aprobou o Partido Popular unanimemente neste Parlamento e que á media hora despois se desdixo. Podemos falar da eólica mariña, podemos falar de mil historias. Ou sexa, que leccións, *las justitas*.

E mire, di vostede que é unha «falsa privatización». Aos feitos nos remitimos, estamos falando de que Povisa é un hospital privado que vive da sanidade pública. ¡Máis do oitenta por cento da súa facturación vive da sanidade pública! (*Aplausos.*) ¿A iso como se lle chama, señor Pazos? ¿Como se lle chama a iso? ¿Como se lle chama a que o noventa por cento da contratación que fai o Sergas sexa negociada sen publicidade, contratos a dedo? E cada ano máis que o anterior: no 2022, 233 millóns menos que no 2021 e seguramente cando coñezamos os datos de 2023 serán máis aínda. Vostedes chámenlle como queiran, reinventen o dicionario, pero a isto chámase «destinar recursos públicos a empresas privadas a mans cheas». (*Aplausos.*) Iso é o que pasa.

A min paréceme moi ben que, como xa se leva dito aquí ao longo da mañá, faga referencia ao Consello de Contas, pero os informes do Consello de Contas hai que deles. E, ¿que di o informe do Consello de Contas? Di que hai un uso espurio na contratación e cesión de uso por parte do Sergas con empresas privadas, fraccionamento de contratos, gastos sen base contractual... E podía seguir así. Iso dino os informes do Consello de Contas, co cal sería bo que os lesen, porque dende logo non os deixan a vostedes en moi bo lugar.

Polo tanto, o BNG trae aquí unha iniciativa demandando transparencia na contratación do Sergas, máxima rigorosidade cos cartos públicos e dereito da veciñanza da área sanitaria de Vigo a ter asistencia sanitaria en centros públicos. E, ¿que di o Partido Popular? Bueno, da un paseo por Koldo, da outro paseo por non sei onde... pero van votar en contra diso que lles exixen aos demais. ¡Ah, isto é o Partido Popular en estado puro! Dilles aos demais o que teñen que facer. «*Consejos vendo que para mí no tengo*». Era aquel o refrán. Este é o Partido Popular que nin transparencia nin absolutamente nada de nada. Os cartos públicos o Partido Popular úsaos como convén. A sanidade pública na UCI, mais a saúde das familias e das empresas amigas do Partido Popular, as multinacionais, en perfecto estado. Así é como actúa o Partido Popular coa sanidade pública.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Agradezo que Democracia Ourensana dixese que ía votar a favor desta iniciativa e lamento que ao Partido Popular ou ao Partido Socialista lles pareza que é demagóxico pedir que se solucione o problema de Povisa, que se integre na rede pública ou comprándoa. Lémbrolle, señora Espinosa, que se vendeu por 21 millóns de euros...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...por 21 millóns de euros puideron compralo e podían facelo. Entón, iso ou que se poñan as infraestruturas públicas necesarias. ¿Que problema teñen vostedes en dicir que se poñen as infraestruturas públicas necesarias para que a veciñanza teña asistencia sanitaria?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** E, ¿tamén teñen problema con que se cree un comité de seguimento para levar un control do concerto onde haxa traballadores?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Hai que comprimir.

**A señora PRADO CORES:** Eu laméntoo, pero non imos aceptarlle a votación por puntos, porque me parece que é incongruente.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Temos que comprimir un pouco. Os tempos temos que comprimilos. A mensaxe é xeral para todos.

Vostedes foron os que acordaron pór estes tempos. Se agora non os imos cumprir, traballo nada feito. Entón, por favor, eu pídolles que fagan un esforzo. O que se pode dicir en dez, pódese dicir perfectamente en oito. É cuestión de adaptalo un pouco.

Imos alá. Temos que votar.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Entón, escomezamos votando as proposicións non de lei.

A primeira é a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias. Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.





*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiros.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votamos.*

*Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votamos.*

*Votación da proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e cinco deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dunha auditoría externa en relación coas contratacións de emerxencia do sector público autonómico derivadas da pandemia da covid-19.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Castro.

¿Xa comentou que acepta como engádega o punto 2 da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? ¿Non a acepta? (Negación.) Entón, votamos como está a proposición non de lei.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe impulsar en relación co desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 25.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Julio Ernesto Abalde.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Hai unha solicitude de votación por puntos que formulou a señora Espinosa. No debate formulouna, pero non lla acepta. Entón, votamos tal e como está.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa información que debe trasladar ao Parlamento de Galicia relativa aos concertos co*



*Hospital Ribera Povisa, de Vigo, así como respecto das actuacións necesarias para cubrir por medio da rede pública a atención realizada por este centro.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

### **Declaración institucional**

**O señor PRESIDENTE:** Antes de suspender a sesión, á que voltaremos ás 16.30, vou ler unha declaración institucional que me fixeron chegar os grupos e que ten que ver co Día Mundial do Lupus. A declaración di así:

«O Lupus é unha enfermidade autoinmune que afecta cinco millóns de persoas en todo o mundo e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. Pese a estas elevadas cifras, preto do sesenta por cento dos españois non sabe en que consiste o lupus ou tan só coñecen o nome da enfermidade, o que a converte nunha enfermidade invisible para a poboación en xeral, menos para quen a padece; especialmente mulleres, xa que representan o noventa por cento dos casos de lupus, desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o Lupus eritematoso sistémico representa aproximadamente o setenta por cento de todos os casos. Ademais, a metade das persoas que o padecen ve afectado un órgano ou un tecido importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin un tratamento efectivo para previr o dano orgánico ao longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non ser tratada, pode aumentar a discapacidade e a incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o Lupus é un problema de saúde global que afecta millóns de persoas, a Federación Española de Lupus —Felupus— une forza representando as persoas con Lupus e as 22 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade.

Con motivo do Día Mundial do Lupus, baixo o lema «Non deixes que o Lupus gañe. Rebélate contra o Lupus», Felupus busca alentar os pacientes a que non deben renderse fronte ao Lupus e insta as administracións a actuarmos xuntas, declarando o seu compromiso para contribuír á mellora e o manexo temperán do lupus en España, se logramos así dar resposta a estes seguintes retos.

Reto primeiro: promover un sistema de saúde público e de calidade que garanta a equidade e a uniformidade durante os procesos de diagnóstico, tratamento e seguimento da enfermidade, favorecendo así unha abordaxe multidisciplinaria, coordinada e integral do lupus. Reto segundo: impulsar a innovación e a investigación, promovendo o intercambio



de coñecemento científico e o impulso de novos avances no descubrimento de tratamentos. Reto terceiro: garantir o acceso en equidade aos tratamentos e ás novas terapias. Reto cuarto: recoñecer adecuadamente o dano orgánico acumulado do lupus e o seu impacto no benestar físico, mental e ocupacional dos pacientes.

Por todo o anteriormente exposto sobre o Día Mundial do Lupus, o 10 de maio, o Parlamento de Galicia:

Expresa o apoio e o recoñecemento ás persoas con lupus, ás súas familias e ás asociacións de pacientes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara ao diagnóstico precoz e ao tratamento desde o enfoque terapéutico multidisciplinar.

Comprometerse a levar a cabo as accións pertinentes e destinar os recursos necesarios para dar resposta a estes retos e paliar a situación de especial vulnerabilidade, así como garantir, con equidade, os dereitos das persoas con lupus e as súas familias, sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica, para a que non existe aínda cura —como esta e moitas outras—, a investigación e o acceso á innovación son vitais.>>

Esta é a declaración e moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*) (*Apróbase por asentimento.*)

Votamos ás dezaseis horas e trinta minutos.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Reanudamos a sesión.

Avanzamos no punto 3, interpelacións.

Prego silencio, señores deputados.

**Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde.

Señora conselleira, neste primeiro pleno deste novo período queríamos pedirlle unha cousa, a ver se o podemos conseguir. Queremos pedirlle respecto, respecto para o grupo, ou non só para o Grupo Parlamentario do BNG, representado por vinte e cinco deputados neste Parlamento, que creo que merece respecto. Non merece que vostede na primeira reunión que tivo con empresarios, e co Foro Económico de Galiza, se dedicase a lanzar un furibundo ataque contra o BNG, que é un ataque contra máis de catrocentas setenta mil persoas representadas polo BNG. (*Aplausos.*) Debería vostede estar explicándolle o que vai facer como conselleira e dedícase a atacar o BNG.



E, sobre todo, pedímoslle respecto para a xente, respecto para as persoas que defenden o seu territorio, que defenden o seu modo de vida, que defenden a súa auga, que teñen dereito a que sexa auga limpa, que defenden o seu ar, que defenden o seu modo de vida, que defenden a súa economía, que defenden a súa tranquilidade; que son xente honesta, son xente traballadora, non son delincuentes, non son xente agresiva, é xente agredida; persoas que non son ignorantes, que non están no atraso, que coñecen perfectamente e saben ler os documentos e entenden o que din os documentos e os proxectos, aínda que teñan miles e miles de páxinas de información técnica; son capaces de lellos, de entendelaos, de descifralos e de formarse unha opinión sobre eles sen que ninguén lles teña que dicir o que teñen que pensar.

É que vostedes están insultando a xente, están menosprezando a xente, están dicindo, como dixo vostede, algo que é unha indecencia, dicindo que a xente quere a pobreza. ¡Como pode dicir vostede iso! ¡Como pode vostede ter a indecencia de dicir que a xente que está defendendo as súas terras, o seu medio de vida, quere a pobreza! (Aplausos.)

Porque, ademais, vostedes están falando dun país e dunha comarca que non ten nada que ver coa realidade. Vostedes están falando dunha comarca da que queren vostedes transmitir a idea de que está no atraso, que está na pobreza, e é totalmente distinto. A Ulloa é unha comarca que ten vida, que ten xente traballadora, que ten xente emprendedora, que ten empresas punteiras, innovadoras, que son un exemplo, unha referencia, na denominación de orixe Arzúa-Ulloa, na transformación dos produtos agrarios, na agricultura ecolóxica e no turismo de vangarda, na gastronomía, en todos os ámbitos, tamén en ámbitos da I+D tecnolóxica.

E non necesitan que vostedes lles veñan aquí dicir o que teñen que pensar, o que teñen que dicir, o que teñen que dicir sobre un proxecto como Altri. Saben perfectamente o que teñen que facer e o que teñen que dicir. E teñen tamén o dereito de opoñerse a algo que entenden que é prexudicial, que é maleficioso para as súas vidas, para as súas economías, porque este é un debate ambiental, pero é sobre todo un debate do ámbito económico, señora conselleira, do económico, e vostedes non o queren entender, ademais dun ámbito que ten que ver coa dignidade.

Miren, vostedes constrúen os seus discursos sobre falacias, sobre mentiras, sobre enganos e sobre ocultacións, porque o que estiveron facendo vostedes durante dous anos e medio é o *modus operandi* da mentira e da ocultación.

Acabamos de recibir hoxe, por certo, un documento que lles pedimos polo artigo 9, que por fin, despois de dous anos e medio de aprobar o Plan de interese estratéxico, nos mandaron hoxe, ¡dous anos despois! ¿Parécelle normal?, ¿parécelle normal? Non. Xa pediramos moitas veces antes a documentación e vostedes secuestraron a información, porque vostedes ocultan, vostedes manipulan e vostede silencian para que a xente non se poida informar. (Aplausos.)

E o que fixeron vostedes foi unha sucesión de enganos. O primeiro engano é querer vender ou anunciar no seu momento, porque todo foi a base de notas de prensa, toda a información



fíxose a base de notas de prensa durante dous anos e medio ata agora, que saíu a información pública e se destapou a realidade e a verdade, unha fábrica circular de fibras téxtiles, que ía producir 200.000 toneladas de fibras téxtiles. E iso non era verdade, señora conselleira, porque o que se descubriu en realidade ao final, cando se fixo a información pública, é que é unha fábrica que vai producir 400.000 toneladas de celulosa de pasta, de celulosa soluble. Ese é o principal produto que vai producir esta fábrica, que, como di a documentación que nos molestamos en ler, miles de páxinas de documentos técnicos, vai estar destinada maioritariamente á exportación. De circular nada, señora conselleira. Porque isto é o mesmo que fai esta fábrica xa, o que fai en Caima, exactamente o mesmo: pasta de celulosa soluble para mandar para China. Así que de circular, nada.

A segunda falacia, a segunda mentira súa, é que o BNG votou a favor deste proxecto. Falso. Nunca se votou este proxecto no Parlamento. O que se votou é unha proposición non de lei para apoiar unha proposta dunha fábrica de fibras téxtiles para pechar o ciclo, xustamente o que vostedes non fixeron, que nos dixeron que ían facer unha cousa e fixeron outra totalmente distinta. Nunca se votou neste Parlamento o apoio a este proxecto concreto de produción de 400.000 toneladas de pasta de celulosa.

Terceira mentira, a multiplicación dos pans e dos peixes dos postos de traballo. ¿Sabe cantos postos de traballo anunciaron vostedes cando fixeron público este proxecto, por oportunismo, o 1 de outubro de 2021, ás vésperas do debate do estado da nación? ¿Sabe cantos postos se anunciaron daquela? ¿Sábeo vostede? ¿Recórdao? Dígame cantos eran. Non sabe, claro. Vostedes anunciaron mil quiñentos postos de traballo directos e seis mil quiñentos indirectos. ¿Que credibilidade teñen vostedes se a realidade é que non tiñan nada que ver con isto que anunciaron en 2021? Falta de rigor absoluto. ¿Como queren que alguén os crea, que alguén apoie estas iniciativas, estes proxectos, se están mentindo, enganando e ocultando sistematicamente a realidade?

E agora falan de quiñentos postos directos, que a saber, porque esta empresa ten tres fábricas en Portugal, que teñen en total setecentos postos de traballo. Pero imos concederlles o beneficio da dúbida.

Vostedes falan despois de dous mil indirectos, pero non din como van ser; transporte, loxística, servizos... Iso non é serio, que nun documento de tramitación dun proxecto se diga que van ser dous mil indirectos, de transporte, loxística e servizos que se van prestar.

¿A vostedes isto parécelles rigoroso? ¿Parécelles que podemos crer na fiabilidade de algo como isto que din, dous mil... xa se verá? Porque despois din todo o contrario. Din que non se vai plantar máis madeira de eucalipto, non se vai cortar máis madeira de eucalipto, non se vai transportar máis madeira de eucalipto, imos utilizar exactamente a mesma; entón, non vai haber postos de traballo indirectos, porque se vai utilizar a mesma loxística, a infraestrutura que xa se está utilizando. É que é pura e absoluta contradición, non hai por onde collelo. E vostedes están defendendo algo que non ten nin a máis mínima credibilidade.

Miren, despois de toda esta ocultación e mentira, o que descubrimos é a realidade: que este proxecto non ten viabilidade económica, non ten asegurado o financiamento, que





a empresa non conta con patentes para desenvolver a segunda fase de transformación, que é a das fibras téxtiles. Sábeno perfectamente, sábeno, non ten as patentes, tenas unha empresa austríaca que é competidora de Altri, por iso en Caima non fai fibras téxtiles. Ou, se non, ¿pódeme asegurar vostede que ten esta empresa a patente industrial para fabricar lyocell e que non vai facer en realidade pasta de celulosa soluble para exportación unicamente?

Terceiro, este proxecto ten un impacto descomunal, no territorio, na economía da zona, nos recursos hídricos, na biodiversidade, porque, claro, non hai por onde collelo. E, claro, a empresa agora sorprendeunos cunha infografía. (O señor Bará Torres mostra un documento.) Parece un barrio residencial de luxo, incoloro, inodoro e insípido; unha marabilla, dan ganas de ir vivir para alí. Pero o que hai detrás desta infografía, señora conselleira, son 1,2 millóns de metros cadrados de instalacións industriais contaminantes, contaminantes, moi contaminantes para a atmosfera e para a auga.

E o que ocultan vostedes e a empresa é que, xusto ao lado onde pintan isto, hai unha proposta de ampliación da Rede Natura, que se paralizou curiosamente no ano 2011 —¿por que sería?—, con hábitats que teñen que ser protexidos, que son prioritarios a nivel europeo. E por iso nós dicimos que é unha bomba ambiental no corazón de Galiza, porque é que é así, na biodiversidade, na contaminación do ar, na contaminación da auga.

O consumo da auga é unha auténtica barbaridade. Vostedes agora queren maquillado, que van reutilizar a auga, pero son 46.000 metros cúbicos diarios de auga quitada do encoro de Portodemouros, dos cales 16.000 metros cúbicos, ¡16.000!, van desaparecer, e a empresa vénnos contando a milonga de que non consomen auga, que a usan e que despois volve outra vez ao circuíto. Se din nos seus documentos que 16.000 metros cúbicos de auga —o que consume a cidade de Lugo— se evaporan no proceso, desaparecen no propio proceso industrial. É que nos están tomando o pelo. E 30.000 van vertelos ao río...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**O señor BARÁ TORRES:** ...cunha carga contaminante, a 27 graos de temperatura, que vai alterar completamente o ecosistema e a diversidade, vai afectar as especies que están protexidas, que están en risco de extinción, vai cambiar completamente. Non hai caso no mundo dunha fábrica deste tipo que verta nun encoro.

Porque, ademais, vostedes caen nas súas propias trampas. Resulta que agora se descobre que as consultoras que fixeron os informes —dúas— para demostrar que Ence non se podía mover da ría de Pontevedra, que non había ningún río onde puidese verter se non era na costa, esas mesmas consultoras traballan para Altri e din o contrario. É que a falta de rigor é absoluta.

E vostedes deberíanse preguntar unha cousa moi importante, e é: ¿por que tanta xente, tantas entidades, tantos sectores económicos están posicionándose en contra deste proxecto? Deberíanse preguntar iso e non andar con teorías extravagantes e estrañas e intentar xustificar o inxustificable.



Porque aquí trátase de escoller entre dous modelos: un é o modelo das grandes empresas patrocinadas polo Partido Popular para espoliar o país...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e outro é o que defende o BNG e moitísima xente neste país, de apoio aos sectores produtivos, á economía produtiva, ás pemes, ás cooperativas e á xente que quere converter A Ulloa e Galiza nunha grande...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas. Rematou o seu tempo, señor Bará.

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

¡Carai!, señor Bará, pedir respecto co que acaba de dicir e coa cantidade de mentiras e demagogia... *(Murmurios.)* Si, si, pero eu entendo que é o papel que lle tocou, agora xa non hai volta para atrás, agora teñen que manter isto porque, se non, van mal. *(Aplausos.)* Ben, pois é o que hai, é o que hai.

E agora toca manter esta mentira, e ollo que son moitas, moitas as que están escritas, moitas as que están no papel desta propia interpelación, moitas as que acaba de dicir vostede aquí, moitas as que están nos medios de comunicación, as que están vostedes vertendo en xuntanzas veciñais, etc., etc., etc. E están todas ou gravadas ou escritas, co cal ¡coidado co que están dicindo!

Mire: «A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei.» Este non é un proxecto público. Non, este non é un proxecto público, este é un proxecto dunha empresa privada, e con toda a súa linguaxe durante toda a interpelación, e como escribe, está dando a entender e quere dar a entender á cidadanía que a Xunta de Galicia está detrás deste proxecto.

Este é un proxecto dunha empresa privada portuguesa, que vén á Xunta de Galicia e presenta o proxecto. ¿E sabe o que fai a Xunta de Galicia? Promover calquera proxecto industrial, examinar o proxecto e tramitar o proxecto. ¿E sabe o que sería o contrario, negarlle a unha empresa acceder á tramitación? Prevaricación. Iso é o que sería, señor Bará. *(Aplausos.)* Co cal non confunda nunca máis os termos. Este é un proxecto dunha empresa privada. ¡Nunca máis volva falar de que é un proxecto público! *(Aplausos.)*

Estamos diante —afirman— dunha actividade industrial nada sostible nin circular, que terá fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades



socioeconómicas —é que non lle queda nada—, no río Ulla, na ría de Arousa, no modelo forestal etcétera.

¿E con base en que fan todas estas declaracións? Porque vostede leva aquí moito tempo dicindo que son todos vostedes capaces —eu xa lle adianto que eu non, nin os meus técnicos de Medio Ambiente tampouco foron capaces neste tempo de examinar isto—, deben ter vostedes técnicos superiores en urbanismo, en medio ambiente, en economía. E deben ser todos tan áxiles como para que, por exemplo, a señora Rodil o día 21 de marzo —é dicir, dezasete días despois de estar publicado o proxecto— fixo unha rolda de prensa onde examinou pormenorizadamente o proxecto. Si, é dicir, oito mil cincocentas páxinas, e vostede, señora Rodil, tivo unha lectura de cincocentas páxinas ao día, cheas de tecnicismos, cheas dunha serie de cuestións que foi capaz de analizar. Está ben que o afirme, porque xa lle digo que as mentiras son tales que a van acompañar toda a lexislatura co que está dicindo, (*Aplausos.*) ¡toda a lexislatura! (*Aplausos.*)

É que por mentir ata menten nas dimensións da factoría, falan de «dimensións xigantescas» da factoría. Falaron dunha «poligonal de 366 hectáreas», cando vostedes saben de sobra —porque iso si está perfectamente escrito no proxecto— que son 112 hectáreas, e o resto son todos cinturóns verdes e zonas de protección ambiental. ¡Ah!, claro, pero ¿por que non utilizar a demagogia e utilizar as «366 hectáreas»? Tres veces a fábrica de Ence di... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu teño a autorización ambiental de Ence, cincocentas mil toneladas ao ano. Esta fábrica non chega a iso. ¿De que están falando? (*Murmurios.*) ¡Nin por superficie nin por toneladas! (*Murmurios.*) Menten, menten e menten. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** E agora, claro, chega o momento de ver de verdade o proxecto, e agora teñen un problema, pero serio ademais. (*Aplausos.*)

«Un impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura 2000 e emisións de gases contaminantes». Pois cando este proxecto se presenta ao Ministerio de Industria para solicitar á Unión Europea —e o Ministerio de Industria coñéceo— din precisamente que son capaces de aforrar gases de efecto invernadoiro nun noventa e nove por cento en comparación cunha tecnoloxía tradicional convencional de *lyocell* e que evitan a emisión de 291.564 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano. E isto resulta que é o que ten unha emisión de gases contaminantes absolutamente... Pois non, resulta que é todo ao contrario e por iso están solicitándolle a axuda á Unión Europea.

Din que «o proxecto impactará no ámbito de protección BIC do Camiño de Santiago», e resulta que o punto máis próximo está a tres quilómetros. (*Murmurios.*)

O seu departamento técnico —ese departamento técnico que ten o BNG— tamén di que van consumirse grandes cantidades de auga. Resulta que aínda non devolvendo nada, como moito, consumirían o un por cento; devolvendo o cincuenta por cento consumirían un



0,80 por cento do caudal e en determinadas zonas un 0,20 por cento. E, segundo o proxecto, van devolver máis da metade da auga. Eu falo do que está no proxecto, do que vostede, señora Rodil, leu as cincocentas páxinas ao día. *(Aplausos.)* ¡Esas cincocentas páxinas ao día déronlle esta información! *(Aplausos.)* Eu, como son máis lenta, tardei máis, pero estoulle dicindo que está no proxecto. *(Aplausos.)* Eu estoulle dicindo que está no proxecto, e vostede é herdeira do que dixo nesa rolda de prensa, totalmente herdeira: «vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego da contorna». *(Murmurios.)* Aínda non alcancei a saber cal é o impacto negativo dun proxecto que crea —está no proxecto industrial estratéxico, que teñen a documentación— cincos empregos directos e dous mil empregos indirectos.

«Eucaliptización de Galicia». Vostedes saben de sobra que polos datos do Inventario forestal de Galicia é suficiente. ¿Que vai pasar? Que si, van ter que pagar máis polo eucalipto. Ao mellor, as oitenta mil familias galegas que viven do eucalipto están contentas con este proxecto porque lles van pagar máis, e encima o eucalipto vai quedar en Galicia.

E logo xa é o colmo —e volveuno dicir aquí varias veces—: tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista, con enganos, con absoluta falta de transparencia... Novamente, o proxecto parece ser da Xunta, non da empresa Altri. Iso vaino deixando por aí para que sen dicilo pareza que o proxecto é público. Pois o proxecto non é público, é privado —vólvollo dicir, señor Bará—. Mire:

*Economía Digital*, do 16 de febreiro de 2022: «Altri plantea construír dúas fábricas en Galicia: una de pasta y otra de fibra textil. Tendría una capacidade de 200.000 toneladas anuais, la de celulosa, y la de lyocell de 100.000 toneladas anuais».

*Diario de Pontevedra*, do 22 de febreiro de 2022: «Doble apuesta de Altri. La intención del grupo portugués es doble: unha fábrica de pasta de madeira soluble, que es la materia prima para distintas fibras textiles, y otra de lyocell».

*El Confidencial*, do 28 de febreiro de 2023: «La elaboración de pasta soluble de papel con una capacidade para producir 200.000 toneladas al año que se integrará parcialmente en la producción de fibras textiles de origen forestal». No, agora ya es el número, agora ya sí dijimos que era... Pero agora ya es el número, ya avanzamos. La mentira ya la vamos poco a poco descafeinando.

*Diario de Pontevedra*, do 5 de maio de 2022: «El aterrizaje de la pastera lusa Altri en Galicia planta un nuevo horizonte en el mercado del eucalipto gallego, la materia prima que prevé utilizar para fabricar pasta de madeira y fibras textiles».

*Campo Galego*, do 16 de maio de 2022: «El anuncio de Altri, que proyecta ubicar una planta de celulosa y fibras textiles, la lyocell, en Palas de Rei».

*La Voz de Galicia*, do 31 de marzo de 2023: «Altri, su plan en Galicia con una planta de pasta de papel y otra de lyocell. Una fábrica para la elaboración de pasta soluble de papel con una capacidade para producir 200.000 toneladas al año...» —que sí es lo que va a hacer en la primera fase, por



cierto— «...y una segunda planta de fibras téxtiles de origen forestal, concretamente, de lyocell».

*Economía Digital*, do 26 de maio de 2023: «El proyecto Gama tendrá que ser un proyecto transformacional implicando la construcción de una nueva unidad industrial de producción de pasta soluble y fibras textiles sostenibles en Galicia».

Supongo que durante todo este tiempo y a todos estos diarios usted no tuvo acceso, porque sí sabe leer pero no le dio la gana de leer determinadas cosas, parece ser. (*Aplausos.*)

Documentación remitida al grupo parlamentario que pediu a información, que fue el Partido Socialista. El Partido Socialista pediu a información y se le informa el 22-08-2023: «Descripción de la propuesta: construcción de una planta integrada cuyas capacidades finales de producción son de 400.000 toneladas/año de pulpa y 200.000 toneladas de fibra sostenible».

Pero ¿dónde está el engaño de la Administración autonómica cuando han pedido información? Comisión 6ª, de Industria, Energía, Comercio y Turismo, responde el secretario general literalmente que «La fábrica contará con una capacidad final de producción de 400.000 toneladas de celulosa soluble y 200.000 de lyocell». Presentes parlamentarios del BNG, por suposto, en esa Comisión 6.ª E podería seguir así toda a tarde.

O certo é que os únicos que están mentindo e agora teñen que soste a mentira son vostedes, e agora teñen un problema. E si creo que están intentando que cada día sexan máis pobres os cidadáns. E si gustaríame saber realmente: vostedes tiñan no programa electoral que pretendían aumentar durante esta lexislatura en oito puntos o PIB industrial (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, si, señora Rodil, afirma—, e a min gustaríame saber de verdade —pero de verdade, teño auténtica curiosidade intelectual— como o pensaban facer, (*Aplausos.*) cun negacionismo industrial e enerxético absoluto, (*Aplausos.*) cunha crítica absoluta a calquera proxecto empresarial. Ata tal punto que lle chegan a dicir a un goberno que non tramite o expediente de autorización e de tramitación ambiental dunha empresa, que iso é o que vostedes están facendo. Co cal, si lle rogaría, por favor, que me diga cal é o seu proxecto industrial. Teño verdadeira curiosidade por sabelo: ¿cal é o proxecto industrial do BNG?

Grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica do señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Lorenzana, eu non sei se vostede non estaba daquela na sociedade Impulsa, que agora preside vostede, pero recórdolle que foi a sociedade Impulsa quen promoveu este proxecto, quen fixo unha convocatoria, quen seleccionou a empresa Altri, quen acompañou a empresa en todo o proceso. Por certo, a Altri non, porque o primeiro proxecto non era Altri; o primeiro proxecto ía nas Pontes, tiña outras características totalmente distintas, tiña outros socios, estaba baseado na reciclaxe de roupa e non tiña nada que ver, e por iso estaba Inditex apoiándoo. Pero ese proxecto non foi adiante, e





vostedes buscaron outros socios. Os técnicos — sabemos perfectamente como foi o proceso — que estaban nesa tramitación dixeron que non estaba maduro o proxecto de Altri. E vostedes, por oportunismo político, anunciárono en outubro de 2021. E daqueles pos, estas lameiras, señora conselleira. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*) E temos a documentación de todo ese proceso. (*Aplausos.*)

Vostedes promoveron, acompañaron, apoiaron. E vostedes son xuíz e parte, porque vostedes tamén acaban de rexistrar unha iniciativa onde lle dan todas as bendicións a Altri. ¿Que pasa?, ¿que non van sometelo a avaliación ambiental e xa lle dan o abrazo e a aprobación? E vostedes, todo o Goberno que aprobou esa iniciativa, van ter que votar a favor da súa aprobación, incluída a Consellería de Medio Ambiente. ¿Vanse abster vostedes no proceso? Vostede, que é membro da sociedade Impulsa, que foi quen impulsou e apadriñou este proxecto, ¿vaise abster no proceso de valoración? Porque non se pode estar nunha parte e na obxectividade, na neutralidade. Vostede é xuíz e parte. Están actuando de parte, a favor dunha parte.

Unha parte é unha grande empresa industrial, que ten o historial que ten, que di na súa documentación que vai dedicar... Porque lemos o proxecto e porque temos ducias, diría centos de persoas, un auténtico exército de especialistas —de enxeñeiros, de economistas, de sociólogos, de antropólogos e de xente que traballa e que coñece o país e a terra e A Ulloa—, que se dedicaron a ler miles de páxinas. E que fixeron miles de alegacións porque lle dedicaron desinteresadamente miles de horas das súas vidas —que non tiñan por que— a defenderse dun ataque, dunha agresión que están patrocinando vostedes. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

E voules falar da contaminación, porque tamén lemos a parte da contaminación, tamén temos expertos en contaminación do ar e do medio hídrico que leron toda a documentación e que a compararon, e voules dar uns datos da contaminación. Miren: contaminación á atmosfera por xofre, por óxido de nitróxeno, por gases acidificantes, equivalentes ás emisións de case un millón de porcos —967.000, exactamente—, equivalente a 187.000 coches. Xa digo: con gases acidificantes que van contaminar unha área arredor de varios quilómetros, que son zonas de produción ecolóxica, onde hai grandes proxectos de transformación agroindustrial, de apostas por produtos galegos de calidade, para ser unha potencia alimentaria. Ese é o modelo que defende o BNG.

¿E quere que lle digamos cantos miles de postos de traballo, canto podería subir o PIB de Galicia —desa proposta que facía o BNG— con 250 millóns de euros de axudas públicas para as empresas, as pemes e as cooperativas da Ulloa, do Ulla e da ría de Arousa, que están ameazadas pola falta de políticas da Xunta de Galiza? ¿Saben vostedes cantos miles de postos de traballo se poderían crear? Pois en vez de dállelo a miles de proxectos de pemes e de cooperativas do país, vostedes queren darllo a unha multinacional para que espolie os nosos montes, para que transforme iso en pasta de celulosa e para que mande a exportación a China. Ese é o seu modelo. O noso está claro: co país, coa xente e con crear traballo de calidade na terra, con pemes e con cooperativas, que non teñen o seu apoio. Esa é a grande diferenza.

E dicía vostede que falamos de impactos por aquí e por alá. Pero é que non o dicimos nós (*O señor Bará Torres amósalles un documento ás persoas presentes na Cámara.*): Denominación de





Orixe Arzúa-Ulloa, comunicado público no que manifesta a súa preocupación polo impacto que vai ter este proxecto e que vén sendo a segunda denominación de orixe do estado, non é pouca cousa; as empresas agroecolóxicas da zona. Tamén se están manifestando as organizacións agrarias —o Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias, Fruga— e os sindicatos —a CIG, Comisións Obreiras, mesmo ata Comisións Obreiras tivo que rectificar e poñerse en contra—; as organizacións ecoloxistas, por certo, a Sociedade Galega de Historia Natural, a Adega; as asociacións do Camiño Portugués, do Camiño Xacobeo a Santiago, que tamén saíron publicamente manifestando a súa preocupación, porque si que lle afecta ao contorno visual do camiño, e é un gravísimo impacto. Por certo, como alerta tamén o Icomos, que é o organismo consultor internacional das afeccións ao camiño e ao patrimonio dos camiños históricos e aos BIC. ¿A vostede non lle preocupa isto? A nós preocúpanos, e é que non o dicimos nós...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...díó o Icomos.

¿Quere máis, señora conselleira? O Colexio de Arquitectos, que di que este proxecto atenta contra o modelo territorial de Galiza, que non é ese o modelo polo que hai que apostar e que non se poden facer grandes macroproxectos industriais coma este en solo rústico, transformado por arte de birlibirloque —non arte de birlibirloque, senón de modificación— uns días antes de sacalo á información pública...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...modificando pola vía da Lei de acompañamento a lexislación para favorecer esta empresa.

Esta é a realidade do *modus operandi* do Partido Popular apoiando estes grandes proxectos, e coas portas xiratorias tamén. Porque non me deu tempo a falar de portas xiratorias, pero aquí hainas e de todas as cores, incluída a bipartidista, coa consultora Acento, que tivo moito que ver con este proxecto.

As confrarías, as plataformas da ría de Arousa, a Plataforma Ulloa Viva... ¿É que non se preguntan vostedes por que...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Rematou o seu tempo, señor Bará.

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Antes de darlle a palabra á señora conselleira, dámoslles a benvida —e agradecemos a súa presenza nesta casa— aos alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do Colexio de Educación Infantil e Primaria Alfredo Brañas, da Laracha. Benvidos ao Parlamento de Galicia, a vós e aos vosos mestres.

Agora, señora conselleira, ten a palabra por cinco minutos.



**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Quero darlles á benvida tamén aos alumnos e aos mestres dese colexio da Laracha. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Señor Bará, ¡complicado, eh, ter que seguir con esa mentira! ¡Complicado!, ¡tේño moi complicado, moi complicado!

Vostedes preguntaban na interpelación se iamos trasladar ao Parlamento a documentación relativa á tramitación. A documentación está trasladada. Pero si me gustaría dicir que o prazo remataba o 11 de maio. Porque é que nesa demagogia profunda que empregan dá a sensación de que tiveron que reclamar e reclamar... Ata o de agora soamente o Partido Socialista se interesara pola información deste proxecto. E cando a pediron vostedes, enviouse. Está enviada. Co cal, convén deixar as cousas claras.

Fala vostede da sociedade Impulsa e mestura todo. Di que somos xuíces e parte. ¿Vostede cre que a sociedade Impulsa é a que fai a tramitación ambiental do proxecto? Eu non estaba na sociedade Impulsa, pero dá igual, son agora presidenta pola miña condición de conselleira de Economía e Industria. ¿Que terá que ver? Na sociedade Impulsa a Xunta de Galicia ten unha participación, como existen unha serie de conselleiros independentes e como existen outra serie... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, evidentemente... Claro que a presido eu, pero é que este proxecto non ten nada que ver no día de hoxe coa sociedade Impulsa. Freen esa demagogia, porque, como non é verdade, tarde ou temprano a xente que é intelixente vai entender perfectamente que este proxecto non ten no día de hoxe nada que ver coa sociedade Impulsa.

Polo tanto, quen está facendo a declaración de impacto ambiental son os técnicos da Xunta de Galicia e están absolutamente desvinculados desta sociedade.

Como tampouco entendo moi ben por que vostede trae aquí a colación a PNL plantexada polo Grupo Parlamentario Popular. De novo tamén para mesturar e para continuar facendo demagogia, porque non sabe como saír da mentira.

¿Que ten de raro que o grupo parlamentario inste a Xunta de Galicia —ou pida que o Parlamento inste a Xunta de Galicia— a dar prioridade a un proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa ambiental? ¿Que ten de raro que plantexemos ou que plantexe o grupo instar a Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a necesidade de concretar os fondos europeos Next Generation? ¿Que ten de raro que se solicite instar o Goberno galego para que inste o Goberno de España a que se inclúa na planificación da rede de transporte a necesidade da subestación eléctrica? ¿Que ten de raro e que ten que ver que os técnicos de Medio Ambiente teñan que facer a declaración de impacto ambiental coa PNL? O que pasa é que, como non sabe que dicir, mestura todo e a ver se coa, ¿non? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non ten absolutamente nada que ver, ¡non ten nada que ver! ¿Ou é que o poder lexislativo é o mesmo que o poder executivo e que unha sociedade que ten unha participación pública...?



¡Imos metelo todo na lavadora e a ver se vai coando, porque xa non sabemos como cubrir a cantidade de mentiras que levamos dito! *(Aplausos.)*

¡Pero, por favor, señor Bará! Eu entendo que ten que vir vostede aquí facer ese papelón, jese papelón que acaba de facer!, pero free un pouco, porque isto ten tela. ¡Isto ten tela!

Vostede pregunta na interpelación como valora a Xunta o impacto territorial, ambiental, etc., e se temos previsto avaliar favorablemente o proxecto, a pesar do fortísimo impacto e rexeitamento maioritario nas comarcas afectadas. Ou sexa, que as declaracións de impacto ambiental e as autorizacións ambientais integradas se dan en función do que opina a conselleira, de como valoro eu, de se hai rexeitamento nas comarcas afectadas... ¡Isto é o que vostede plantexa! *(Murmurios.)* Eu chego a pensar que non distingue órgano ambiental, do Goberno... Todo é unha mestura ou, ao mellor, é que ten que facer demagogia para huír do que xa dixeron. Probablemente sexa isto segundo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu xa non podo pedirlle, porque creo que xa non..., que xa sobrepasou todo iso, pero: tranquilidade, obxectividade, deixe traballar os técnicos. Seguramente os seus son moi bos, pero, ao mellor, teñen un pouquiño máis de oficio os que están tramitando este proxecto na Xunta de Galicia que os que ten vostede en paralelo; eses técnicos virtuais dos que tanto falan. Nese goberno virtual que vostedes constituíron teñen eses técnicos virtuais que están facendo esas declaracións de impacto ambiental paralelas, ¿non? *(Aplausos.)* Diso se trata, de facer declaracións de impacto ambiental paralelas.

Mire, entre tantas mentiras e tanta torpeza, eu si creo —e é unha auténtica pena— que estamos perdendo un tempo precioso para analizar se de verdade este proxecto é viable ou non. Porque aquí ¿sabe o único que conta? Que o proxecto sexa industrialmente interesante para Galicia e que sexa legal e medioambientalmente viable. Iso é o único que lle interesa ao Goberno da Xunta de Galicia. É o que normalmente lles interesa aos gobernos dos estados de dereito, é o que normalmente lles soe interesar ás economías que non están intervidas. Pero probablemente non é o modelo que a vostedes lles guste. A vostedes gústalles o intervencionismo. ¡Que lle imos facer! Ao Partido Popular, que goberna na Xunta de Galicia, non nos gusta o intervencionismo. *(Murmurios.)* ¡Isto é o que hai! Entón, non me respondeu vostede...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Eu creo que é un tema serio...

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** ...pero sería interesante...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Espere un momento, conselleira, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** ...que nalgún momento plantexen como... *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¡Por favor! ¡Un momentinho, por favor!



Eu creo que é un debate moi serio, e que toda Galicia está prestando atención... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ademais, estamos iniciando a lexislatura. E hoxe temos alumnos neste mesmo momento que nos están escoitando. Eu creo que deberían reconsiderar as risas, as interrupcións. Estamos empezando nunha nova etapa, así que lles prego que reconsideren todo iso, porque creo que somos neste momento observados e debemos ser tamén exemplares. E aínda encima foi unha iniciativa que levou o seu grupo. Así que, polo menos, déixenlle rematar, que son xa poucos os segundos que lle quedan, e avancemos a tarde —insisto—, no primeiro pleno da lexislatura, dando exemplo.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidenta.

Simplemente o que lle dicía, señor Bará, a vostede e ao seu partido, ao finalizar a primeira intervención, é que o presidente da Xunta —e eu dígollo aquí agora— ofreceu un pacto pola industria e pola enerxía. Estámosllelo dicindo en serio a todos os grupos; por suposto ao Partido Socialista tamén, pero a vostedes, que son os que interpelan. Entón, a nós si nos gustaría saber —de verdade, fálolle con honestidade— cal é o seu modelo, porque vostede veu aquí e respondeume que o seu modelo é estar coa xente, co traballo...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** ...e coas pemes. O noso, tamén. Pero, ¿cal é a maneira de chegar a ese emprego, a ese traballo e a esa industria?

Nada máis, señorías. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións. Neste caso, coa referida no punto 2 da orde do día.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro e D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defendela, ten a palabra dona Silvia Longueira Castro, por un tempo de dez minutos.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Presidenta, xa que están os alumnos —creo que marchan—, desde aquí, un agarimoso saúdo e grazas por vir ver isto, que é o seo da democracia. Así que ogallá teñades aprendido algo e vos sexa de utilidade no voso futuro. (*A señora Longueira Castro dirixe a mirada á tribuna de convidados e convidadas.*)

Tócanos dependencia, e eu quería comezar recollendo unha parte dun informe do ano 2022 da Valedora do Pobo, na páxina 175, onde di así: «As esperas para as valoracións e a aprobación dos programas de atención se engaden ás listas de espera para os servizos aprobados. Os atrasos afectan as prazas públicas ou concertadas cando se ten aprobada a



atención. As persoas atópanse no programa de asignación de recursos e listas de espera, a pesar de que o dereito ten sido recoñecido. Permanecen nelas por tempo indeterminado, posto que varían por outras altas e baixas e polos criterios de ordenación, que impiden prever o ingreso ou a efectividade do servizo. A Consellería ten a necesidade de cumprir a ordenación das listas de espera, que obxectivan as esperas e evitan irregularidades, sen embargo, o servizo recoñecido no Plan individual de atención (o PIA) é un dereito subxectivo que debe ser cumprido, polo que é necesario adoptar as medidas precisas para que as prazas sexan efectivas. Así, cando encontramos esperas de servizos aprobados, formulamos a correspondente recomendación».

E nun punto e á parte di: «Os atrasos fan que se dean falecementos sen chegar a recibir a atención». Páxina 175 do Informe do ano 2022 da Valedora do Pobo.

Non é nada novo. É algo que todos saben, pero moito temo que aquí, dentro desta Cámara, se fai como se non fose certo, así como tamén nas roldas de prensa que moitas veces se dan por parte do Partido Popular con respecto á Lei de dependencia, nas que anuncian bonos preelectorais, como foi ultimamente. Pero cando algo ten que valer, eu espero que valla o que di a Valedora: que os atrasos fan que se dean falecementos sen chegar a recibir a atención.

Por certo, hoxe acaba de saír unha sentenza do Tribunal Supremo onde se lle recoñece á familia de Evangelina —unha usuaria falecida en Andalucía— o dereito a percibir as prestacións desde que lle foi recoñecido o sistema de dependencia para darlle axuda no seu fogar, na casa en que decidiron que fose coidada. Evangelina faleceu, a súa familia recorreu e hoxe hai unha sentenza onde se obriga a que esa familia reciba os salarios que non foron percibidos polos coidados, porque a Lei de dependencia, neste caso, acumulaba o atraso que todos sabemos.

Esta situación non ten, ademais, visos de que poida ser reaxustada e, polo tanto, mellorada. A entrada no sistema de dependencia é unha constante que vai en aumento tanto polo número de persoas que están solicitando como por aqueles que xa teñen percibidas prestacións e teñen unha lonxevidade moito máis alá que ao inicio da implantación da Lei do ano 2007. É dicir, o sistema está colmatado con dependentes actuais, aos que hai que engadir aqueles que se incorporan. Pero, en calquera caso, hai unha constante que se cumpre constantemente: só chegan a percibir as prestacións aqueles dependentes que están en grao de máxima dependencia.

E vou poñer aquí o exemplo para explicar como sucede isto. Os concellos, que son os últimos que están á espera, tanto dos cartos como das altas de dependencia, consultan semanalmente a través dunha plataforma aberta coa Xunta de Galicia a entrada dos dependentes valorados polos escuetos servizos da Xunta de Galicia. Poden ser de grao 1, de grao 2 ou de grao 3.

Supoñamos que un usuario de grao 1 entra na lista do concello para ser atendido nun prazo de seis meses. Nalgún concello hai acumulados ata máis de 800 dependentes á espera dun PIA. Este usuario está no primeiro lugar da lista nese momento en que ingresa, pero na





seguinte semana van entrar usuarios valorados co grao 3; co cal, como é o grao de maior nivel de dependencia, pasará ao primeiro lugar da cola, desprazando o anterior. Nas semanas sucesivas chegarán máis usuarios valorados tamén co grao 3, polo que aquel usuario de grao 2 poida que estea xa moi lonxe de obter o seu PIA nun prazo de dous anos aproximadamente.

É evidente que o paso do tempo vai converter aquel dependente valorado en grao 2 en grao 3, mais terá que ser novamente avaliado para que se lle poidan ofertar o seu PIA, voltando novamente a precisar outra valoración.

Conclusión: ademais de cercenar os dereitos dos dependentes recoñecidos nos graos 2 e 1, ao final, soamente estamos ofertando as prestacións de dependencia aos que teñen o grao 3.

Por certo, hai un caso levado á Valedora do Pobo tamén no que un dependente de grao 1 levaba máis de catro anos esperando polo seu PIA. Mais xa quedou rexistrado pola propia Valedora que os atrasos fan que se dean falecementos sen chegar a percibir a atención.

E todo isto viuse agravado por unha medida preelectoral que ofertaba un dous por un: un bono de 5.000 euros para coidados e un bono de 1.200 euros para atención residencial.

A medida foi tan inesperada como galáctica, ao noso entender, porque, primeiro, os servizos sociais municipais o souberon polos xornais; nada sabían desa medida. Ninguén lles enviou previamente instrucións ou documentación ao respecto. Este tipo de medida artículase sempre a través da Xunta de Galicia en relación cos servizos comunitarios; como non existía outra información máis que as que se estipulaban nos xornais, ao día seguinte os teléfonos dos concellos non paraban de soar cos usuarios que querían solicitar as bonificacións pero que ninguén era capaz de respostar sobre o particular.

A tramitación destas axudas, moito máis mermadas do que prometían, engadiu unha serie de xestións sobre as que xa se estaban abordando nas plataformas de entrada de dependencia no sistema. Todo o real é que a Xunta ten equipos mermados que non son capaces de alixeirar as valoracións en todas as súas categorías e os concellos están ateigados de expedientes que non son capaces de alixeirar por unha sobrecarga de traballo, toda vez que agora teñen que atender tamén a aqueles usuarios que se ven beneficiados pola política de bonos.

O traballo dentro do sector da dependencia, en concreto o do SAF, é un traballo feminizado e precarizado, con horarios rocambolescos de turnos que distorsionan tanto as traballadoras como os usuarios e cunha prestación que algunhas veces ten pouca calidade debido ás présas e aos percorridos que teñen que facer as propias traballadoras. E por se iso non bastase, a Xunta veu de modificar as libranzas ás familias coidadoras, a única prestación que corre totalmente a cargo da Xunta de Galicia e os concellos simplemente informan.

Ao prometer estes 5.000 euros para coidados, o que supón 416 euros ao mes, se o dividimos entre as setenta horas que podían ofertar de SAF, saíralle a hora a 5,9 euros, mentres que a Xunta está a pagar aos concellos a 11 euros a hora, cantidade precarizante onde as haxa. É dicir, coa medida electoral están aforrando unha diferenza de 5,1 euros por hora, o que supón un alivio no traspaso dos fondos do SAF para a Xunta de Galicia.





E todo isto dáse coa maioría de idade desta lei, 18 anos. Evidentemente, é unha lei complexa, con ámbitos de desenvolvemento poliédricos e que ademais ten ante si unha poboación envellecida e que ademais ten os seus visos, como dicíamos antes, de que se atopen con taxas altas de envellecemento conforme van pasando os anos dentro do propio sistema. Con 1,5 millóns de persoas neste país, o 3,3 por cento da poboación, morre un dependente cada doce minutos sen recibir a súa prestación.

No 2012 este sistema viuse bastante afectado e bastante mermado con todos os recortes que sufriu a través das medidas de Mariano Rajoy, ata que no 2015 volveu recuperar, pero nunca aos niveis anteriores. Galicia supera os doce meses de tramitación para os casos máis benévolos, dezaoto meses para a discapacidade. E, ademais, Galicia, no último informe dos xerentes de servizos sociais, é unha das comunidades que menos gasto aporta na súa dependencia, e con isto só, como mínimo, 596 euros por persoa, a que menos gastos aporta.

E con todo isto o que nós preguntamos e sobre o que queremos interpelar a conselleira de Benestar Social é que medidas, como imos afrontar nos próximos anos, nestes próximos catro anos, todo este tipo de cuestións que —xa digo— leva unha lei coa maioría de idade pero non temos ningunha resolución que poida poñer esta lei dentro da categoría que se merecen tanto os que estamos aquí a falar dela como aqueles que están aí fóra a percibila.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, señora Longueira, moi boas tardes a todos.

Eu aproveito esta primeira interpelación parlamentaria da lexislatura para trasladarlle tanto a vostede como ao resto dos grupos da oposición a miña vontade de escoitar, de dialogar e de mellorar entre todos os servizos sociais de Galicia. Pero, como ben saben, temos por diante moitos retos, retos moi importantes, que precisan dunha política seria, dunha política con altura de miras e que busque o benestar de todos os galegos.

Señora Longueira, como primeira toma de contacto eu teño que dicir, teño que recoñecer que a súa interpelación me deixou un pouco confusa, porque eu non acabo de entender cal é exactamente o rumbo que quere vostede que sigan as políticas sociais da nosa Comunidade. Porque, por un lado, critica o Goberno galego por impulsar o Bono Coidado no Fogar, por investir máis fondos que nunca nas axudas a coidados das persoas dependentes na súa propia casa, no seu propio fogar, pero, por outro lado, aplaude a xestión do Goberno do señor Pedro Sánchez, que incumpre —insisto—, que incumpre ano tras ano o financiamento da Lei de dependencia e que nestes momentos lle debe á nosa Comunidade máis de 2.500 millóns de euros, que irían a parar directamente ao bolsillo de todas as persoas maiores e dependentes da nosa Comunidade.



Polo tanto, nunha mesma interpelación vostede rexeita que o Goberno galego impulse medidas que son pioneiras, medidas que son únicas, que son unha referencia xa a nivel nacional e que axudan ao cen por cento das persoas con dependencia que son atendidas nas súas casas, e gaba pois un Goberno central que ten nestes momentos uns orzamentos prorrogados e que privará unha vez máis a Galicia neste mesmo ano 2024 de 50 millóns de euros soamente en materia de dependencia.

Polo tanto, eu pídolle, señora deputada, e recoméndolle que deixe por un momento ese libro de estilo que lle aportan dende a rúa Ferraz, porque persegue obxectivos que prexudican gravemente a Galicia e que non responden nin ás necesidades nin ás preferencias das persoas dependentes da nosa Comunidade.

Miren, señores deputados, o Bono Coidado no Fogar non foi un anuncio preelectoral incumplido. O Bono Coidado no Fogar é un compromiso firme que se converteu en realidade na primeira semana de xaneiro. Trátase dunha axuda que está a beneficiar nestes mesmos momentos a máis de dezaoto mil persoas dependentes que desexan, que queren continuar vivindo nas súas casas e queren ser coidados por un familiar ou por un ser querido. Unha Xunta que atende as necesidades de todos con independencia do seu grao de dependencia e tamén con independencia da súa capacidade económica. É unha axuda que, ademais, é posible grazas a un goberno que si que aproba os orzamentos en tempo e forma e que destina para este fin máis de 100 millóns de euros cada ano. *(Aplausos.)*

Mire, señora Longueira, o Bono Coidado no Fogar é un bono de 5.000 euros cada ano. Eu non sei vostede de que cantidade mermada me fala, porque nós prometemos 5.000 e nós pagamos 5.000, nós prometemos que se ía pagar na primeira semana de xaneiro e nós pagamos na primeira semana de xaneiro. Xa lle estou dicindo: dezaoto mil persoas que nestes momentos están cobrando eses 5.000 euros cada ano.

Polo tanto, non soamente beneficiamos todos eses galegos que desexan ser coidados nos seus propios fogares, como son a gran maioría, senón que, ademais, aliviámos a carga burocrática das traballadoras sociais. Mire, o 40 por cento das solicitudes de atención á dependencia non son novas, senón que son revisións das xa existentes. E a través deste Bono Coidado no Fogar as persoas que desexan ser atendidas na súa propia casa non van ter que necesitar a renovación do seu caso en grao de agravamento, porque lles pagamos a todas as persoas dependentes os 5.000 euros con independencia de que sexan grao 1, grao 2 ou grao 3 e con independencia de que a súa capacidade económica se modifique ao longo do tempo. Pero isto non impide, por suposto, que se realicen todas esas revisións de oficio a que obriga a normativa estatal e que permiten asignar os recursos máis convenientes a cada situación e tamén en cada momento.

Polo tanto, imos seguir facendo todas as revisións periódicas de oficio que establece a propia normativa sempre cos casos de menores de idade e tamén sempre que o interesado solicite ou así o estableza o órgano de valoración.

Pero, ademais, atendendo á súa pregunta, á súa interpelación, nos últimos anos realizamos preto de 6.900 renovacións de oficio, seguindo, como lle dicía, a normativa estatal vixente



e baixo un estrito criterio técnico. Señora Longueira, o cometido das revisións do grao de dependencia non é en ningún caso acurtar en dereitos, senón que máis ben implican todo o contrario, e proba diso é que o propio Bono Coidado no Fogar garante, como dicía, esa axuda universal para todas as persoas con dependencia que son atendidas nos seus fogares cos 5.000 euros cada ano, sexa cal sexa o seu grao de dependencia e sexa cal sexa a súa capacidade económica.

Polo tanto, o seu obxectivo é incrementar as axudas e sumar en dereitos e blindar a atención a todas as persoas que están pasando unha situación de especial vulnerabilidade. *(Aplausos.)*

En definitiva, dende o Goberno galego imos seguir traballando para situar Galicia como xa o é nestes momentos: un referente a nivel nacional en materia de dependencia, un referente a nivel nacional, dándolles ese mimo, ese coidado e esa atención aos nosos pais e aos nosos avós e sendo tamén un líder a nivel nacional e europeo a seguir.

Polo tanto, nestes momentos xa somos unha das comunidades autónomas mellor valoradas no sistema de atención á dependencia. Temos máis de 73.900 persoas con dependencia atendidas e somos a comunidade cunha mellor taxa de cobertura: o 98 por cento das persoas con dependencia recoñecida nestes momentos xa se benefician da súa prestación ou do seu servizo. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señores deputados, os resultados son froito dun Goberno galego que procura sempre o benestar das persoas maiores e das persoas dependentes, e, polo tanto, iso implica tamén que imos continuar traballando sen descanso na mellora dos servizos sociais, sendo un goberno que atende, un goberno que escoita e que responde ás necesidades reais das persoas maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Ben, eu creo que debemos de vivir en países diferentes, porque a min persoalmente, no meu caso, a Consellería de Benestar Social nunca me tratou con mimo, tratoume con tres anos de espera para que a miña nai lle recoñeceran a dependencia; un caso persoal. Seguro que nas setenta e cinco persoas que nos sentamos nesta Cámara hai máis casos, nos traballadores desta casa ou nos que están aí fóra. Calquera deles pódelle dicir que isto non é a realidade. Outra cousa é que veñamos aquí, fagamos trilerías cos números e que teñamos a cuestión de dicir que isto é así. Pero vostede sabe que isto non é así. *(Aplausos.)*

Na provincia de Ourense hai catro mil persoas esperando polo recoñecemento dos seus dereitos de dependencia. Un discapacitado en Ourense ten que esperar preto de dous anos para entrar no sistema de valoración. Iso non é o mínimo. O bono que vostedes sacaron de 5.000 euros o que supón é un aforro para vostedes de 5,1 euros a hora. *(Murmurios.)* Ben,



faga as contas, faga as contas, de verdade. Non queremos bonos, queremos dereitos recoñecidos. Non, non fan falta bonos, falta recoñecer o dereito ao que temos dereito a través da Lei de dependencia. Non fan falta bonos, simplemente fai falta desateigar o que son os servizos sociais para unha maior valoración e para que a xente poida ter o seu dereito recoñecido.

Volvo repetir. Por certo, acaba de sentar xurisprudencia unha sentenza do Tribunal Supremo onde se lle dá a razón á familia de Evangelina, tristemente falecida sen recibir a axuda á dependencia. Co cal tamén espero que este tipo de medidas, que non van máis alá dunha forma coercitiva, poidan ser tamén un látego para que dalgunha maneira isto teña unha axilidade.

E mire, vostedes mencionan moitísimo aquí a Pedro Sánchez, é unha cuestión que traen vostedes porque non saben que están aquí en Galicia. Pero, dito isto, xa que vostedes o mencionan, é mentira o que vostede di do diñeiro do Estado. Cando a cuestión da crise o Goberno de España destinou 1.800.000 euros para o período 2021-2023 dentro dos plans anticrise do Goberno, e curiosamente Galicia foi das comunidades que baixou a súa aportación dentro da Lei de dependencia, cando o Goberno a incrementou. É dicir, a Xunta de Galicia decidiu esconder os cartos das transferencias correntes do Estado a custa dos incrementos do Plan de emerxencia social, que incrementou Pedro Sánchez.

A denuncia, ademais, formulouna a Asociación Española de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Este aumento está en calquera páxina web que vostede poida teclear na rede. Non somos a comunidade mellor valorada; todo o contrario; estamos, con outras moitas, como as peores valoradas. (*Murmurios.*) É verdade, mulleriña. Soamente ten que mirar a rede, non hai máis que iso. En Galicia no ano 2022 aportaba a Xunta 44 millóns, fronte aos 51 do Goberno de España para o SAF; isto veu directamente dos fondos da emerxencia. No ano seguinte a Xunta baixou, deses 44 millóns —perdón— que tiña ao principio, a 42, e o Goberno incrementounos a 65. É dicir, mentres o Goberno de España incrementaba o plan de choque en 14 millóns de euros para dependencia, a Xunta decidía retirar 2 millóns.

Entón, vostedes poden dicir que non chegan as transferencias. Saben perfectamente que o sistema de dependencia ten tres partes, que son: a Xunta, o Estado e os concellos. Saben que, ademais, parte dos dependentes poden tamén financiar ou cofinanciar segundo a súa capacidade económica. Pero vostedes saben que o diñeiro está aí, e, *de facto*, se non estivese aí, non estarían dando as axudas á dependencia. Pero ¿que sucede? Vostedes teñen o sistema ateigado, non son capaces de dar resposta, ou non lles interesa dar esa resposta. E cando o diñeiro chega desde o Goberno central, desvirtúano para outro tipo de cuestións. 1.800 millóns, pero non foron 1.800 millóns só, foron 600 no ano 2021, 600 máis no ano 2022, 600 máis incrementando no ano 2023. E iso está nos orzamentos xerais do Estado, non é nada que esteamos inventando.

Polo cal, volto repetir, ademais *en perfecto castellano*, porque a veces no entienden el gallego. *Tengo una mala noticia que darles: ustedes gobiernan...* (*Murmurios.*), *ustedes gobiernan*, entón, como vostedes gobernan (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —eu xa teño calma—, como vostedes gobernan, fagan o favor de poñer as medidas para desateigar o sistema. Non



se trata doutra cousa. Trátase de que non poden ter as persoas esperando, non poden ter as persoas de grao 1 e grao 2 ata convertelas en grao 3 ou, desgraciadamente, falecer, sen ter a súa prestación, porque non deixa de ser un dereito, recoñecido no ano 2006 por unha lei do Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero.

Así que o único que lle pedimos dende o Grupo Municipal Socialista é que desateiguen esas listas de espera e estipule as medidas que teña que estipular para que tanto as libranzas como o SAF poidan chegar aos domicilios, e noutro momento xa falaremos dos modelos de residencias públicas que, supostamente, teñen prometido para estes próximos catro anos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas a vostede. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta interpelación, conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora Longueira, un pouquiño de respecto, porque todos os deputados que estamos nesta bancada sabemos falar e sabemos comprender o castelán e o galego. (*Aplausos.*) Así que un pouquiño de respecto, que empezamos xa mal, señora Longueira.

Mire, señora deputada, por suposto que coñecemos dende a Consellería de Política Social e Igualdade perfectamente os informes da Valedora do Pobo, por suposto que atendemos sempre ás súas peticións e atendemos sempre ás súas recomendacións, pero supoño que vostede tamén coñece a Lei de dependencia, do ano 2006, por certo, a lei esa do señor Rodríguez Zapatero; vostede coñécea ben; pois a Lei de dependencia é unha lei de obrigado cumprimento. Eu penso que a estas alturas, que xa levo bastantes anos traballando no ámbito da dependencia, non me vai vir vostede aquí dar clases de dependencia, porque a lei coñézoa moi ben. E a lei di que o 50 por cento do financiamento da dependencia teno que financiar o Goberno central e o outro 50 por cento teno que financiar as comunidades autónomas. Nestes momentos o 70 por cento finánciao Galicia e o 30 por cento finánciao o señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, señora Longueira.

Vostede pertence ao partido político dos morosos, vostedes pertencen ao partido político dos morosos, ao partido que goberna a nivel nacional e que nos debe máis de 2.500 millóns de euros. Vostedes pertencen ao partido que ten uns orzamentos prorrogados, e que iso implica que este ano 2024 imos deixar de ingresar 50 millóns de euros, 50 millóns de euros que irían directamente ao peto de todas as persoas maiores e dependentes.

É unha auténtica barbaridade o que vostede acaba de dicir con respecto ao Bono de Coidados no Fogar. ¿Como vai supoñer o Bono de Coidados no Fogar un aforro para as arcas públicas? O Bono Coidado no Fogar implica 100 millóns de euros de investimento por parte do Goberno



galego. A todas as persoas que estaban sendo coidadas nas súas casas cambiámoslles automaticamente a prestación sen ter que facer absolutamente nada e pasaron a percibir todas automaticamente ese bono de 5.000 euros ao ano, 5.000 euros ao ano, catrocentos e pico euros cada mes, que supón 100 millóns de euros de investimento. Iso é o que está facendo o Goberno galego.

Vostede tamén fala do servizo de axuda no fogar. O servizo de axuda no fogar fixeron vostedes que fose unha competencia municipal, fixérono a través da Lei de servizos sociais de Galicia que elaboraron durante o Goberno do Bipartito —xa bastante olvidado, por fortuna— e vostedes fixeron que fose unha competencia municipal. E non o estamos financiando con 11 euros a hora, estámolo financiando con 12 euros a hora. E ¿por que 12 euros a hora? Porque así o pactamos co presidente da Fegamp, que vostede saberá que o presidente da Fegamp é da súa cor política. Pois iso é un acordo entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, incrementar ata os 12 euros a hora. Por certo, un compromiso que adiantamos un ano e que xa estivemos pagando o ano pasado eses 12 euros a hora.

Mire, señora Longueira, pídolle que non volva dicir nunca nesta tribuna que eu minto, porque eu non minto, pero moito menos mentiría aquí como representante de todos os galegos. A que está faltando á verdade é vostede. Vostede acaba de dicir algo moi grave, que é que nós estamos nas peores ratios a nivel nacional. Eu pídolles a todos os que nos estean escoitando que collan o informe que publica mensualmente o Imserso, e poden comprobar como Galicia é das primeiras comunidades autónomas con máis persoas atendidas, con mellores servizos e con mellores prestacións (*Aplausos.*). Iso é o que é Galicia nestes momentos, señora Longueira.

En definitiva, mentres vostedes soben a este escano faltarlles ao respecto e faltar á verdade a todos os galegos, nós imos seguir traballando, con moito orgullo e con moita honra, por todas as persoas maiores e dependentes de Galicia, todas as persoas que traballaron sen descanso toda a vida para construír a Galicia que temos a día de hoxe. E a todos eles nos debemos e, polo tanto, todo este grupo parlamentario vai continuar mellorando os servizos sociais da nosa Comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

(*A señora Longueira Castro pide a palabra.*)

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Si, ¿para que quere a palabra, por favor?

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Unha cuestión de orde.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Que artigo é?

Perdón, déanlle voz ao escano da señora Longueira.





**A señora LONGUEIRA CASTRO:** O artigo 76 do Regulamento. Eu quería pedirlle á conselleira de Política Social que retire, por favor, o de partido de morosos.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Como? Perdón, non, iso forma parte dun debate político, iso non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non, non. Non ten por que retirar iso, forma parte dun debate político, como cando vostedes din que este partido é corrupto, é o mesmo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Perdoe, iso forma parte do debate político. Ademais, non considero que iso atente contra a dignidade, neste caso pois é un debate político. Síntoo.

Ben, continuamos coas interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda**

**O señor PRESIDENTE:** Señora Fernández, cando queira.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Moi boa tarde, conselleira. Hoxe estréase como conselleira, deséxolle que teña acertos, porque ten entre as súas mans un dos temas que máis preocupa e que máis afecta a vida das persoas, que é a cuestión da vivenda.

Hoxe é un día importante porque vén aquí facer a súa carta de presentación e porque o fai, ademais, co problema máis grave que ten entre as mans, que é o aumento brutal de prezos da vivenda e a terrible crise que está a provocar en termos de accesibilidade. É moi ilustrativo que vostede, ante esta situación que se está dando, escollese unha reunión con promotores inmobiliarios como o primeiro acto no cargo, toda unha declaración de intencións sobre a mirada que condiciona as políticas deste executivo.

Pero hoxe tócalle nesta Cámara dirixirse a todos os galegos e galegas sobre as súas preocupacións en materia de vivenda. E se fixeramos unha enquisa a pé de rúa, a pregunta máis reiterada a este novo executivo sería: ¿van baixar os prezos da vivenda? E non é unha pregunta adiviñatoria sobre o futuro do libre mercado, non, é unha pregunta dirixida a quen pode intervir. É dicir, se vostede cre que os prezos do mercado libre deben baixar e se vai facer algo para logralo.

E nesa enquisa a pé de rúa tamén lle falarían de pisos que case duplicaron o seu prezo, de inquilinos que non poden asumir as fortes subidas e que teñen que deixar a vivenda para ver como aos poucos días volve estar ese mesmo piso en páxinas como El Idealista a 300 ou 400 euros máis caro. Por non falar da invisibilización do problema dos lanzamentos por incapacidade de pagos sen alternativa habitacional por parte da Administración.

Señora conselleira, o maior problema que ten enriba da mesa é este: estamos asistindo a unha brutal crise de acceso á vivenda e de forma moi especial na vivenda en alugueiro. Tan só na última década os prezos das rendas de alugueiro medraron en Galiza un 44 por cento, pero é que en cidades como A Coruña incluso alcanza o 63 por cento. Unha suba do 63 por cento dos prezos da vivenda ten que provocar unha resposta seria e eficaz para acabar con este problema.



E, mentres os prezos aumentan, tamén o fai o número de fogares que só poden acceder á vivenda a través do réxime de alugueiro, que son precisamente os que teñen unha peor situación económica. Por iso este aumento desproporcionado dos prezos do alugueiro está agudizando a brecha social.

A crise de prezos da vivenda está transformando a nosa sociedade nunha sociedade máis desigual, onde cada vez máis persoas perden calidade de vida. Unha brecha que tamén é xeracional. Son xa varias xeracións mozas ás que se lles está privando de desenvolver unha vida autónoma e independente. De feito, os últimos datos de taxa de emancipación indican que os datos de emancipación melloran para o conxunto do Estado mentres que en Galiza empeoran. É dicir, que esta crise de prezos esta afondando aínda máis esa crise de emancipación.

Por iso esta crise de acceso á vivenda que padece Galicia interpélanos como sociedade. Non se trata dun problema individual que teña que afrontar cada un dos galegos e galegas, trátase de ofrecerlles aos mozos e mozas a oportunidade de desenvolver a súa vida aquí, de poder formar unha familia, se así o desexan. Trátase de desafogar as economías familiares e de garantir que o acceso á vivenda no noso país sexa un dereito efectivo como é a educación e a sanidade. Abordar ou non a crise de acceso á vivenda vai marcarnos como sociedade a futuro. ¿Ou non ven que o crecente volume de aforros que se está destinando ao pago das rendas faise a custa doutras actividades e servizos, que os mozos que non se poden independizar hoxe nos fará unha sociedade menos próspera a futuro?

Por iso dende o BNG consideramos que esta crise é un tema central sobre o futuro do país. E para cambiar esta tendencia precisamos de políticas públicas de mirada longa, con vocación de transformar as actuais dinámicas do mercado inmobiliario, cun novo ciclo que se organizou logo da crise de 2008 para obter as maiores plusvalías a través da vivenda en réxime de alugueiro. Esta burbulla inmobiliaria non comezou hoxe, leva quince anos cociñándose a lume lento, fronte á pasividade da Xunta de Galiza, que non puxo en marcha nin unha soa medida para garantir un mercado accesible; ao contrario, destruíron as políticas públicas de vivenda.

Nestes quince anos recortaron 1.687 millóns de euros en materia de vivenda. Con iso poderíamos ter investido da orde de once mil vivendas públicas novas, pero agora veñen anunciando a bombo e platillo que van facer catro mil; é dicir, que as súas promesas non dan para tapar nin a metade do que recortaron nestes anos. E xa veremos, ademais, como acaban as súas promesas.

Porque do que temos certeza é do que fixeron estes quince anos: paralizaron a vivenda protexida; houbo anos en que apenas se fixeron en todo o país dúas vivendas protexidas. E igual fixeron coa vivenda de promoción pública. Fracasaron con todos os seus programas de mobilización de vivenda baleira.

O primeiro programa que sacaron conseguíu, ¡home!, o grandioso éxito de trinta vivendas en catro anos, que ata recoñeceu o director do IGVS que fora un fracaso. Non poña esa cara, que o recoñeceron vostedes. No segundo gran plan para a mobilización



da vivenda baleira, unha especie de Idealista para vender aldeas, cóntanse cos dedos das mans as casas que se anunciaron nese portal. Agora sacaron o Programa de vivendas vivas, un servizo de mediación que as propias empresas inmobiliarias están denunciando que non funciona.

Tamén fracasaron co Plan Rexurbe; prometían tres mil vivendas rehabilitadas con este plan e rehabilitaron dezaoto inmobles.

E o único programa de vivenda propio é o Bono de Alugueiro Social para persoas en situación de extrema vulnerabilidade, pero que, como saberá, foi deseñado para que a xente non se poida acoller a ese bono, e segue igual ano tras ano.

A Consellería de Vivenda —sen fondos— quedou reducida a unha especie de oficina de xestión de axudas do Plan estatal de vivenda. ¡Pero é que nin tan sequera iso funciona! O mellor exemplo é a notificación que lle acaba de chegar a miles de mozos e mozas de denegación do bono de Alugueiro mocidade do ano 2022. Acaban de chegarlles as notificacións do ano 2022. Se os mozos teñen que adiantar os cartos sen saber se anos despois van recibir unha axuda, esta deixa de cumprir a súa función. Por non falar da tramitación das subvencións vinculadas aos fondos Next Generation, que aínda están as do ano pasado empantanadas na súa consellería.

Non só é que non teñan políticas propias; é que nin tan sequera executan os fondos e os programas que lles veñen dados. Esta é a tormenta perfecta, unha nova burbulla de vivenda cunha Xunta que non actúa. Vostede é herdeira de todas estas pésimas políticas que nos trouxeron aquí. Pregúntolle se vostede vai ser a conselleira que lle dea continuidade a esas políticas ou se vostede ten algo novo que ofrecerlles aos galegos e galegas.

Dende o BNG queremos ofrecer un pacto de país en materia de vivenda que poña as luces longas sobre que modelo de parque inmobiliario queremos para o futuro, que rol debe xogar a Administración pública na garantía de acceso á vivenda e que medidas hai que pór en marcha para a xestión inmediata desta crise.

Avanzamos que nós entendemos que hai varios eixos esenciais sobre os que hai que traballar: o aumento da porcentaxe de vivenda pública, dando prioridade á fórmula da adquisición e rehabilitación —no caso de precisarse— de vivenda baleira en zonas de demanda de vivenda; a planificación e a ordenación de vivendas de uso turístico; establecer un novo paradigma respecto da vivenda baleira, para evitar que sexa habitual a imaxe de vivendas e edificios baleiros en centros urbanos que teñen unha alta demanda de vivenda; ademais de medidas para atallar esta situación crítica no inmediato.

A Xunta ten que crear xa unha cobertura para as persoas en situación de maior vulnerabilidade e en paralelo, claro está, a Xunta ten que rematar coa súa política de boicot á declaración de mercados tensionados e liderar dunha vez por todas a primeira declaración de mercados tensionados de Galicia, tal e como fixo a Generalitat de Cataluña.



Señorías, en materia de vivenda precisamos de grandes consensos de país, como foi en moitos países europeos no século pasado. Consensos que determinan as oportunidades que un país lle deixa á seguinte xeración. Como ven, son moitas as medidas que poden contribuír a frear esta escalada de prezos, pero antes de nada hai que ter vontade e determinación de querer facelo.

Eu entendo que vostede hoxe aínda está aterrando no seu cargo, pero como nova conselleira debера estar xa en disposición de responder dúas preguntas moi concretas: ¿cre vostede que hai que pór freo á actual escalada de prezos? É unha pregunta moi concreta: cre vostede que os prezos teñen que baixar, ¿si ou non? E segundo: ¿que obxectivos concretos se marca neste sentido? Se vostede cre que hai que establecer un esforzo financeiro máximo que debe supor a vivenda para un galego ou unha galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señor presidente, señores deputados e deputadas, señoría.

Alégrome de que esta miña primeira intervención como conselleira no Parlamento de Galicia sexa, precisamente, para debater sobre cuestións vinculadas coa vivenda, que como saben constitúe un piar fundamental das miñas atribucións. Todos somos moi conscientes de que a vivenda, dispor dun fogar digno en propiedade ou en alugueiro, é un aspecto capital para o desenvolvemento vital de todas as persoas.

Somos conscientes tamén de que existen, e son moitísimas, as casuísticas neste ámbito. Como non pode ser doutro xeito, comprendemos as inxerencias de todas as partes implicadas: inquilinos, pequenos propietarios e promotores. Cada un deles con intereses especiais e particulares, en ocasións contrapostos, pero que a todos hai que prestar atención e buscarlles unha saída. A Xunta leva anos traballando arreo a este respecto e durante esta lexislatura intensificaremos ese impulso.

Un cometido que, como pode imaxinar, señoría, afronto como un reto ilusionante dentro das miñas competencias como conselleira. Comprenderá, polo tanto, que lle lembre que as políticas desenvolvidas por este Goberno, lonxe dese panorama desolador que vostede debuxa, permitiron grandes avances.

Permitiron, por exemplo, que se entregasen 4.684 vivendas de promoción pública, das cales 2.403 foron de nova construción; ou que se cualificasen definitivamente máis de cinco mil setecentas vivendas protexidas, impulsadas por promotores e cooperativas. (*Aplausos.*) Este esforzo pola promoción de vivenda pública ímolo intensificar nesta lexislatura, pois duplicaremos o parque de vivendas protexidas públicas —VPP— e desenvolveremos solo residencial para construír 20.000 vivendas protexidas.



De feito, este mesmo verán comezaremos as obras de construción ou rehabilitación de 395 VPP en Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense, Mondoñedo e Viveiro (*Aplausos.*) A este respecto quero tamén salientar, por estratéxica e ambiciosa, a política que estamos a desenvolver en Vigo, no Plan parcial de Navia, que suporá un investimento público-privado de 250 millóns de euros e permitirá a construción de 1.600 vivendas protexidas. De feito, neste momento, a pesar da tardanza do Concello de Vigo en aprobarnos o proxecto de urbanización, temos xa licitadas no Polígono 1 máis obras por importe de 28,5 millóns de euros.

Tamén lle fago saber, señoría, que acabamos de comezar a modificación do PXOM da Coruña para cambiar o uso na zona de Xuxán, que permitirá construír quiñentas vivendas protexidas máis. Pero é que, ademais de todas estas accións encamiñadas a incrementar a oferta de vivendas no mercado, imos seguir afondando e ampliando o xa amplo paquete de axudas e incentivos que temos para a adquisición e alugueiro de vivendas que, como ben sabe, axudan a paliar os efectos da suba dos prezos. Medidas que vostede pasou por alto na súa intervención, pero que son moi relevantes, como as que temos para a adquisición de vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes para menores de 35 anos; ou a adquisición de vivendas en centros históricos; a adquisición de vivenda protexida; o aval mozo, que axuda os menores de 36 anos que queren comprar a súa primeira vivenda que, tendo cartos suficientes para afrontar a hipoteca, carecen dos aforros suficientes para a entrada, co cal o IGVS abona o vinte por cento do aval, conseguindo así que a hipoteca cubra o cen por cento.

Na primeira edición concedemos 99 avais por importe de 1,8 millóns de euros e xa temos aberta a convocatoria da nova liña para este ano 2024, con 5 millóns de euros. (*Aplausos.*) Tamén temos axudas á accesibilidade, axudas á habitabilidade; —como non, as que vostede menta— axudas á mellora da eficiencia enerxética dos fondos Next Generation, que, señoría, lle recordo que esgotamos o cen por cento dos cartos na anualidade do 2022 e 2023 e neste ano temos consignados 37 millóns de euros; o programa de mobilización de vivendas baleiras, a pesar de que non lles guste, co que a Xunta lles garante aos propietarios a asistencia xurídica gratuíta, seguro por impagamento de rendas e multirrisco no fogar.

Seguimos a manter as axudas directas ao alugueiro, tanto á poboación en xeral como aos mozos e como aos colectivos máis desfavorecidos, neste caso acadando o cen por cento. E anuncio unha nova liña de axudas, que convocaremos nas vindeiras semanas, para a construción de vivenda en alugueiro para promotores, que acada case os quince millóns de euros.

Parece, señoría, que na súa valoración sobre as políticas de vivenda que fai a Xunta de Galicia non tomou en consideración toda esta información que lle estou a dar. Todas estas medidas que temos en marcha e todo o traballo feito deixan moi claro que, en contra do que vostede di, a Xunta de Galicia ten unha política de vivenda, ten unha moi boa política de vivenda. (*Aplausos.*)

É máis, para o retrato que vostede fai do mercado inmobiliario de Galicia emprega datos de xeito tópico e tendencioso, mesmo desliza a posibilidade de que exista unha man negra que quere entregar e disparar as plusvalías do mercado do alugueiro. Señoría, esa afirmación





pon de manifesto claramente o seu cuño político e o escaso coñecemento que ten do sector da vivenda.

Mire, señoría, hai que partir de datos obxectivos. Instituto Galego de Estatística, datos de fianzas depositadas no IGVS polos propietarios: o 97 por cento dos propietarios da vivenda en alugueiro son persoas físicas; quere dicir que só o 3 por cento son persoas xurídicas. E, no que atinxe aos prezos da vivenda, tamén teño que discrepar do seu discurso. Segundo o Observatorio da Vivenda de Galicia, no terceiro trimestre do 2022 o prezo do metro cadrado da vivenda libre foi de 1.268 euros. En 2008 —xa sabe vostede quen gobernaba daquela— era de 1.552 euros por metro cadrado. É dicir, catorce anos despois o prezo é inferior nun vinte por cento. E, no que atinxe ao alugueiro, a taxa de esforzo no terceiro trimestre do 2022 situábase en 26,8 por cento dos ingresos; en consecuencia, por debaixo do 30 por cento que os expertos aconsellan non superar.

Pero, é máis, os datos do sistema estatal de referencia do prezo de alugueiro do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, publicado recentemente, indican que en ningún concello —repito, en ningún concello de Galicia— a taxa de esforzo supera o trinta por cento. Non sei de onde saca os datos o señor Blanco, segundo dixo onte nas declaracións.

E martela e martela vostede co número de vivendas baleiras, cando sabe tan ben coma min que esta é unha estimación feita non a través dun traballo de campo minucioso casa por casa, como se facía antes, senón da estimación dun consumo eléctrico. Sábeo tan ben coma min. Esta non é unha cifra real, xa que non ten en conta tampouco o emprazamento das ditas vivendas; unha porcentaxe moi elevada delas atópase en municipios pequenos nos que nin sequera hai demanda significativa.

Ademais, resulta sorprendente, señoría, a súa preocupación polas vivendas baleiras, cando ningún concello gobernado polo Bloque se adhire ao programa de vivendas baleiras que, como sabe, aínda que non lle guste, promove a saída ao mercado dos inmobles desocupados.

Señoría, fala tamén vostede de mercado tensionado, pero semella non ter presente que aínda ningún concello de Galicia presentou a solicitude como tal de declaración de zona tensionada. E non vou entrar a valorar o que opinamos sobre este asunto, porque creo que é sobradamente coñecido que consideramos que é unha medida que, lonxe de axudar, terá consecuencias moi negativas para o mercado da vivenda.

Quero salientar ademais, señoría, porque non fixo referencia na súa intervención, que a Xunta de Galicia é a única Administración que promove vivenda de protección pública, a pesar de que outras administracións están facultadas e teñen competencias para iso. De feito, o Concello da Coruña vai construír 50 vivendas sociais e o Concello de Vigo 27 grazas ás axudas concedidas pola Xunta a través do IGVS. Se ben teño que aclarar que o Concello da Coruña non vai construír esas 50 vivendas por vontade propia, senón que o fai en cumprimento dunha sentenza xudicial.

En todo caso, señoría, hai que salientar e pór en valor que estas vivendas serán as primeiras que fagan estes concellos e, aínda que poucas, polo menos en ambos os concellos vanse





construír vivendas. Non así nos concellos nos que vostedes gobernan. E poño exemplos: o Concello de Pontevedra dispón dunha parcela cedida de xeito gratuito hai anos na zona de Val de Corvos e, na vez de construír vivenda pública, dedícala a aparcamento; o Concello de Santiago tampouco é exemplo de nada, dispón de cinco parcelas para edificar e prevía sacalas a poxa no canto de facer promoción de vivenda pública. Como ven, señoría, é moito máis doado cuestionar que predicar co exemplo.

En resumo, o Goberno galego é moi consciente da situación na que se atopa o mercado da vivenda en Galicia, fundamentalmente porque coñecemos moi ben o noso territorio e moi ben as súas necesidades. A súa visión, señoría, lamentablemente tamén neste eido está deformada polo empeño en minusvalorar o que estamos a facer dende o Goberno galego.

En calquera caso, e a teor das explicacións que lle veño dar e contestando as preguntas que me formula, é innegable que estamos aplicando medidas tendentes a paliar a suba dos prezos da vivenda e que estamos a incrementar o número de inmobles dispoñibles no mercado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Ben, formuleille unha pregunta moi básica para quen acaba de ocupar un novo cargo, que era se os prezos debían baixar si ou non. Non contestou. Ben, eu creo que o titular da súa intervención é que a nova conselleira de vivenda non ten opinión sobre cal debe ser a evolución dos prezos; dálle igual se soben ou se baixan. (*Aplausos.*)

Ben, a vostede non lle parece que teñamos chegado a unha situación límite, *tout va bien*. O que nos preguntamos é canto máis teñen que subir os prezos da vivenda para que vostedes digan, dunha vez por todas, «si» a aplicar medidas para reverter este incremento de prezos; para que para que vostedes digan «si» a un cambio de modelo. ¿Teñen vostedes un tope? ¿Cando lles vai parecer que xa foi suficiente a subida? Porque cada décima, cada punto porcentual que soben os alugueiros, máis persoas quedan fóra do sistema. E dicimos «fóra do sistema» porque cando non podes acceder neste momento á vivenda no mercado libre non tes alternativa; non hai vivenda pública, non hai axudas de alugueiro, quedas sen alternativa.

E vostedes teñen nas súas mans moitas medidas que poderían ser unha panca para frear os prezos. Por exemplo, a medida da declaración dos mercados tensionados. Pero esa é só unha máis. Vostedes poden, por exemplo, intervir sobre as vivendas de uso turístico. ¿E que fan vostedes? Permitir que todas aquelas vivendas que son ilegais se inscriban no rexistro do REAT.

Vostedes tamén poderían actuar sobre a vivenda baleira, pero cada programa que fan é un auténtico fracaso. Vostede dime que os concellos se adhiran a un programa que en catro anos conseguiu que se adherisen trinta vivendas en todo o país, porque fixeron mal o



programa, que xa recoñeceron que é un auténtico fracaso. Por certo, debe vostede consultar os datos de vivenda baleira, porque hai 90.000 nas sete cidades deste país. Poderían vostedes crear axudas ao alugueiro, pero é que malamente xestionan as axudas estatais. Incluso poderían crear vivenda pública, pero o que fan é propaganda.

Porque, falemos de vivenda pública, xa que vostede vén con promesas. Vostede é nova na Consellería, pero vostede estivo unha década de delegada do IGVS, e hoxe demostrou que é unha fiel seguidora do seu amplo repertorio de estratexias co que vender fume.

Mire, no anterior Plan de vivenda 2015-2020 prometían novecentas vivendas públicas nese período. Chegou o ano 2000 e as vivendas públicas non aparecían; así que o que fixo a Xunta de Galiza foi manipular un informe de execución contabilizando cambios de inquilinos de vivendas públicas que xa estaban construídas como novas adxudicacións. Esa foi a primeira estratexia, que, cando incumpren manipulan, e veñen con mentiras. Descuberta a trampa, cando tocou redactar o novo Plan de vivenda —o de 2020-2025— decidiron que o mellor ía ser non prometer nada porque se tivesen que pór as cifras reais serían demasiado ridículas; así que o que fixeron foi un folletín de vaguidades. Esa é unha segunda estratexia, isto é, ocultar a folla de ruta e non pillar moito os dedos con promesas que non van cumprir. E así pasaron tres anos sen políticas de vivenda pública; ¡pero, claro!, chegou o período electoral, e había que facer campaña, e entón había que prometer en grande o que non fixeron en quince anos.

O ano pasado prometeron 1.800 vivendas públicas para o ano 2026 —que non son tantas, son apenas 600 vivendas por ano—, e xa pasou un ano. ¿Cantas impulsaron? Vostedes apenas licitaron 388; concluída a primeira anualidade, xa podemos adiantar que, ao ritmo que van, non van cumprir para o ano 2026. E fíxese vostede se sabe que non van cumprir que xa puxeron en marcha outra estratexia —un clásico—: meter no caixón unha promesa e sacar outra con prazos máis dilatados. Xa non falan de 1.800 vivendas para o ano 2026; agora van ser 4.000, pero para o 2028 —¡casualidade!—, para o final de lexislatura.

Entenderá que a credibilidade das súas promesas é nula, e é nula porque coñecemos como actúan e porque non dan as contas. O ano pasado orzaron 8 millóns de euros para a construción de vivenda de promoción pública e executaron 2 millóns. (*Aplausos.*) Deixaron sen investir 2 de cada 3 euros dos fondos para a promoción de vivenda pública. (*Aplausos.*) Explíqueme, señora conselleira, ¿como vai vostede conseguir 4.000 vivendas de promoción pública con 2 millóns de euros? Explíquenolo, porque vai ser vostede unha crack.

Tamén fala vostede da promoción de solo residencial, que é máis do mesmo, isto é, 2 de cada 3 euros sen executar; apenas 2 millóns de euros executados. Por tanto, entenda que as súas promesas en materia de vivenda pública son bastante dubidasas.

En canto á declaración de mercados tensionados, nós entendemos que esa declaración ten que ser unha ferramenta máis que pode servir para baixar prezos, pero que ten que estar articulada de forma conxunta con outras medidas, como a limitación dos pisos turísticos ou como a mobilización de vivenda baleira; por iso é, precisamente, que a Xunta ten que planificar unha política global de control de prezos máis alá da declaración de mercados



tensionados. E o que non ten sentido é que o Partido Popular, a Xunta de Galiza, recorra contra o artigo 18 da Lei estatal de vivenda por invasión competencial —contra o artigo que regula a declaración de mercados tensionados—, e, ao mesmo tempo, vostedes estean transferindo esas competencias aos concellos; competencias que son impropias e que non lles corresponden. O que non poden facer vostedes é utilizar o marco competencial como unha escusa para tombar leis que non lles gustan por outros motivos; o que hai que facer co marco competencial é defendelo, exercéndoo en favor do pobo. O que tiñan que facer vostedes é seguir o exemplo do que xa fixo Cataluña e impulsar, dunha vez por todas, a primeira declaración de mercado tensionado do noso país. *(Aplausos.)*

En definitiva, na súa primeira intervención, señora conselleira, deixounos claro que vostede é unha conselleira continuísta da anterior, que non ten nada novo que aportar e que volve demostrar —igual que a anterior— unha tremenda insensibilidade ante o aumento dos prezos; que a súa estratexia vai ser a propaganda política; e que vostede ten unha nula vocación de exercer as competencias que lle son propias.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández.

Peche da interpelación, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora deputada, reitero que a vivenda vai ser un dos aspectos capitais do novo Goberno da Xunta de Galicia. De entrada porque é claro que é un dos piares fundamentais do estado de benestar que nós defendemos e tamén porque así o concretamos no noso programa electoral —co que efectivamente concorremos ás eleccións e que acadou a maioría do respaldo de todos os galegos— e porque así se reflicte no novo organigrama da Xunta de Galicia.

Os obxectivos xerais que nos enmarcamos neste eido están claros xa na Estratexia de vivenda pública e protexida que aprobamos o ano pasado. A seriedade destes compromisos constátase nas contas que a Xunta de Galicia aprobou no ano 2024. O orzamento do IGVS increméntase un 26,4 por cento ata chegar aos 178 millóns de euros, dos cales case o 45 por cento dos seus investimentos se reserva a incentivar medidas de acceso á vivenda, e triplicamos ata en 32 millóns de euros os fondos para construír 737 vivendas públicas nas sete grandes cidades galegas. *(Aplausos.)* Volvo repetirlle, señoría, que non hai dúbida de que nesta consellería temos como obxectivo prioritario na nosa acción de goberno facilitar o acceso aos cidadáns a unha vivenda.

Tamén sabe que o Goberno galego leva anos apostando pola rehabilitación no eido residencial, particularmente na mellora da eficiencia enerxética; por iso tentamos aproveitar o máximo posible os fondos europeos consignados para este fin. Neste sentido, sería conveniente que o Goberno central tivese moi presente á hora de repartir estes orzamentos aquelas comunidades autónomas que, como a nosa, cumpren obxectivos e optimizan o emprego destes fondos, xa que practicamente —como lle dixen— executamos o cento por cento dos cartos consignados na anualidade 2022 e 2023 —si, señoría—.



É obvio que teremos que modular unha resposta axeitada para as dificultades e retos que xa temos encima da mesa e para os que están por vir, pero, en termos xerais, a nosa concepción transita por continuar a ser propositivos e por rexeitar calquera imposición. Se precisamos unha maior oferta de vivendas no mercado, o que temos que facer é ofrecer aos propietarios incentivos e garantías, como estamos a facer dende a Xunta, e non imporlles limitacións e obrigacións que os abocan a retirar eses pisos do mercado, a vendelos ou a destinalos a vivenda turística polas súas políticas. *(Aplausos.)*

Neste senso, entendemos —ao igual que outras cinco comunidades autónomas— que a Lei estatal de vivenda, entre outros prexuízos —como atacar directamente o dereito á propiedade e invadir competencias que nos son propias—, aposta por un modelo intervencionista do mercado do alugueiro que xa se demostrou ineficaz noutros países. Veremos, en todo caso, a resposta que falla o noso Tribunal Constitucional. Insisto, señoría, o perfil dos propietarios da nosa comunidade autónoma non é o dun gran fondo de investimento, senón que é o dunha persoa física residente en Galicia e dunha media de 62 anos de idade. As peculiaridades de Galicia, señoría —tamén no que atinxe ao mercado inmobiliario—, teñen que ser tidas en conta.

E, señoría, aínda que siga sen ver nada positivo no que fixemos ata agora e no que previmos facer no futuro —como promover o desenvolvemento de solo residencial para 20.000 vivendas, duplicar o parque público de vivendas, rehabilitar 300 inmobles abandonados a través do programa Rexurbe, renovar o Pacto social da vivenda, habilitar novas axudas a particulares para a autopromoción de vivenda unifamiliar, crear unha oficina de asesoramento anti-ocupas... Cuestións, todas elas, que teremos oportunidade de degrañar neste Parlamento en futuras ocasións—, hai medidas que pese ás súas críticas e a que vostede non atope nada bo niso, parécenlle ben ao Goberno de España —ese que vostedes apoian con tanta énfase—.

Estou a falar do Aval mozo. O Goberno de España non dubidou en copiar a idea e en anunciar publicamente en varias ocasións a súa posta en marcha. Mágoa que outra vez o Goberno central actúe como fai sempre, isto é, moito dicir e pouco facer, e a estas alturas siga sen estar dispoñible para os interesados a posibilidade de contar con esta axuda.

En definitiva, señoría, a teor do que lle acabo de explicar, é innegable que adoptamos e aplicamos medidas encamiñadas a facilitar o acceso á vivenda; é innegable que apostamos pola promoción pública da vivenda, polo desenvolvemento do solo residencial para a vivenda protexida e que fomentamos a rehabilitación e eficiencia enerxética. Sinto moito, señoría, que nin vostede, nin o seu partido valoren o feito neste eido, nin o que temos previsto facer, e que argumente a súa crítica botando man outra vez de cifras descontextualizadas ou directamente terxiversadas.

No entanto, señoría, como aínda estamos comezando esta lexislatura, confío en poder convencela e que a faga cambiar de opinión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



Antes de rematar o pleno, vou ceder a palabra ao deputado José Manuel Balseiro, que mañá tomará posesión no Senado, por mor das eleccións galegas e dos cambios que se rexistraron a nivel do Goberno.

Entón, señor Balseiro, cando queira.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, amigo presidente.

Señores deputados e señoras deputadas, para min, que levo intervido nesta casa, non sei se miles de veces pero centos de veces si —e posiblemente miles de veces tamén—, comprenderán que non é un momento agradable para intervir, polo cal, imos deixar a ironía e a retranca galega —que saben as señorías que me coñecen que si que teño—, e imos falar co corazón.

Teño que dicir que teño un sabor agridoce: un sabor doce por ir para o Senado, por ir para a Cámara Alta, para a Cámara de representación territorial, pero tamén un sabor agre porque levo moitos anos nesta casa; esta é a miña VI lexislatura no Parlamento de Galicia. Teño grandes recordos do Parlamento de Galicia. Todo canto levo de aquí é positivo; non levo nada negativo desta casa —¡nada!—, nin da oposición, nin do Goberno, nin do meu grupo que sustenta o Goberno. Todo é positivo; e comprenderán que iso conleva grandes recordos.

Cando cheguei aquí, aqueles debates co meu amigo Bieito Lobeira, co meu amigo Lage Tuñas, con Carmen Gallego —e probablemente me quede moita xente—, co meu amigo Ismael Rego —loxicamente— e con todos os presidentes do Parlamento cos que coincidín; coincidín con tres presidentes do Parlamento: coa señora Villarino, coa señora Pilar Rojo —coa que tiven a honra de formar parte da Mesa do Parlamento tamén durante dúas lexislaturas— e co meu amigo Santalices —comprenderán que xa estaba aquí cando eu cheguei—, co meu amigo Santalices. *(Risos.) (Murmurios.)*

Por suposto, con todos os presidentes da Xunta cos que coincidín —coincidín co presidente Fraga; coincidín co presidente Touriño, co presidente Feijóo e co presidente Rueda—. Tamén coincidín con todos os portavoces.

Con relación aos portavoces, comprenderán que os grupos cambiaron de portavoces, ao mellor me pode quedar algún. Non os vou nomear. Vounos personalizar todos no actual portavoz do Grupo Parlamentario Popular, no meu amigo Pazos; no actual portavoz do Grupo do Partido Socialista, no señor Besteiro; e na actual portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, na señora Ana Pontón.

Saiban que eu o que fixen neste Parlamento foi amigos do Grupo Popular e dos outros grupos. Marcho deste Parlamento sen deixar un só inimigo en todos estes anos e —creo—, polo menos, pola miña parte, —poden estar seguros— deixo 75 deputados e deputadas; 75 amigos que son bos e xenerosos.

E dito isto, un nunca sabe se é a despedida definitiva *(Risos.)* porque eu tamén teño que recoñecer que xa estiven neste Parlamento, xa estiven fóra do Parlamento e volví para o





Parlamento; pero calquera dos deputados, se vai por Madrid (*Risos.*) e se estamos por alí, están vostedes invitados a tomar unha cervexa ou a comer.

E agora veñen os agradecementos. Teño que agradecer ao persoal desta Cámara —desde a señoras da limpeza, aos uxieres, aos letrados e a todo o persoal desta Cámara— o bo comportamento que sempre tivo comigo. Segundo o que dixen antes dos grupos políticos, digo o mesmo do persoal desta Cámara. Sempre me sentín querido e respectado por todos; pola oposición tamén, por suposto, pola oposición tamén.

Teño que agradecer tamén ao persoal do Grupo Popular polo moito que me leva aguantado; e eu, algunha vez, tamén os levo aguantado a eles (*Risos.*) —dito sexa de paso—. (*Risos.*) E aquí si que teño que personalizar nunha persoa que, a pesar de ser unha gran persoa e un gran profesional, é —como dixen— unha gran persoa, que é Toño Gallego, o cal estivo comigo moitos anos.

Saiban que levo un grato recordo. Esta é a casa da palabra. Pódese discrepar politicamente e non pasa nada por discrepar politicamente porque é necesario, ademais, discrepar. Unha cousa son os debates políticos e outra cousa son as persoas, e eu sempre admiro as persoas. E no debate tamén non pasa nada porque eu tampouco son dos brandos; (*Risos.*) non pasa nada. Procuo sempre debater e sei que —dicíao no día de onte— os debates só se gañan dunha forma: con argumentos e con datos; coas descualificacións persoais non se gañan os debates, pero iso é a forma de cada un. E, como comprenderán, eu xa teño 62 anos, e non estou para dar consellos.

Señor presidente, moitas grazas. Permítanme os deputados tamén que personalice no presidente. O presidente e mais eu, cando eu cheguei aquí, fomos, non sei se látegos, pero é certo que eramos dous látegos do Goberno bipartito: el na área de sanidade e eu na área de pesca. Aquí coñecín grandes parlamentarios: o señor Méndez Romeu, un gran parlamentario do Partido Socialista; o señor Suárez Canal, un gran parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; o meu amigo José Manuel Barreiro; o meu amigo Manolo Ruiz...; e podería nomear moitos máis. O señor presidente, que tamén foi un gran parlamentario; un látego, (*Risos.*) pero un gran parlamentario, sempre con argumentos e nunca con descualificacións persoais.

Sabede que, todos os que me coñecedes —xa me coñecedes— e os que chegaron novos a calquera dos tres grupos, aquí tedes un amigo. E desexo moita sorte no persoal para todos; no político, como comprenderedes, (*Risos.*) imos desexar máis para o Grupo Popular que para o resto, pero, no persoal, deséxoa para todos.

Nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Respondo eu por todos —se lles parece— por un minuto. (*Murmurios.*)

Vaise un deputado exemplar e traballador... (*A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¿será senador? Non, tranquila. Nun momento destes, de despedida, transiximos todos un pouco; hai que ser flexibles.*)





Digo que se vai un deputado exemplar e traballador. Duro no debate, pero con moita imaxinación e con moita chispa; iso si que o podemos dicir. Nunca, no tempo que eu levo aquí, lle escoitei un insulto dirixido a ninguén, e iso —penso— o dignifica moito.

Para resumir todo, porque xa mencionou el a amizade que nos une e o tempo que traballou comigo... Resúmoo nunha frase: As chaves da miña casa, ¡déixochas!; sen ningún problema, que o saibas.

Nada máis e moita sorte. *(Aplausos.)*


*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Rectifico!, porque pensei que me dicía algo de se nos estabamos alongando. O erro foi meu porque dixen que ía ser un gran deputado en Madrid —¡non!—; ¡vai ser un gran senador!, pero, ¡bueno!, ese é un erro que me corrixiu. Non hai problema ningún.

Remata aquí o pleno.

*Suspéndese a sesión ás seis e dezanove minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

